

4347 REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas. («BOE» 60, do 10-3-2004, e «BOE» 61, do 11-3-2004.)

I

A disposición adicional cuarta da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non-residentes, na redacción dada pola disposición derradeira décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece que o Goberno elaborará e aprobará, no prazo de 15 meses a partir da entrada en vigor desta lei, os textos refundidos do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre a renda de non-residentes e do imposto sobre sociedades.

Esta delegación lexislativa ten o alcance máis limitado dos previstos no punto 5 do artigo 82 da Constitución, xa que se circunscribe á simple formulación dun texto único e non inclúe autorización para regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deberán ser refundidos.

Esta habilitación ten por finalidade dotar de maior claridade o sistema tributario mediante a integración nun único corpo normativo das disposicións que afectan estes tributos, contribuíndo con iso a aumentar a seguridade xurídica da Administración tributaria e, especialmente, dos contribuíntes.

En exercicio desta autorización elabórase este real decreto lexislativo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

II

A Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 10 de decembro de 1998, supuxo unha profunda reforma do imposto para adaptalo ao modelo vixente nos países do noso contorno, constituíndose nun instrumento eficaz para a creación de emprego, o fomento do aforro e, en suma, o crecemento económico.

A Lei 40/1998, do 9 de decembro, desde a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 1999, experimentou importantes modificacións, entre as que cómpre destacar as introducidas polas seguintes normas:

a) A Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, que introduciu diversas modificacións no articulado da Lei 40/1998, do 9 de decembro, entre as que cabe citar determinadas medidas relativas ao tratamento fiscal dos plans de pensións e seguros de vida, a redución a un ano do prazo para integrar as ganancias e perdas patrimoniais na parte especial da renda do período impositivo e a redución dos tipos de gravame especiais en liña coa rebaixa impositiva levada a cabo, no seu día, pola Lei 40/1998, do 9 de decembro.

b) A Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía, que introduciu modificacións que afectan, basicamente, as escalas e os tipos de gravame e a dedución por investimento en vivenda habitual.

c) A mencionada Lei 46/2002, do 18 de decembro, a máis importante das reformas realizadas da Lei 40/1998, do 9 de decembro, que introduciu modi-

ficacións que teñen por obxecto, fundamentalmente, mellorar a tributación dos rendementos do traballo e o tratamento fiscal da familia, así como o fomento do aforro previsión a longo prazo. Así mesmo, en liña co obxectivo de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, creouse unha dedución en cota para as nais con fillos menores de tres anos que traballen fóra do fogar. Finalmente, a sección 2.^a do título VII da Lei 40/1998, do 9 de decembro, sufriu unha profunda transformación como consecuencia da supresión do réxime de transparencia fiscal interna, pasando a regular, no seu lugar, as entidades en réxime de atribución de rendas.

d) Finalmente, a Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, que creou a dedución por conta aforro-empresa, a Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, que introduciu medidas para favorecer as achegas aos patrimonios protexidos regulados na dita lei, e a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que introduciu diversas medidas como, por exemplo, a ampliación das exencións por fillos a cargo e por bolsas de estudos ou de investigación.

No texto aprobado por este real decreto lexislativo, a Lei 40/1998, do 9 de decembro, refúndese con diversas normas, algunhas das cales se integran no seu articulado e outras se introducen como disposicións adicionais e transitorias. Esta distribución efectúase en función da posibilidade ou non de integrar o contido de cada disposición na estrutura da normativa básica do imposto, así como do seu alcance máis ou menos específico e da súa vixencia temporal.

III

Así, no articulado do texto refúndense os artigos da Lei 40/1998, do 9 de decembro, e as seguintes disposicións:

a) Exención das rendas derivadas da aplicación dos instrumentos de cobertura do risco de incremento do tipo de xuro variable dos préstamos hipotecarios regulados no artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro, que se incorpora como alínea t) do artigo 7.

b) Exención das ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto con ocasión do pagamento das débedas tributarias a que se refire o artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, que se engade á alínea c) do punto 4 do seu artigo 31.

c) Tratamento fiscal de determinados dereitos de subscrición preferente regulado na disposición adicional quinta da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, incluído no punto 4 do seu artigo 35.

d) Inclusión na base máxima da dedución por investimento en vivenda habitual, regulada no punto 1 do artigo 69, do custo dos instrumentos de cobertura do risco de tipo de xuro variable dos préstamos hipotecarios, regulado no punto 3 do artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro.

e) Aplicación da dedución por tecnoloxías da información e da comunicación a empresarios, persoas físicas en réxime de estimación obxectiva, regulada pola disposición adicional segunda da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que se prevé no segundo parágrafo do punto 2 do seu artigo 69.

f) Exoneración de retención ou ingreso á conta do rendimento derivado da distribución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capi-

tal, recollida no artigo 23.4 da Lei 6/2000, do 13 de decembro, prevista ao final do punto 3 do seu artigo 101.

g) Así mesmo, engadiuse no dito artigo 101 e no artigo 107 o suposto dos representantes das entidades aseguradoras que operan en España en libre prestación de servizos, de acordo co artigo 86.1 e a disposición adicional décimo sétima da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

h) A obriga de practicar pagamentos á conta no caso de rendas provenientes da participación en institucións de investimento colectivo, regulada nos puntos 2 e 3 do artigo 24 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, así como as normas sobre retención, transmisión e obrigas formais relativas a activos financeiros e outros valores mobiliarios, a que se refire a disposición adicional cuarta da Lei 43/1995, do 27 de decembro, que foron incorporados no punto 1 do artigo 102.

i) Así mesmo, engadiuse no dito artigo 102 o suposto dos representantes designados de acordo co disposto no artigo 55.7 e a disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, que actúen en nome da xestora que opere en réxime de libre prestación de servizos.

IV

Por outra parte, incorpóranse como disposicións adicionais do texto refundido, xunto coas propias da Lei 40/1998, do 9 de decembro, as seguintes normas:

a) Disposición adicional primeira da Lei 46/2002, do 18 de decembro, sobre dereitos de rescate nos contratos de seguro colectivo que instrumentan os compromisos por pensións asumidos polas empresas, que se incorpora como disposición adicional primeira.

b) Disposición derradeira sexta da Lei 43/1995, do 27 de decembro, sobre integración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda das persoas físicas que se inclúe como disposición adicional terceira.

c) Artigo 20.5 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, sobre beneficios fiscais especiais aplicables en actividades agrarias, que se recolle como disposición adicional sexta.

d) Disposición adicional vixésimo sexta da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre tributación de determinadas rendas obtidas por contribuíntes que desenvolvan a actividade de transporte por autotaxi. Este precepto inclúese no texto como disposición adicional sétima.

e) Finalmente, na disposición adicional décimo terceira engadíronse os representantes designados de acordo co disposto no artigo 55.7 e a disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, que actúen en nome da xestora que opere en réxime de libre prestación de servizos.

V

Finalmente, incorpóranse como disposicións transitorias do texto refundido, xunto coas da Lei 40/1998, do 9 de decembro, aínda aplicables, as seguintes disposicións:

a) Disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, sobre prestacións recibidas de expedientes de regulación de emprego, que pasa a ser a disposición transitoria primeira.

b) Disposición transitoria primeira da Lei 6/2000, do 13 de decembro, sobre o réxime aplicable ás perdas

patrimoniais pendentes de compensar, xeradas entre un e dous anos, que se inclúe como disposición transitoria décimo primeira.

c) O réxime transitorio aplicable ás sociedades transparentes regúlase na disposición transitoria décimo cuarta, por remisión ao establecido no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4 /2004, do 5 de marzo.

VI

Convén sinalar que non se integran no texto refundido, por razóns de sistemática e coherencia normativa, aquelas normas de carácter fiscal que, polo seu contido especial desde un punto de vista subxectivo, obxectivo ou temporal, non procede refundir coa normativa de carácter e alcance xerais. Este é o caso daquelas cuxa refundición neste texto orixinaría unha dispersión da normativa nelas contida por afectar diferentes ámbitos e varios impostos, como, por exemplo, a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a disposición adicional décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, relativa aos préstamos de valores ou a disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, e a disposición transitoria segunda da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, referidas a participacións preferentes e instrumentos de débeda.

Igualmente non se integran as disposicións fiscais ditadas con motivo do acaecemento de circunstancias especiais, como, por exemplo, o accidente do buque «Prestige» ou as inundacións producidas por desbordamentos na bacía do río Ebro, nin a normativa reguladora dos acontecementos de especial interese público, tales como, por exemplo, o Ano Santo Xacobeo 2004 ou a Copa América 2007.

VII

Este real decreto legislativo contén un artigo, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

En virtude do seu artigo único apróbase o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Na disposición adicional única dispónse que as referencias que noutras normas se conteñan ás leis 18/1991, do 6 de xuño, e 40/1998, do 9 de decembro, se entenderán realizadas ao articulado do texto refundido que se aproba.

Na disposición transitoria única sinálase que ata o 1 de xullo de 2004, data de entrada en vigor da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, continuarán vixentes determinados preceptos da Lei 40/1998, do 9 de decembro, e que ata a dita data as referencias efectuadas no texto refundido aos preceptos da nova Lei xeral tributaria se entenderán realizadas aos correspondentes da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, nos termos que dispuña a Lei 40/1998, do 9 de decembro.

Na disposición derogatoria recóllense as normas que se refunden neste texto, sen prexuízo daquelas que, sendo tamén obxecto de refundición, son derogadas nos reais decretos legislativos que aproban os textos refundidos das leis dos impostos sobre sociedades e

sobre a renda de non-residentes, por afectaren en maior medida a un destes impostos.

Por último, na disposición derradeira única establécese que a entrada en vigor do real decreto legislativo e do texto refundido que se aproba será o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo algúns casos excepcionais derivados da entrada en vigor da nova Lei xeral tributaria e da Directiva 2003/48/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003.

O texto refundido que se aproba está composto por 110 artigos, agrupados nun título preliminar e 11 títulos, 15 disposicións adicionais, 14 disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras.

Así mesmo, o texto refundido inclúe ao comezo un índice do seu contido, cuxo obxecto é facilitar a utilización da norma polos seus destinatarios mediante unha rápida localización e instalación sistemática dos seus preceptos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Apróbase o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións á Lei 18/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e á Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, entenderanse realizadas aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba por este real decreto legislativo.

Disposición transitoria única. *Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Ata o 1 de xullo de 2004, data de entrada en vigor da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:

a) Conservarán a súa vixencia os artigos 47 sexies.5 e 89 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

b) As referencias efectuadas, no texto refundido que aproba este real decreto legislativo, aos preceptos da Lei 58/2003, do 17 de decembro, entenderanse realizadas aos correspondentes da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, nos termos que dispuña a Lei 40/1998, do 9 de decembro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Salvo o disposto na disposición transitoria única anterior, no momento da entrada en vigor deste real decreto legislativo quedarán derogadas, con motivo da súa incorporación ao texto refundido que se aproba, as seguintes normas:

a) A Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, con excepción das disposicións adicionais terceira, cuarta, décimo terceira, décimo quinta e décimo

oitava e a disposición derradeira cuarta, que conservarán a súa vixencia.

b) O parágrafo segundo do artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

c) A disposición adicional vixésimo sexta da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

d) O punto 5 do artigo 20 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

e) O punto 4 do artigo 23 e a disposición transitoria primeira da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa.

f) As disposicións adicionais segunda e trixésimo quinta da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

g) A disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

h) A disposición adicional primeira da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non-residentes.

i) O punto 3 do artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica.

2. A derogación das disposicións a que se refire o punto 1 non prexudicará os dereitos da Facenda pública respecto ás obrigas devengadas durante a súa vixencia.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción do disposto nos puntos seguintes.

2. Os artigos 59.5, 101.10 e 109 do texto refundido entrarán en vigor o día 1 de xullo de 2004, data de entrada en vigor da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. A alínea e) do artigo 80 e o artigo 101.11 do texto refundido entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2005, data a que se refire a Directiva 2003/48/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003, en materia de fiscalidade dos rendementos do aforro en forma de pagamento de xuros.

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Índice

Título preliminar. Natureza, obxecto e ámbito de aplicación.

Artigo 1. Natureza do imposto.

Artigo 2. Obxecto do imposto.

Artigo 3. Configuración como imposto cedido parcialmente ás comunidades autónomas.

Artigo 4. Ámbito de aplicación.

Artigo 5. Tratados e convenios.

Título I. Suxeición ao imposto: aspectos materiais, persoais e temporais.

Capítulo I. Feito imponible e rendas exentas.

Artigo 6. Feito imponible.

Artigo 7. Rendas exentas.

Capítulo II. Contribuíntes.

Artigo 8. Contribuíntes.

Artigo 9. Residencia habitual en territorio español.

Artigo 10. Atribución de rendas.

Artigo 11. Individualización de rendas.

Capítulo III. Período impositivo, devengo do imposto e imputación temporal.

Artigo 12. Regra xeral.

Artigo 13. Período impositivo inferior ao ano natural.

Artigo 14. Imputación temporal.

Título II. Determinación da capacidade económica sometida a gravame.

Artigo 15. Determinación da base imponible e liquidable.

Capítulo I. Definición e determinación da renda gravable.

Sección 1.^a Rendementos do traballo.

Artigo 16. Rendementos íntegros do traballo.

Artigo 17. Porcentaxes de redución aplicables a determinados rendementos do traballo.

Artigo 18. Rendemento neto do traballo.

Sección 2.^a Rendementos do capital.

Artigo 19. Definición de rendementos do capital.

Subsección 1.^a Rendementos do capital inmobiliario.

Artigo 20. Rendementos íntegros do capital inmobiliario.

Artigo 21. Gastos deducibles e reducións.

Artigo 22. Rendemento en caso de parentesco.

Subsección 2.^a Rendementos do capital mobiliario.

Artigo 23. Rendementos íntegros do capital mobiliario.

Artigo 24. Gastos deducibles e reducións.

Sección 3.^a Rendementos de actividades económicas.

Artigo 25. Rendementos íntegros de actividades económicas.

Artigo 26. Regras xerais de cálculo do rendemento neto.

Artigo 27. Elementos patrimoniais afectos.

Artigo 28. Normas para a determinación do rendemento neto en estimación directa.

Artigo 29. Normas para a determinación do rendemento neto en estimación obxectiva.

Artigo 30. Reducións.

Sección 4.^a Ganancias e perdas patrimoniais.

Artigo 31. Concepto.

Artigo 32. Importe das ganancias ou perdas patrimoniais. Norma xeral.

Artigo 33. Transmisións a título oneroso.

Artigo 34. Transmisións a título lucrativo.

Artigo 35. Normas específicas de valoración.

Artigo 36. Reinvestimento nos supostos de transmisión de vivenda habitual.

Artigo 37. Ganancias patrimoniais non xustificadas.

Capítulo II. Integración e compensación de rendas.

Artigo 38. Integración e compensación de rendas.

Artigo 39. Integración e compensación de rendas na parte xeral da renda do período impositivo.

Artigo 40. Integración e compensación de rendas na parte especial da renda do período impositivo.

Capítulo III. Mínimo persoal e familiar.

Artigo 41. Mínimo persoal e familiar.

Artigo 42. Mínimo persoal.

Artigo 43. Mínimo por descendentes.

Capítulo IV. Regras especiais de valoración.

Artigo 44. Estimación de rendas.

Artigo 45. Operacións vinculadas.

Artigo 46. Rendas en especie.

Artigo 47. Valoración das rendas en especie.

Artigo 48. Plans xerais de entrega de opcións de compra sobre accións ou participacións.

Capítulo V. Métodos de determinación da base imponible.

Artigo 49. Métodos de determinación da base imponible.

Capítulo VI. Base liquidable.

Artigo 50. Base liquidable xeral e especial.

Artigo 51. Redución por rendementos do traballo.

Artigo 52. Redución por prolongación da actividade laboral.

Artigo 53. Redución por mobilidade xeográfica.

Artigo 54. Redución por coidado de fillos.

Artigo 55. Redución por idade.

Artigo 56. Redución por asistencia.

Artigo 57. Normas comúns para a aplicación das reducións por coidado de fillos, idade e asistencia.

Artigo 58. Reducións por discapacidade.

Artigo 59. Reducións por achegas a patrimonios protexidos das persoas discapacitadas.

Artigo 60. Reducións por achegas e contribucións a sistemas de previsión social.

Artigo 61. Reducións por achegas e contribucións a plans de pensións, mutualidades de previsión social e plans de previsión asegurados constituídos a favor de persoas con minusvalidez.

Artigo 62. Reducións por pensións compensatorias.

Título III. Cálculo do imposto.

Capítulo I. Determinación da cota íntegra estatal.

Artigo 63. Cota íntegra estatal.

Artigo 64. Escala xeral do imposto.

Artigo 65. Especialidades aplicables nos supostos de anualidades por alimentos a favor dos fillos.

Artigo 66. Escala aplicable aos residentes no estranxeiro.

Artigo 67. Tipos de gravame especiais.

Capítulo II. Determinación da cota líquida estatal.

Artigo 68. Cota líquida estatal.

Artigo 69. Deducións.

Artigo 70. Límites de determinadas deducións.

Artigo 71. Comprobación da situación patrimonial.

Título IV. Gravame autonómico ou complementario.

Capítulo I. Normas comúns.

Artigo 72. Normas comúns aplicables para a determinación do gravame autonómico ou complementario.

Capítulo II. Residencia habitual no territorio dunha comunidade autónoma.

Artigo 73. Residencia habitual no territorio dunha comunidade autónoma.

Capítulo III. Cálculo do gravame autonómico ou complementario.

Sección 1.^a Determinación da cota íntegra autonómica ou complementaria.

Artigo 74. Cota íntegra autonómica ou complementaria.

Artigo 75. Escala autonómica ou complementaria do imposto.

Artigo 76. Especialidades aplicables nos supostos de anualidades por alimentos a favor dos fillos.

Artigo 77. Tipo de gravame especial.

Sección 2.^a Determinación da cota líquida autonómica ou complementaria.

Artigo 78. Cota líquida autonómica ou complementaria.

Artigo 79. Tramo autonómico ou complementario da dedución por investimento en vivenda habitual.

Título V. Cota diferencial.

Artigo 80. Cota diferencial.

Artigo 81. Dedución por dobre imposición de dividendos.

Artigo 82. Dedución por dobre imposición internacional.

Artigo 83. Dedución por maternidade.

Título VI. Tributación familiar.

Artigo 84. Tributación conxunta.

Artigo 85. Opción pola tributación conxunta.

Artigo 86. Normas aplicables na tributación conxunta.

Título VII. Réximes especiais.

Sección 1.^a Imputación de rendas inmobiliarias.

Artigo 87. Imputación de rendas inmobiliarias.

Sección 2.^a Entidades en réxime de atribución de rendas.

Artigo 88. Entidades en réxime de atribución de rendas.

Artigo 89. Cualificación da renda atribuída.

Artigo 90. Cálculo da renda atribuíble e pagamentos á conta.

Artigo 91. Obrigas de información das entidades en réxime de atribución de rendas.

Sección 3.^a Transparencia fiscal internacional.

Artigo 92. Imputación de rendas no réxime de transparencia fiscal internacional.

Sección 4.^a Dereitos de imaxe.

Artigo 93. Imputación de rendas pola cesión de dereitos de imaxe.

Sección 5.^a Reducións aplicables a determinados contratos de seguro.

Artigo 94. Porcentaxes de redución aplicables a determinados rendementos procedentes de contratos de seguro.

Título VIII. Institucións de investimento colectivo.

Artigo 95. Tributación dos socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo.

Artigo 96. Tributación dos socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo constituídas en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais.

Título IX. Xestión do imposto.

Capítulo I. Declaracións.

Artigo 97. Obriga de declarar.

Artigo 98. Autoliquidación.

Artigo 99. Borrador de declaración.

Artigo 100. Comunicación de datos polo contribuínte e solicitude de devolución.

Capítulo II. Pagamentos á conta.

Artigo 101. Obriga de practicar pagamentos á conta.

Artigo 102. Normas sobre pagamentos á conta, transmisión e obrigas formais relativas a activos financeiros e outros valores mobiliarios.

Artigo 103. Importe dos pagamentos á conta.

Capítulo III. Liquidacións provisionais.

Artigo 104. Liquidación provisional.

Artigo 105. Devolución de oficio a contribuíntes obrigados a declarar.

Capítulo IV. Obrigas formais.

Artigo 106. Obrigas formais dos contribuíntes.

Artigo 107. Obrigas formais do retedor, do obrigado a practicar ingresos á conta e outras obrigas formais.

Título X. Responsabilidade patrimonial e réxime sancionador.

Artigo 108. Responsabilidade patrimonial do contribuínte.

Artigo 109. Infraccións e sancións.

Título XI. Orde xurisdiccional.

Artigo 110. Orde xurisdiccional.

Disposición adicional primeira. Dereito de rescate nos contratos de seguro colectivo que instrumentan os compromisos por pensións asumidos polas empresas, nos termos previstos na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Disposición adicional segunda. Retribucións en especie.

Disposición adicional terceira. Integración dos impostos sobre sociedades e sobre a renda das persoas físicas.

Disposición adicional cuarta. Rendas forestais.

Disposición adicional quinta. Subvencións da política agraria comunitaria e axudas públicas.

Disposición adicional sexta. Beneficios fiscais especiais aplicables en actividades agrarias.

Disposición adicional sétima. Tributación de determinadas rendas obtidas por contribuíntes que desenvolvan a actividade de transporte por autotaxi.

Disposición adicional oitava. Transmisións de valores ou participacións non admitidas a negociación con posterioridade a unha redución de capital.

Disposición adicional novena. Mutualidades de traballadores por conta allea.

Disposición adicional décima. Plans de pensións, mutualidades de previsión social e plans de previsión asegurados constituídos a favor de persoas con minusvalidez.

Disposición adicional décimo primeira. Mutualidade de previsión social de deportistas profesionais.

Disposición adicional décimo segunda. Recurso cameral permanente.

Disposición adicional décimo terceira. Obrigas de información.

Disposición adicional décimo cuarta. Captación de datos.

e Disposición adicional décimo quinta. Rendas pendentes de imputación.

Disposición transitoria primeira. Prestacións recibidas de expedientes de regulación de emprego.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio aplicable ás mutualidades de previsión social.

Disposición transitoria terceira. Contratos de arrendamento anteriores ao 9 de maio de 1985.

Disposición transitoria cuarta. Tributación de determinados valores de débeda pública.

Disposición transitoria quinta. Réxime transitorio dos contratos de seguro de vida xeradores de incrementos ou diminucións de patrimonio con anterioridade á entrada en vigor da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Disposición transitoria sexta. Réxime fiscal de determinados contratos de seguros novos.

Disposición transitoria sétima. Réxime transitorio aplicable ás rendas vitalicias e temporais.

Disposición transitoria oitava. Exención por reinvestimento no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Disposición transitoria novena. Ganancias patrimoniais derivadas de elementos adquiridos con anterioridade ao 31 de decembro de 1994.

Disposición transitoria décima. Partidas pendentes de compensación.

Disposición transitoria décimo primeira. Réxime aplicable ás perdas patrimoniais pendentes de compensar no imposto sobre a renda das persoas físicas, xeradas entre un e dous anos.

Disposición transitoria décimo segunda. Valor fiscal das institucións de investimento colectivo constituídas en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais.

Disposición transitoria décimo terceira. Compensacións por deducións en adquisición e arrendamento de vivenda.

Disposición transitoria décimo cuarta. Sociedades transparentes.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa.

TÍTULO PRELIMINAR

Natureza, obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Natureza do imposto.*

O imposto sobre a renda das persoas físicas é un tributo de carácter persoal e directo que grava, segundo os principios de igualdade, xeneralidade e progresividade, a renda das persoas físicas de acordo coas súas circunstancias persoais e familiares.

Artigo 2. *Obxecto do imposto.*

1. Constitúe o obxecto deste imposto a renda do contribuínte, entendida como a totalidade dos seus rendementos, ganancias e perdas patrimoniais e as imputacións de renda que se establezan pola lei, con independencia do lugar onde se producen e calquera que sexa a residencia do pagador.

2. O imposto gravará a capacidade económica do contribuínte, entendida esta como a súa renda dispoñible, que será o resultado de diminuír a renda na contía do mínimo persoal e familiar.

Artigo 3. *Configuración como imposto cedido parcialmente ás comunidades autónomas.*

1. O imposto sobre a renda das persoas físicas é un imposto cedido parcialmente, nos termos establecidos na Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e nas normas reguladoras da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas.

2. O alcance das competencias normativas das comunidades autónomas no imposto sobre a renda das persoas físicas, será o previsto no artigo 38 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.

3. O cálculo da cota líquida autonómica efectuarase de acordo co establecido nesta lei e, de ser o caso, na normativa ditada pola respectiva comunidade autónoma. No caso de que as comunidades autónomas non asumisen ou exercesen as competencias normativas sobre este imposto, a cota líquida exixirase de acordo coa tarifa complementaria e as deducións establecidas polo Estado.

Artigo 4. *Ámbito de aplicación.*

1. O imposto sobre a renda das persoas físicas aplícase en todo o territorio español.

2. O disposto no punto anterior entenderase sen prexuízo dos réximes tributarios forais de concerto e convenio económico en vigor, respectivamente, nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra.

3. En Canarias, Ceuta e Melilla teranse en conta as especialidades previstas na súa normativa específica e nesta lei.

Artigo 5. *Tratados e convenios.*

O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto nos tratados e convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno, de conformidade co artigo 96 da Constitución española.

TÍTULO I

Suxeición ao imposto: aspectos materiais, persoais e temporais

CAPÍTULO I

Feito imponible e rendas exentas

Artigo 6. *Feito imponible.*

1. Constitúe o feito imponible a obtención de renda polo contribuínte.

2. Compoñen a renda do contribuínte:

- Os rendementos do traballo.
- Os rendementos do capital.
- Os rendementos das actividades económicas.
- As ganancias e perdas patrimoniais.
- As imputacións de renda que se establezan por lei.

3. Presumiranse retribuídas, salvo proba en contrario, as prestacións de bens, dereitos ou servizos susceptibles de xeraren rendementos do traballo ou do capital.

4. Non estará suxeita a este imposto a renda que se encontre suxeita ao imposto sobre sucesións e doazóns.

Artigo 7. Rendas exentas.

Estarán exentas as seguintes rendas:

a) As prestacións públicas extraordinarias por actos de terrorismo e as pensións derivadas de medallas e condecoracións concedidas por actos de terrorismo.

b) As axudas de calquera clase percibidas polos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana, reguladas no Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio.

c) As pensións recoñecidas en favor daquelas persoas que sufriron lesións ou mutilacións con ocasión ou como consecuencia da Guerra Civil, 1936/1939, xa sexa polo réxime de clases pasivas do Estado xa ao abeiro da lexislación especial ditada para o efecto.

d) As indemnizacións como consecuencia de responsabilidade civil por danos persoais, na contía legal ou xudicialmente recoñecida.

Igualmente estarán exentas as indemnizacións por idéntico tipo de danos derivadas de contratos de seguro de accidentes, salvo aqueles cuxas primas puidesen reducir a base impositiva ou ser consideradas gasto deducible por aplicación da regra 1.^a do artigo 28 desta lei, ata a contía que resulte de aplicar, para o dano sufrido, o sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, incorporado como anexo na Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, na súa redacción dada a ela pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

e) As indemnizacións por despedimento ou cesamento do traballador, na contía establecida con carácter obrigatorio no Estatuto dos traballadores, na súa normativa de desenvolvemento ou, de ser o caso, na normativa reguladora da execución de sentenzas, sen que se poida considerar como tal a establecida en virtude de convenio, pacto ou contrato.

Cando se extinga o contrato de traballo con anterioridade ao acto de conciliación, estarán exentas as indemnizacións por despedimento que non excedan da que correspondese no caso de que este fose declarado improcedente, e non se trate de extincións de mutuo acordo no marco de plans ou sistemas colectivos de baixas incentivadas.

f) As prestacións recoñecidas ao contribuínte pola Seguridade Social ou polas entidades que a substitúan como consecuencia de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez.

Así mesmo, as prestacións recoñecidas aos profesionais non integrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos polas mutualidades de previsión social que actúen como alternativas ao réxime especial da Seguridade Social mencionado, sempre que se trate de prestacións en situacións idénticas ás previstas para a incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez da Seguridade Social. A contía exenta terá como límite o importe da prestación máxima que recoñeza a Seguridade Social polo concepto que corresponda. O exceso tributaría como rendemento do traballo, entendéndose producido, en caso de concurrencia de prestacións da Seguridade Social e das mutualidades antes citadas, nas prestacións destas últimas.

g) As pensións por inutilidade ou incapacidade permanente do réxime de clases pasivas, sempre que a lesión ou enfermidade que fose causa daquelas inhabilitase por completo o receptor da pensión para toda profesión ou oficio.

h) As prestacións familiares por fillo a cargo reguladas no capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e as demais prestacións públicas por nacemento, parto múltiple, adopción

e fillos a cargo, así como as pensións e os haberes pasivos de orfandade percibidos dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas e demais prestacións públicas por situación de orfandade.

Tamén estarán exentas as prestacións públicas por maternidade percibidas das comunidades autónomas ou entidades locais.

i) As prestacións económicas percibidas de institucións públicas con motivo do acollemento de menores, persoas con minusvalidez ou maiores de 65 anos e as axudas económicas outorgadas por institucións públicas a persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento ou maiores de 65 anos para financiar a súa estada en residencias ou centros de día, sempre que o resto das súas rendas non excedan o dobre do salario mínimo interprofesional.

j) As bolsas públicas e as bolsas concedidas polas entidades sen fins lucrativos ás que sexa de aplicación o réxime especial regulado no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, percibidas para cursar estudos regrados, tanto en España coma no estranxeiro, en todos os niveis e graos do sistema educativo. Así mesmo, as bolsas públicas e as concedidas polas entidades sen fins lucrativos mencionadas anteriormente para investigación no ámbito descrito polo Real decreto 1326/2003, do 24 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do bolseiro de investigación, así como as outorgadas por aquelas con fins de investigación aos funcionarios e demais persoal ao servizo das administracións públicas e ao persoal docente e investigador das universidades.

k) As anualidades por alimentos percibidas dos pais en virtude de decisión xudicial.

l) Os premios literarios, artísticos ou científicos relevantes, coas condicións que regulamentariamente se determinen, así como os premios "Príncipe de Asturias", nas súas distintas modalidades, outorgados pola Fundación Príncipe de Asturias.

m) As axudas de contido económico aos deportistas de alto nivel axustadas aos programas de preparación establecidos polo Consello Superior de Deportes coas federacións deportivas españolas ou co Comité Olímpico Español, nas condicións que se determinen regulamentariamente.

n) As prestacións por desemprego recoñecidas pola respectiva entidade xestora cando se perciban na modalidade de pagamento único establecida no Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, polo que se regula o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, co límite de 12.020,24 euros, sempre que as cantidades percibidas se destinen ás finalidades e nos casos previstos na citada norma.

O límite establecido no parágrafo anterior non se aplicará no caso de prestacións por desemprego percibidas por traballadores discapacitados que se convertan en traballadores autónomos, nos termos do artigo 31 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A exención prevista no parágrafo primeiro estará condicionada ao mantemento da acción ou participación durante o prazo de cinco anos, no suposto de que o contribuínte se integrase en sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado, ou ao mantemento, durante idéntico prazo, da actividade, no caso do traballador autónomo

ñ) Os premios das lotarías e apostas organizadas pola entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado e polos órganos ou entidades das comunidades autónomas, así como dos sorteos organizados pola Cruz Vermella Española e pola Organización Nacional de Cegos Españóis.

e o) As gratificacións extraordinarias satisfeitas polo Estado español pola participación en misións internacionais de paz ou humanitarias, nos termos que regulamentariamente se establezan.

p) Os rendementos do traballo percibidos por traballos efectivamente realizados no estranxeiro, cos seguintes requisitos:

1.º Que os ditos traballos se realicen para unha empresa ou entidade non residente en España ou un establecemento permanente radicado no estranxeiro.

2.º Que no territorio en que se realicen os traballos se aplique un imposto de natureza idéntica ou análoga á deste imposto e non se trate dun país ou territorio que fose cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

A exención terá un límite máximo de 60.101,21 euros anuais. Regulamentariamente poderá modificarse o dito importe.

Esta exención será incompatible, para os contribuíntes destinados no estranxeiro, co réxime de excesos excluídos de tributación previsto no artigo 8.A.3.b) do regulamento deste imposto, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, calquera que sexa o seu importe. O contribuínte poderá optar pola aplicación do réxime de excesos en substitución desta exención.

q) As indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas por danos persoais como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos, cando veñan establecidas de acordo cos procedementos previstos no Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se regula o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

r) As prestacións percibidas por enterro, co límite do importe total dos gastos incorridos.

s) As axudas económicas reguladas no artigo 2 da Lei 14/2002, do 5 de xuño.

t) As derivadas da aplicación dos instrumentos de cobertura cando cubran exclusivamente o risco de incremento do tipo de xuro variable dos préstamos hipotecarios destinados á adquisición da vivenda habitual, regulados no artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica.

CAPÍTULO II

Contribuíntes

Artigo 8. *Contribuíntes.*

Son contribuíntes por este imposto:

a) As persoas físicas que teñan a súa residencia habitual en territorio español.

b) As persoas físicas que tivesen a súa residencia habitual no estranxeiro por algunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo seguinte.

Artigo 9. *Residencia habitual en territorio español.*

1. Entenderase que o contribuínte ten a súa residencia habitual en territorio español cando se dea calquera das seguintes circunstancias:

a) Que permaneza máis de 183 días, durante o ano natural, en territorio español. Para determinar este período de permanencia en territorio español computanse as ausencias esporádicas, salvo que o contribuínte acredite a súa residencia fiscal noutro país. No suposto de países ou territorios dos cualificados regulamentariamente como paraíso fiscal, a Administración tributaria poderá

exixir que se probe a permanencia neste durante 183 días no ano natural.

Para determinar o período de permanencia ao que se refire o parágrafo anterior, non se computarán as estadias temporais en España que sexan consecuencia das obrigas contraídas en acordos de colaboración cultural ou humanitaria, a título gratuito, coas administracións públicas españolas.

b) Que radique en España o núcleo principal ou a base das súas actividades ou intereses económicos, de forma directa ou indirecta.

Presumirase, salvo proba en contrario, que o contribuínte ten a súa residencia habitual en territorio español cando, de acordo cos criterios anteriores, residan habitualmente en España o cónxuxe non separado legalmente e os fillos menores de idade que dependan daquel.

2.1.º Para os efectos desta lei, consideraranse contribuíntes as persoas de nacionalidade española, o seu cónxuxe non separado legalmente e fillos menores de idade que tivesen a súa residencia habitual no estranxeiro, pola súa condición de:

a) Membros de misións diplomáticas españolas, comprendendo tanto o xefe da misión como os membros do persoal diplomático, administrativo, técnico ou de servizos da misión.

b) Membros das oficinas consulares españolas, comprendendo tanto o xefe destas como o funcionario ou persoal de servizos a elas adscritos, con excepción dos vicecónsules honorarios ou axentes consulares honorarios e do persoal dependente deles.

c) Titulares de cargo ou emprego oficial do Estado español como membros das delegacións e representacións permanentes acreditadas ante organismos internacionais ou que formen parte de delegacións ou misións de observadores no estranxeiro.

d) Funcionarios en activo que exerzan no estranxeiro cargo ou emprego oficial que non teña carácter diplomático ou consular.

2.º Non será de aplicación o disposto no ordinal 1.º anterior:

a) Cando as persoas a que se refire o ordinal 1.º deste punto non sexan funcionarios públicos en activo ou titulares de cargo ou emprego oficial e tivesen a súa residencia habitual no estranxeiro con anterioridade á adquisición de calquera das condicións enumeradas naquel.

b) No caso dos cónxuxes non separados legalmente ou fillos menores de idade, cando tivesen a súa residencia habitual no estranxeiro con anterioridade á adquisición polo cónxuxe, o pai ou a nai, das condicións enumeradas no ordinal 1.º deste punto.

3. Non perderán a condición de contribuíntes por este imposto as persoas físicas de nacionalidade española que acrediten a súa nova residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal. Esta regra aplicarase no período impositivo en que se efectúe o cambio de residencia e durante os catro períodos impositivos seguintes.

4. Cando non proceda a aplicación de normas específicas derivadas dos tratados internacionais en que España sexa parte, non se considerarán contribuíntes, a título de reciprocidade, os nacionais estranxeiros que teñan a súa residencia habitual en España, cando esta circunstancia fose consecuencia dalgún dos supostos establecidos no punto 2 deste artigo.

5. As persoas físicas que adquiren a súa residencia fiscal en España como consecuencia do seu desprazamento a territorio español poderán optar por tributar por este imposto ou polo imposto sobre a renda de non-residentes durante o período impositivo en que se

efectúe o cambio de residencia e durante os cinco períodos impositivos seguintes, cando se cumpran as seguintes condicións:

Que non fosen residentes en España durante os 10 anos anteriores ao seu novo desprazamento a territorio español.

Que o desprazamento a territorio español se produza como consecuencia dun contrato de traballo.

Que os traballos se realicen efectivamente en España.

Que os devanditos traballos se realicen para unha empresa ou entidade residente en España ou para un establecemento permanente situado en España dunha entidade non residente en territorio español.

Que os rendementos do traballo que se deriven da dita relación laboral non estean exentos de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes.

O contribuínte que opte pola tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes quedará suxeito por obriga real no imposto sobre o patrimonio.

O ministro de Facenda establecerá o procedemento para o exercicio da opción mencionada neste punto.

Artigo 10. *Atribución de rendas.*

1. As rendas correspondentes ás sociedades civís, teñan ou non personalidade xurídica, herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, atribuiranse aos socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes, respectivamente, de acordo co establecido na sección 2.^a do título VII desta lei.

2. O réxime de atribución de rendas non será aplicable ás sociedades agrarias de transformación que tributarán polo imposto sobre sociedades.

3. As entidades en réxime de atribución de rendas non estarán suxeitas ao imposto sobre sociedades.

Artigo 11. *Individualización de rendas.*

1. A renda entenderase obtida polos contribuíntes en función da orixe ou fonte daquela, calquera que sexa, de ser o caso, o réxime económico do matrimonio.

2. Os rendementos do traballo atribuiranse exclusivamente a quen xerese o dereito á súa percepción.

Non obstante, as prestacións a que se refire o artigo 16.2 a) desta lei atribuiranse ás persoas físicas en cuxo favor estean recoñecidas.

3. Os rendementos do capital atribuiranse aos contribuíntes que, segundo o previsto no artigo 7 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, sexan titulares dos elementos patrimoniais, bens ou dereitos, de que proveñan os ditos rendementos.

4. Os rendementos das actividades económicas consideraranse obtidos por quen realice de forma habitual, persoal e directa a ordenación por conta propia dos medios de produción e os recursos humanos afectos ás actividades.

Presumirase, salvo proba en contrario, que os ditos requisitos concorren en quen figure como titular das actividades económicas.

5. As ganancias e perdas patrimoniais consideraranse obtidas polos contribuíntes que, segundo o previsto no artigo 7 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, sexan titulares dos bens, dereitos e demais elementos patrimoniais de que proveñan.

As ganancias patrimoniais non xustificadas atribuiranse en función da titularidade dos bens o dereitos en que se manifesten.

As adquisicións de bens e dereitos que non deriven dunha transmisión previa, como as ganancias no xogo, consideraranse ganancias patrimoniais da persoa a quen corresponda o dereito á súa obtención ou que as ganase directamente.

CAPÍTULO III

Período impositivo, devengo do imposto e imputación temporal

Artigo 12. *Regra xeral.*

1. O período impositivo será o ano natural.

2. O imposto devengarase o 31 de decembro de cada ano, sen prexuízo do establecido no artigo seguinte.

Artigo 13. *Período impositivo inferior ao ano natural.*

1. O período impositivo será inferior ao ano natural cando se produza o falecemento do contribuínte nun día distinto ao 31 de decembro.

2. En tal suposto o período impositivo terminará e devengarase o imposto na data do falecemento.

Artigo 14. *Imputación temporal.*

1. Regra xeral.

Os ingresos e gastos que determinan a renda a incluír na base do imposto imputaranse ao período impositivo que corresponda, de acordo cos seguintes criterios:

a) Os rendementos do traballo e do capital imputaranse ao período impositivo en que sexan exhibibles polo seu perceptor.

b) Os rendementos de actividades económicas imputaranse conforme o disposto na normativa reguladora do imposto sobre sociedades, sen prexuízo das especialidades que regulamentariamente se poidan establecer.

c) As ganancias e perdas patrimoniais imputaranse ao período impositivo en que teña lugar a alteración patrimonial.

2. Regras especiais.

a) Cando non se satisfíxese a totalidade ou parte dunha renda, por encontrarse pendente de resolución xudicial a determinación do dereito á súa percepción ou a súa contía, os importes non satisfeitos imputaranse ao período impositivo en que aquela adquira firmeza.

b) Cando, por circunstancias xustificadas non imputables ao contribuínte, os rendementos derivados do traballo se perciban en períodos impositivos distintos a aqueles en que foron exhibibles, imputaranse a estes, practicándose, de ser o caso, declaración-liquidación complementaria, sen sanción nin xuros de demora nin ningunha recarga. Cando concorran as circunstancias previstas na alínea a) anterior, os rendementos consideraranse exhibibles no período impositivo en que a resolución xudicial adquira firmeza.

A declaración presentarase no prazo que media entre a data en que se perciban e o final do inmediato seguinte prazo de declaracións polo imposto.

c) A prestación por desemprego percibida na súa modalidade de pagamento único de acordo co establecido na normativa laboral poderase imputar en cada un dos períodos impositivos en que, de non ter mediado o pagamento único, se tivese dereito á prestación. A devandita imputación efectuarase en proporción ao tempo que en cada período impositivo se tivese dereito á prestación de non ter mediado o pagamento único.

e d) No caso de operacións a prazos ou con prezo aprazado, o contribuínte poderá optar por imputar proporcionalmente as rendas obtidas en tales operacións, a medida que se fagan exixibles os cobramentos correspondentes. Consideraranse operacións a prazos ou con prezo aprazado aquelas cuxo prezo se perciba, total ou parcialmente, mediante pagamentos sucesivos, sempre que o período transcorrido entre a entrega ou a posta á disposición e o vencemento do último prazo sexa superior ao ano.

Cando o pagamento dunha operación a prazos ou con prezo aprazado se instrumentase, en todo ou en parte, mediante a emisión de efectos cambiarios e estes fosen transmitidos en firme antes do seu vencemento, a renda imputarase ao período impositivo da súa transmisión.

En ningún caso terán este tratamento, para o transmitente, as operacións derivadas de contratos de rendas vitalicias ou temporais. Cando se transmitan bens e dereitos a cambio dunha renda vitalicia ou temporal, a ganancia ou perda patrimonial para o rendista imputarase ao período impositivo en que se constituía a renda.

e) As diferenzas positivas ou negativas que se produzan nas contas representativas de saldos en divisas ou en moeda estranxeira, como consecuencia da modificación experimentada nas súas cotizacións, imputaranse no momento do cobramento ou do pagamento respectivo.

f) As rendas estimadas a que se refire o artigo 6.3 desta lei imputaranse ao período impositivo en que se entendan producidas.

g) As axudas públicas percibidas como compensación polos defectos estruturais de construción da vivenda habitual e destinadas á súa reparación poderanse imputar por cuartas partes, no período impositivo en que se obteñan e nos tres seguintes.

h) Imputarase como rendemento de capital mobiliario de cada período impositivo a diferenza entre o valor liquidativo dos activos afectos á póliza ao final e ao comezo do período impositivo naqueles contratos de seguros de vida nos cales o tomador asuma o risco do investimento. O importe imputado minorará o rendemento derivado da percepción de cantidades nestes contratos.

Non resultará de aplicación esta regra especial de imputación temporal naqueles contratos nos cales conorra algunha das seguintes circunstancias:

A) Que non se lle outorgue ao tomador a facultade de modificar os investimentos afectos á póliza.

B) Que as provisións matemáticas se encontren investidas en:

a) Accións ou participacións de institucións de investimento colectivo, predeterminadas nos contratos, sempre que se trate de institucións de investimento colectivo adaptadas á Lei de institucións de investimento colectivo, ou amparadas pola Directiva 85/611/CEE do Consello, do 20 de decembro de 1985.

b) Conxuntos de activos reflectidos de forma separada no balance da entidade aseguradora, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

A determinación dos activos integrantes de cada un dos distintos conxuntos de activos separados deberalle corresponder, en todo momento, á entidade aseguradora quen, para estes efectos, gozará de plena liberdade para elixir os activos con suxeición, unicamente, a criterios xerais predeterminados relativos ao perfil de risco do conxunto de activos ou a outras circunstancias obxectivas.

O investimento das provisións deberase efectuar nos activos aptos para o investimento das provisións técnicas, recollidos no artigo 50 do Regulamento de orde-

nación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, con excepción dos bens inmobles e dereitos reais inmobiliarios.

Os investimentos de cada conxunto de activos deberán cumprir os límites de diversificación e dispersión establecidos, con carácter xeral, para os contratos de seguro pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e demais normas que se diten en desenvolvemento daquela.

Non obstante, entenderase que cumpren tales requisitos aqueles conxuntos de activos que traten de desenvolver unha política de investimento caracterizada por reproducir un determinado índice bolsista ou de renda fixa representativo dalgúns dos mercados secundarios oficiais de valores da Unión Europea.

O tomador unicamente terá a facultade de elixir, entre os distintos conxuntos separados de activos, en cales debe investir a entidade aseguradora a provisión matemática do seguro, pero en ningún caso poderá intervir na determinación dos activos concretos en que, dentro de cada conxunto separado, se invisten tales provisións.

Nestes contratos, o tomador ou o asegurado poderán elixir, de acordo coas especificacións da póliza, entre as distintas institucións de investimento colectivo ou conxuntos separados de activos, expresamente designados nos contratos, sen que se poidan producir especificacións singulares para cada tomador ou asegurado.

As condicións a que se refire esta alínea h) deberanse cumprir durante toda a vixencia do contrato.

i) As axudas incluídas no ámbito dos plans estatais para o acceso por primeira vez á vivenda en propiedade, percibidas polos contribuíntes mediante pagamento único en concepto de Axuda Estatal Directa á Entrada (AE-DE) poderanse imputar por cuartas partes no período impositivo en que se obteñan e nos tres seguintes.

j) As axudas públicas outorgadas polas administracións competentes aos titulares de bens integrantes do patrimonio histórico español inscritos no Rexistro xeral de bens de interese cultural a que se refire a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e destinadas exclusivamente á súa conservación ou rehabilitación, poderanse imputar por cuartas partes no período impositivo en que se obteñan e nos tres seguintes, sempre que se cumpran as exixencias establecidas na dita lei, en particular respecto dos deberes de visita e exposición pública dos ditos bens.

3. No suposto de que o contribuínte perda a súa condición por cambio de residencia, todas as rendas pendentes de imputación se deberán integrar na base imponible correspondente ao último período impositivo que se deba declarar por este imposto, nas condicións que se fixen regulamentariamente, practicándose, de ser o caso, declaración-liquidación complementaria, sen sanción nin xuros de demora nin recarga ningunha.

4. No caso de falecemento do contribuínte, todas as rendas pendentes de imputación se deberán integrar na base imponible do último período impositivo que se deba declarar.

TÍTULO II

Determinación da capacidade económica sometida a gravame

Artigo 15. *Determinación da base imponible e liquidable.*

1. A base imponible do imposto estará constituída polo importe da renda dispoñible do contribuínte, expresión da súa capacidade económica.

2. A base imponible determinarase aplicando os métodos previstos no artigo 49 desta lei.

3. Para a cuantificación da base imponible procederáse, nos termos previstos nesta lei, pola seguinte orde:

1.º Determinarase a renda do período impositivo de acordo coas seguintes regras:

a) As rendas cualificaranse e cuantificaranse conforme a súa orixe. Os rendementos netos obteranse por diferenza entre os ingresos computables e os gastos deducibles.

As ganancias e perdas patrimoniais determinaranse, con carácter xeral, por diferenza entre os valores de transmisión e de adquisición.

b) Aplicaranse as reducións sobre o rendimento íntegro ou neto que, de ser o caso, correspondan para cada unha das fontes de renda.

c) Procederáse á integración e compensación das diferentes rendas segundo a súa orixe.

2.º Minorarase a renda do período impositivo no mínimo persoal e familiar establecido nesta lei, en función das circunstancias persoais e familiares do contribuínte.

3.º O resultado destas operacións dará lugar á parte xeral e especial da base imponible.

4. A base liquidable será o resultado de practicar na base imponible, nos termos previstos nesta lei, as reducións por rendementos do traballo, prolongación da actividade laboral, mobilidade xeográfica, coidado de fillos, idade, asistencia, discapacidade, achegas a patrimonios protexidos das persoas discapacitadas, achegas e contribucións aos sistemas de previsión social e pensións compensatorias, o cal dará lugar ás bases liquidables xeral e especial.

CAPÍTULO I

Definición e determinación da renda gravable

SECCIÓN 1.ª RENDEMENTOS DO TRABALLO

Artigo 16. *Rendementos íntegros do traballo.*

1. Consideraranse rendementos íntegros do traballo todas as contraprestacións ou utilidades, calquera que sexa a súa denominación ou natureza, en diñeiro ou en especie, que deriven, directa ou indirectamente, do traballo persoal ou da relación laboral ou estatutaria e non teñan o carácter de rendementos de actividades económicas.

Incluiranse, en particular:

a) Os soldos e salarios.
b) As prestacións por desemprego.
c) As remuneracións en concepto de gastos de representación.

d) As axudas de custo e asignacións para gastos de viaxe, excepto os de locomoción e os normais de manutención e estadía en establecementos de hostalaría cos límites que regulamentariamente se establezan.

e) As contribucións ou achegas satisfeitas polos promotores de plans de pensións, así como as cantidades satisfeitas por empresarios para lles facer fronte aos compromisos por pensións nos termos previstos pola disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento, cando aquelas sexan imputadas a aquelas persoas ás que se vinculen as prestacións. Esta imputación fiscal terá carácter obrigatorio nos contratos de seguro de vida que, a

través da concesión do dereito de rescate ou mediante calquera outra fórmula, permitan a súa disposición anticipada en supostos distintos dos previstos na normativa de plans de pensións, por parte das persoas ás que se vinculen as prestacións. Non se considerará, para estes efectos, que permiten a disposición anticipada os seguros que incorporen dereito de rescate para os supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración, nos termos que se establezan regulamentariamente.

2. En todo caso, terán a consideración de rendementos do traballo:

a) As seguintes prestacións:

1.ª As pensións e haberes pasivos percibidos dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas e demais prestacións públicas por situacións de incapacidade, xubilación, accidente, enfermidade, viuvez, orfandade ou similares.

2.ª As prestacións percibidas polos beneficiarios de mutualidades xerais obrigatorias de funcionarios, colexios de orfos e outras entidades similares.

3.ª As prestacións percibidas polos beneficiarios de plans de pensións.

4.ª As prestacións percibidas polos beneficiarios de contratos de seguros concertados con mutualidades de previsión social, cuxas achegas puidesen ser, polo menos en parte, gasto deducible para a determinación do rendimento neto de actividades económicas, ou obxecto de redución na base imponible do imposto.

No suposto de prestacións por xubilación e invalidez derivadas dos devanditos contratos, integraranse na base imponible no importe da contía percibida que exceda das achegas que non puidesen ser obxecto de redución ou minoración na base imponible do imposto, por incumprir os requisitos subxectivos previstos na alínea a) do punto 2 do artigo 60 desta lei.

5.ª As prestacións por xubilación e invalidez percibidas polos beneficiarios de contratos de seguro colectivo que instrumenten os compromisos por pensións asumidos polas empresas, nos termos previstos na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, e na súa normativa de desenvolvemento, na medida en que a súa contía exceda das contribucións imputadas fiscalmente e das achegas directamente realizadas polo traballador.

6.ª As prestacións percibidas polos beneficiarios dos plans de previsión asegurados.

b) As cantidades que se lles aboan, por razón do seu cargo, aos deputados españois no Parlamento Europeo, aos deputados e senadores das Cortes Xerais, aos membros das asembleas lexislativas autonómicas, concelleiros e membros das deputacións provinciais, cabidos insulares ou outras entidades locais, con exclusión, en todo caso, da parte daquelas que as ditas institucións asignen para gastos de viaxe e desprazamento.

c) Os rendementos derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares.

d) Os rendementos derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación.

e) As retribucións dos administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces e demais membros doutros órganos representativos.

f) As pensións compensatorias recibidas do cónxuxe e as anualidades por alimentos, sen prexuízo do disposto no artigo 7 desta lei.

g) Os dereitos especiais de contido económico que reserven para si os fundadores ou promotores dunha sociedade como remuneración de servizos persoais.

e h) As bolsas, sen prexuízo do disposto no artigo 7 desta lei.

i) As retribucións percibidas por quen colabore en actividades humanitarias ou de asistencia social promovidas por entidades sen ánimo de lucro.

j) As retribucións derivadas de relacións laborais de carácter especial.

3. Non obstante, cando os rendementos a que se refiren as alíneas c) e d) do punto anterior e os derivados da relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos e da relación laboral especial das persoas que interveñan en operacións mercantís por conta dun ou máis empresarios sen asumir o risco e ventura daquelas supoñan a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens o servizos, cualificaranse como rendementos de actividades económicas.

4. As achegas realizadas ao patrimonio protexido das persoas con discapacidade, regulado na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, terán o seguinte tratamento fiscal para o contribuínte discapacitado:

a) Cando os achegadores sexan contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, terán a consideración de rendementos do traballo ata o importe de 8.000 euros anuais por cada achegador e 24.250 euros anuais en conxunto.

Así mesmo, e con independencia dos límites indicados no parágrafo anterior, cando os achegadores sexan suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, terán a consideración de rendementos do traballo sempre que fosen gasto deducible no imposto sobre sociedades co límite de 8.000 euros anuais.

Estes rendementos integraranse na base imponible do contribuínte discapacitado titular do patrimonio protexido polo importe en que a suma de tales rendementos e as prestacións recibidas en forma de renda a que se refire o punto 3 do artigo 17 desta lei exceda de dúas veces o salario mínimo interprofesional.

Cando as achegas as realicen suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades a favor dos patrimonios protexidos dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos empregados do achegador, unicamente terán a consideración de rendimento do traballo para o titular do patrimonio protexido.

Os rendementos a que se refire esta alínea a) non estarán suxeitos a retención ou ingreso á conta.

b) No caso de achegas que non son en diñeiro, o contribuínte discapacitado titular do patrimonio protexido subrogarase na posición do achegador respecto da data e do valor de adquisición dos bens e dereitos achegados, pero sen que, para efectos de posteriores transmisións, lle resulte de aplicación o previsto na disposición transitoria novena desta lei.

A parte da achega que non é en diñeiro suxeita ao imposto sobre sucesións e doazóns aplicaráselle, para efectos de calcular o valor e a data de adquisición, o establecido no artigo 34 desta lei.

c) Non estará suxeita ao imposto sobre sucesións e doazóns a parte das achegas que teña para o perceptor a consideración de rendementos do traballo.

Artigo 17. *Porcentaxes de redución aplicables a determinados rendementos do traballo.*

1. Os rendementos íntegros computaranse aplicando, de ser o caso, as porcentaxes de redución a que se refiren o punto seguinte ou o artigo 94 desta lei.

2. Como regra xeral, os rendementos íntegros computaranse na súa totalidade, excepto que lles sexa de aplicación algunha das reducións seguintes:

a) O 40 por cento de redución, no caso de rendementos que teñan un período de xeración superior a dous anos e que non se obteñan de forma periódica ou recorrente, así como aqueles que se cualifiquen regulamentariamente como obtidos de forma notoriamente irregular no tempo.

O cómputo do período de xeración, no caso de que estes rendementos se cobren de forma fraccionada, deberá ter en conta o número de anos de fraccionamento, nos termos que regulamentariamente se establezan.

No caso de que os rendementos deriven do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores, a contía do rendimento sobre a que se aplicará a redución do 40 por cento non poderá superar o importe que resulte de multiplicar o salario medio anual do conxunto dos declarantes no imposto sobre a renda das persoas físicas polo número de anos de xeración do rendimento. Para estes efectos, cando se trate de rendementos obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, tomaranse cinco anos.

Reglamentariamente fixarase a contía do salario medio anual, tendo en conta as estatísticas do imposto sobre o conxunto dos contribuíntes nos tres anos anteriores.

b) O 40 por cento de redución no caso das prestacións establecidas no artigo 16.2.a) desta lei, excluídas as previstas no punto 5.º, que se perciban en forma de capital, sempre que transcorresen máis de dous anos desde a primeira achega. O prazo de dous anos non resultará exigible no caso de prestacións por invalidez.

c) As reducións previstas nesta alínea non se aplicarán ás prestacións a que se refire o artigo 16.2.a) desta lei cando se perciban en forma de renda, nin ás contribucións empresariais imputadas que reduzan a base imponible, de acordo co artigo 60 desta lei.

3. Os rendementos do traballo derivados das prestacións obtidas en forma de renda polas persoas con minusvalidez correspondentes ás achegas a que se refire o artigo 61 desta lei terán dereito a unha redución neste imposto de ata un importe máximo de dúas veces o salario mínimo interprofesional.

Tratándose de prestacións recibidas en forma de capital polas persoas con minusvalidez correspondentes ás achegas a que se refire o artigo 61 desta lei, a redución prevista na alínea b) do punto anterior será do 50 por cento, sempre que transcorresen máis de dous anos desde a primeira achega.

Artigo 18. *Rendemento neto do traballo.*

1. O rendemento neto do traballo será o resultado de diminuír o rendimento íntegro no importe dos gastos deducibles.

2. Terán a consideración de gastos deducibles exclusivamente os seguintes:

a) As cotizacións á Seguridade Social ou a mutualidades xerais obrigatorias de funcionarios.

b) As detraccións por dereitos pasivos.

c) As cotizacións aos colexios de orfos ou entidades similares.

d) As cotas satisfeitas a sindicatos e colexios profesionais, cando a colexiación teña carácter obrigatorio, na parte que corresponda aos fins esenciais destas institucións, e co límite que regulamentariamente se estableza.

e) Os gastos de defensa xurídica derivados directamente de litixios suscitados na relación do contribuínte

coa persoa da que percibe os rendementos, co límite de 300 euros anuais.

SECCIÓN 2.^a RENDEMENTOS DO CAPITAL

Artigo 19. *Definición de rendementos do capital.*

1. Terán a consideración de rendementos íntegros do capital a totalidade das utilidades ou contraprestacións, calquera que sexa a súa denominación ou natureza, en diñeiro ou en especie, que proveñan, directa ou indirectamente, de elementos patrimoniais, bens ou dereitos, cuxa titularidade lle corresponda ao contribuínte e non se encontren afectos a actividades económicas realizadas por este.

Non obstante, as rendas derivadas da transmisión da titularidade dos elementos patrimoniais, mesmo cando exista un pacto de reserva de dominio, tributarán como ganancias ou perdas patrimoniais, salvo que por esta lei se cualifiquen como rendementos do capital.

2. En todo caso, incluíranse como rendementos do capital:

a) Os provenientes dos bens inmobles, tanto rústicos como urbanos, que non se encontren afectos a actividades económicas realizadas polo contribuínte.

b) Os que proveñan do capital mobiliario e, en xeral, dos restantes bens ou dereitos de que sexa titular o contribuínte, que non se encontren afectos a actividades económicas realizadas por este.

Subsección 1.^a Rendementos do capital inmobiliario

Artigo 20. *Rendementos íntegros do capital inmobiliario.*

1. Terán a consideración de rendementos íntegros procedentes da titularidade de bens inmobles rústicos e urbanos ou de dereitos reais que recaian sobre eles, todos os que deriven do arrendamento ou da constitución ou cesión de dereitos ou facultades de uso ou desfrute sobre aqueles, calquera que sexa a súa denominación ou natureza.

2. Computarase como rendimento íntegro o importe que por todos os conceptos se reciba do adquirente, cesionario, arrendatario ou subarrendatario, incluído, de ser o caso, o correspondente a todos aqueles bens cedidos co inmovible e excluído o imposto sobre o valor engadido ou, se é o caso, o imposto xeral indirecto canario.

Artigo 21. *Gastos deducibles e reducións.*

1. Para a determinación do rendimento neto, dedúcanse dos rendementos íntegros os gastos seguintes:

a) Todos os gastos necesarios para a obtención dos rendementos. Consideraranse gastos necesarios para a obtención dos rendementos, entre outros, os seguintes:

Os xuros dos capitais alleos investidos na adquisición ou mellora do ben, dereito ou facultade de uso e desfrute de que procedan os rendementos, e demais gastos de financiamento.

Os tributos e recargas non estatais, así como as taxas e recargas estatais, calquera que sexa a súa denominación, sempre que incidan sobre os rendementos computados ou sobre o ben ou dereito produtor daqueles e non teñan carácter sancionador.

Os saldos de dubidoso cobramento nas condicións que se establezan regulamentariamente.

As cantidades devengadas por terceiros como consecuencia de servizos persoais e os gastos de reparación e conservación.

b) As cantidades destinadas á amortización do inmovible e dos demais bens cedidos con este, sempre

que respondan á súa depreciación efectiva, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Tratándose de inmobles, enténdese que a amortización cumpre o requisito de efectividade se non excede do resultado de aplicar o tres por cento sobre o maior dos seguintes valores: o custo de adquisición satisfeito ou o valor catastral, sen incluír o valor do solo.

No suposto de rendementos derivados da titularidade dun dereito ou facultade de uso ou desfrute, será igualmente deducible en concepto de depreciación, co límite dos rendementos íntegros, a parte proporcional do valor de adquisición satisfeito, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Non obstante, o importe máximo deducible pola totalidade dos gastos non poderá exceder da contía dos rendementos íntegros.

2. Nos supostos de arrendamento de bens inmobles destinados a vivenda, o rendimento neto calculado conforme o disposto no punto anterior reducirase nun 50 por cento.

3. Os rendementos netos cun período de xeración superior a dous anos, así como os que se cualifiquen regulamentariamente como obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, reduciranse nun 40 por cento.

O cómputo do período de xeración, no caso de que estes rendementos se cobren de forma fraccionada, deberá ter en conta o número de anos de fraccionamento, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Artigo 22. *Rendemento en caso de parentesco.*

Cando o adquirente, cesionario, arrendatario ou subarrendatario do ben inmovible ou do dereito real que recaia sobre el sexa o cónxuxe ou un parente, incluídos os afíns, ata o terceiro grao inclusive, do contribuínte, o rendimento neto total non poderá ser inferior ao que resulte das regras do artigo 87 desta lei.

Subsección 2.^a Rendementos do capital mobiliario

Artigo 23. *Rendementos íntegros do capital mobiliario.*

Terán a consideración de rendementos íntegros do capital mobiliario os seguintes:

1. Rendementos obtidos pola participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade.

a) Quedan incluídos dentro desta categoría os seguintes rendementos, en diñeiro ou en especie:

1.º Os dividendos, primas de asistencia a xuntas e participacións nos beneficios de calquera tipo de entidade.

2.º Os rendementos procedentes de calquera clase de activos, excepto a entrega de accións liberadas que, estatutariamente ou por decisión dos órganos sociais, faculden para participar nos beneficios, vendas, operacións, ingresos ou conceptos análogos dunha entidade por causa distinta da remuneración do traballo persoal.

3.º Os rendementos que deriven da constitución ou cesión de dereitos ou facultades de uso ou desfrute, calquera que sexa a súa denominación ou natureza, sobre os valores ou participacións que representen a participación nos fondos propios da entidade.

4.º Calquera outra utilidade, distinta das anteriores, procedente dunha entidade pola condición de socio, accionista, asociado ou partícipe.

5.º A distribución da prima de emisión de accións ou participacións. O importe obtido minorará, ata a súa anulación, o valor de adquisición das accións ou par-

e participacións afectadas e o exceso que puidese resultar tributará como rendemento do capital mobiliario.

b) Os rendementos íntegros a que se refire a alínea a) anterior, en canto procedan de entidades residentes en territorio español, multiplicaranse polas seguintes porcentaxes:

- 1.º 140 por cento con carácter xeral.
- 2.º 125 por cento, cando procedan das entidades a que se refire o artigo 28.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.
- 3.º 100 por cento, cando procedan das entidades a que se refire o artigo 28.5 e 6 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, das entidades acollidas ao réxime especial regulado no capítulo III do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, das cooperativas protexidas e especialmente protexidas reguladas pola Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, da distribución da prima de emisión e das operacións descritas na alínea a).3.º e 4.º

Así mesmo, aplicarase a porcentaxe do 100 por cento aos rendementos que correspondan a beneficios que tributasen aos tipos previstos no punto 8 do artigo 28 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades. Para estes efectos, considerarase que os rendementos percibidos proceden en primeiro lugar dos ditos beneficios.

Tamén se aplicará a porcentaxe do 100 por cento aos rendementos que correspondan a valores ou participacións adquiridas dentro dos dous meses anteriores na data en que aqueles se satisfixesen cando, con posterioridade a esta data, dentro do mesmo prazo, se produza unha transmisión de valores homoxéneos. No caso de valores ou participacións non admitidos a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores definidos na Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, o prazo será dun ano.

2. Rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios.

Teñen esta consideración as contraprestacións de todo tipo, calquera que sexa a súa denominación ou natureza, en diñeiro ou en especie, como os xuros e calquera outra forma de retribución pactada como remuneración por tal cesión, así como as derivadas da transmisión, reembolso, amortización, troco ou conversión de calquera clase de activos representativos da captación e utilización de capitais alleos.

a) En particular, terán esta consideración:

1.º Os rendementos procedentes de calquera instrumento de xiro, incluso os orixinados por operacións comerciais, a partir do momento en que se endose ou transmita, salvo que o endoso ou cesión se faga como pagamento dun crédito de provedores ou subministradores.

2.º A contraprestación, calquera que sexa a súa denominación ou natureza, derivada de contas en toda clase de institucións financeiras, incluíndo as baseadas en operacións sobre activos financeiros.

3.º As rendas derivadas de operacións de cesión temporal de activos financeiros con pacto de recompra.

4.º As rendas satisfeitas por unha entidade financeira, como consecuencia da transmisión, cesión ou transferencia, total ou parcial, dun crédito titularidade daquela.

5.º As rendas derivadas de participacións preferentes de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

b) No caso de transmisión, reembolso, amortización, troco ou conversión de valores, computarase como rendemento a diferenza entre o valor de transmisión, reembolso, amortización, troco ou conversión deles e o seu valor de adquisición ou subscrición.

Como valor de troco ou conversión tomarase o que corresponda aos valores que se reciban.

Os gastos accesorios de adquisición e alleamento serán computados para a cuantificación do rendemento, en canto se xustifiquen adecuadamente.

Os rendementos negativos derivados de transmisións de activos financeiros, cando o contribuínte tivese adquirido activos financeiros homoxéneos dentro dos dous meses anteriores ou posteriores ás devanditas transmisións, integraranse a medida que se transmitan os activos financeiros que permanezan no patrimonio do contribuínte.

3. Rendementos en diñeiro ou en especie procedentes de operacións de capitalización e de contratos de seguro de vida ou invalidez, excepto cando, conforme o previsto no artigo 16.2.a) desta lei, deban tributar como rendementos do traballo.

En particular, aplicarase a estes rendementos de capital mobiliario as seguintes regras:

a) Cando se perciba un capital diferido, o rendemento do capital mobiliario virá determinado pola diferenza entre o capital percibido e o importe das primas satisfeitas.

b) No caso de rendas vitalicias inmediatas, que non fosen adquiridas por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio, considerarase rendemento de capital mobiliario o resultado de lle aplicar a cada anualidade as porcentaxes seguintes:

- 1.º 45 por cento, cando o perceptor teña menos de 40 anos.
- 2.º 40 por cento, cando o perceptor teña entre 40 e 49 anos.
- 3.º 35 por cento, cando o perceptor teña entre 50 e 59 anos.
- 4.º 25 por cento, cando o perceptor teña entre 60 e 69 anos.
- 5.º 20 por cento, cando o perceptor teña máis de 69 anos.

Estas porcentaxes serán as correspondentes á idade do rendista no momento da constitución da renda e permanecerán constantes durante toda a súa vixencia.

c) Se se trata de rendas temporais inmediatas, que non fosen adquiridas por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio, considerarase rendemento do capital mobiliario o resultado de lle aplicar a cada anualidade as porcentaxes seguintes:

- 1.º 15 por cento, cando a renda teña unha duración inferior ou igual a cinco anos.
- 2.º 25 por cento, cando a renda teña unha duración superior a cinco e inferior ou igual a 10 anos.
- 3.º 35 por cento, cando a renda teña unha duración superior a 10 e inferior ou igual a 15 anos.
- 4.º 42 por cento, cando a renda teña unha duración superior a 15 anos.

d) Cando se perciban rendas diferidas, vitalicias ou temporais, que non fosen adquiridas por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio, considerarase rendemento do capital mobiliario o resultado de lle aplicar a cada anualidade a porcentaxe que corresponda das previstas nas alíneas b) e c) anteriores, incrementada na rendibilidade obtida ata a constitución da renda, na forma que regulamentariamente se determine. Cando as rendas fosen adquiridas por doazón ou calquera outro negocio xurídico a título gratuito e inter vivos, o ren-

demento do capital mobiliario será, exclusivamente, o resultado de lle aplicar a cada anualidade a porcentaxe que corresponda das previstas nas alíneas b) e c) anteriores.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, nos termos que regulamentariamente se establezan, as prestacións por xubilación e invalidez percibidas en forma de renda polos beneficiarios de contratos de seguro de vida ou invalidez, distintos dos recollidos no artigo 16.2. a), e nos que non existise ningún tipo de mobilización das provisións do contrato de seguro durante a súa vixencia, integraranse na base imponible do imposto, en concepto de rendementos do capital mobiliario, a partir do momento en que a súa contía exceda das primas que fosen satisfeitas en virtude do contrato ou, no caso de que a renda fose adquirida por doazón ou calquera outro negocio xurídico a título gratuito e inter vivos, cando excedan do valor actual actuarial das rendas no momento da constitución destas. Nestes casos non serán de aplicación as porcentaxes previstas nas alíneas b) e c) anteriores. Para a aplicación deste réxime será necesario que o contrato de seguro se concertase, polo menos, con dous anos de anterioridade á data de xubilación.

e) No caso de extinción das rendas temporais ou vitalicias, que non fosen adquiridas por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio, cando a extinción da renda teña a súa orixe no exercicio do dereito de rescate, o rendimento do capital mobiliario será o resultado de lle sumar ao importe do rescate as rendas satisfeitas ata o dito momento e de restar as primas satisfeitas e as contías que, de acordo cos parágrafos anteriores deste punto, tributasen como rendementos do capital mobiliario. Cando as rendas fosen adquiridas por doazón ou calquera outro negocio xurídico a título gratuito e inter vivos, restarase, adicionalmente, a rendibilidade acumulada ata a constitución das rendas.

4. Outros rendementos do capital mobiliario.

Quedan incluídos neste punto, entre outros, os seguintes rendementos, en diñeiro ou en especie:

a) Os procedentes da propiedade intelectual cando o contribuínte non sexa o autor e os procedentes da propiedade industrial que non se encontre afecta a actividades económicas realizadas polo contribuínte.

b) Os procedentes da prestación de asistencia técnica, salvo que a devandita prestación teña lugar no ámbito dunha actividade económica.

c) Os procedentes do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas, así como os procedentes do subarrendamento percibidos polo subarrendador, que non constitúan actividades económicas.

d) As rendas vitalicias ou outras temporais que teñan por causa a imposición de capitais, salvo cando fosen adquiridas por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio. Considerarase rendimento do capital mobiliario o resultado de lle aplicar a cada anualidade as porcentaxes previstas polas alíneas b) e c) do punto anterior deste artigo para as rendas, vitalicias ou temporais, inmediatas derivadas de contratos de seguro de vida.

e) Os procedentes da cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización, salvo que a dita cesión teña lugar no ámbito dunha actividade económica.

5. Non terá a consideración de rendimento de capital mobiliario, sen prexuízo da súa tributación polo concepto que corresponda, a contraprestación obtida polo contribuínte polo aprazamento ou fraccionamento do prezo das operacións realizadas en desenvolvemento da súa actividade económica habitual.

6. Estimarase que non existe rendimento do capital mobiliario nas transmisións lucrativas, por causa de morte do contribuínte, dos activos representativos da captación e utilización de capitais alleos a que se refire o punto 2 deste artigo.

7. Non se integrarán na renda do período impositivo os dividendos e participacións en beneficios a que se refiren os números 1.º e 2.º do punto 1.a) deste artigo, que procedan de beneficios obtidos en períodos impositivos durante os cales a entidade que os distribúe tivese tributado no réxime das sociedades patrimoniais.

Artigo 24. *Gastos deducibles e reducións.*

1. Para a determinación do rendimento neto, deduciranse dos rendementos íntegros exclusivamente os gastos seguintes:

a) Os gastos de administración e depósito de valores negociables. Para estes efectos, consideraranse como gastos de administración e depósito aqueles importes que repercutan as empresas de servizos de investimento, entidades de crédito ou outras entidades financeiras que, de acordo coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, teñan por finalidade retribuír a prestación derivada da realización por conta dos seus titulares do servizo de depósito de valores representados en forma de títulos ou da administración de valores representados en anotacións en conta.

Non serán deducibles as contías que supoñan a contraprestación dunha xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimento, onde se produza unha disposición dos investimentos efectuados por conta dos titulares conforme os mandatos conferidos por estes.

b) Cando se trate de rendementos derivados da prestación de asistencia técnica, do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas ou de subarrendamentos, deduciranse dos rendementos íntegros os gastos necesarios para a súa obtención e, de ser o caso, o importe da deterioración sufrida polos bens ou dereitos de que os ingresos procedan.

2. Como regra xeral, os rendementos netos computaranse na súa totalidade, excepto que lles sexa de aplicación algunha das reducións seguintes:

a) Cando teñan un período de xeración superior a dous anos, así como cando se cualifiquen regulamentariamente como obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, reduciranse nun 40 por cento.

O cómputo do período de xeración, no caso de estes rendementos se cobraren de forma fraccionada, deberá ter en conta o número de anos de fraccionamento, nos termos que regulamentariamente se establezan.

b) Os rendementos derivados de percepcións de contratos de seguro de vida ou invalidez recibidas en forma de capital reduciranse nos termos previstos no artigo 94 desta lei.

Non obstante, no caso de percepcións derivadas do exercicio do dereito de rescate parcial, soamente serán aplicables as reducións sinaladas no parágrafo anterior aos rendementos derivados da primeira de cada ano natural.

Esta redución será compatible coa que proceda como consecuencia da extinción do contrato.

SECCIÓN 3.^a RENDEMENTOS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 25. *Rendementos íntegros de actividades económicas.*

1. Consideraranse rendementos íntegros de actividades económicas aqueles que, procedendo do traballo

e persoal e do capital conxuntamente, ou dun só destes factores, supoñan por parte do contribuínte a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

En particular, teñen esta consideración os rendementos das actividades extractivas, de fabricación, comercio ou prestación de servizos, incluídas as de artesanía, agrícolas, forestais, gandeiras, pesqueiras, de construción, mineiras, e o exercicio de profesións liberais, artísticas e deportivas.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, entenderase que o arrendamento ou compravenda de inmobles se realiza como actividade económica, unicamente cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que no desenvolvemento da actividade se conte, polo menos, cun local exclusivamente destinado a levar a cabo a xestión da actividade.

b) Que para a ordenación daquela se utilice, polo menos, unha persoa empregada con contrato laboral e a xornada completa.

Artigo 26. *Regras xerais de cálculo do rendimento neto.*

1. O rendimento neto das actividades económicas determinarase segundo as normas do imposto sobre sociedades, sen prexuízo das regras especiais contidas neste artigo, no artigo 28 desta lei para a estimación directa, e no artigo 29 desta lei para a estimación obxectiva.

Para efectos do disposto no artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades para determinar o importe neto da cifra de negocios terase en conta o conxunto de actividades económicas exercidas polo contribuínte.

2. Para a determinación do rendimento neto das actividades económicas non se incluírán as ganancias ou perdas patrimoniais derivadas dos elementos patrimoniais afectos a elas, que se cuantificarán conforme o previsto na sección 4.^a deste capítulo.

3. A afectación de elementos patrimoniais ou a desafectación de activos fixos polo contribuínte non constituirá alteración patrimonial, sempre que os bens ou dereitos continúen formando parte do seu patrimonio.

Entenderase que non existiu afectación de se levar a cabo o alleamento dos bens ou dereitos antes de transcorridos tres anos desde esta.

4. Atenderase ao valor normal no mercado dos bens ou servizos obxecto da actividade, que o contribuínte ceda ou preste a terceiros de forma gratuíta ou destine ao uso ou consumo propio.

Así mesmo, cando medie contraprestación e esta sexa notoriamente inferior ao valor normal no mercado dos bens e servizos, atenderase a este último.

Artigo 27. *Elementos patrimoniais afectos.*

1. Consideraranse elementos patrimoniais afectos a unha actividade económica:

a) Os bens inmobles en que se desenvolve a actividade do contribuínte.

b) Os bens destinados aos servizos económicos e socioculturais do persoal ao servizo da actividade. Non se consideran afectos os bens de esparexemento e recreo ou, en xeral, de uso particular do titular da actividade económica.

c) Calquera outro elemento patrimonial que sexa necesario para a obtención dos respectivos rendementos. En ningún caso terán esta consideración os activos representativos da participación en fondos propios dunha entidade e da cesión de capitais a terceiros.

2. Cando se trate de elementos patrimoniais que sirvan só parcialmente ao obxecto da actividade económica, a afectación entenderase limitada a aquela parte deles que realmente se utilice na actividade de que se trate. En ningún caso serán susceptibles de afectación parcial elementos patrimoniais indivisibles.

Regulamentariamente poderá determinarse as condicións en que, non obstante, a súa utilización para necesidades privadas de forma accesoria e notoriamente irrelevante, determinados elementos patrimoniais se poidan considerar afectos a unha actividade económica.

3. A consideración de elementos patrimoniais afectos serao con independencia de que a titularidade destes, en caso de matrimonio, resulte común a ambos os cónxuxes.

Artigo 28. *Normas para a determinación do rendimento neto en estimación directa.*

Xunto ás regras xerais do artigo 26 desta lei teranse en conta as seguintes especiais:

1.^a Non terán a consideración de gasto deducible os conceptos a que se refire o artigo 14.3 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades nin as achegas a mutualidades de previsión social do propio empresario ou profesional, sen prexuízo do previsto no artigo 60 desta lei.

Non obstante, terán a consideración de gasto deducible as cantidades aboadas en virtude de contratos de seguro, concertados con mutualidades de previsión social por profesionais non integrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, cando, para efectos de lle dar cumprimento á obriga prevista no punto 3 da disposición transitoria quinta e na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, actúen como alternativas ao réxime especial da Seguridade Social mencionado, na parte que teña por obxecto a cobertura de contingencias atendidas pola Seguridade Social, co límite de 3.005 euros anuais.

2.^a Cando resulte debidamente acreditado, co oportuno contrato laboral e a afiliación ao réxime correspondente da Seguridade Social, que o cónxuxe ou os fillos menores do contribuínte que convivan con el, traballan habitualmente e con continuidade nas actividades económicas desenvolvidas por el, deduciranse, para a determinación dos rendementos, as retribucións estipuladas con cada un deles, sempre que non sexan superiores ás de mercado correspondentes á súa cualificación profesional e traballo desempeñado. As devanditas cantidades consideraranse obtidas polo cónxuxe ou os fillos menores en concepto de rendementos de traballo para todos os efectos tributarios.

3.^a Cando o cónxuxe ou os fillos menores do contribuínte que convivan con el realicen cesións de bens ou dereitos que sirvan ao obxecto da actividade económica de que se trate, deduciranse, para a determinación dos rendementos do titular da actividade, a contraprestación estipulada, sempre que non exceda do valor de mercado e, na falta daquela, poderase deducir a correspondente a este último. A contraprestación ou o valor de mercado consideraranse rendementos do capital do cónxuxe ou os fillos menores para todos os efectos tributarios.

O disposto nesta regra non será de aplicación cando se trate de bens e dereitos que sexan comúns a ambos os cónxuxes.

4.^a Regulamentariamente poderán establecerse regras especiais para a cuantificación de determinados gastos deducibles no caso de empresarios e profesionais

en estimación directa simplificada, incluídos os de difícil xustificación.

5.^a Terán a consideración de gasto deducible para a determinación do rendemento neto en estimación directa, as primas de seguro de enfermidade satisfeitas polo contribuínte na parte correspondente á súa propia cobertura e á do seu cónxuxe e fillos menores de vinte e cinco anos que convivan con el. O límite máximo de dedución será de 500 euros por cada unha das persoas sinaladas anteriormente.

Artigo 29. *Normas para a determinación do rendemento neto en estimación obxectiva.*

O cálculo do rendemento neto na estimación obxectiva regularase polo establecido neste artigo e as disposicións que o desenvolvan.

As disposicións regulamentarias axustaranse ás seguintes regras:

1.^a No cálculo do rendemento neto das actividades económicas en estimación obxectiva, utilizaranse os signos, índices ou módulos xerais ou referidos a determinados sectores de actividade que determine o ministro de Facenda, tendo en conta os investimentos realizados que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade.

2.^a Regulamentariamente poderá regularse a aplicación para actividades ou sectores concretos de sistemas de estimación obxectiva en virtude dos cales se establezan, logo de aceptación polos contribuíntes, cifras individualizadas de rendementos netos para varios períodos impositivos.

3.^a A aplicación dos métodos de estimación obxectiva nunca poderá dar lugar ao gravame das ganancias patrimoniais que, de ser o caso, se puidesen producir polas diferenzas entre os rendementos reais da actividade e os derivados da correcta aplicación destes métodos.

Artigo 30. *Reducións.*

Os rendementos netos cun período de xeración superior a dous anos, así como aqueles que se cualifiquen regulamentariamente como obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, reduciranse nun 40 por cento.

O cómputo do período de xeración, no caso de que estes rendementos se cobren de forma fraccionada, deberá ter en conta o número de anos de fraccionamento, nos termos que regulamentariamente se establezan.

SECCIÓN 4.^a GANANCIAS E PERDAS PATRIMONIAIS

Artigo 31. *Concepto.*

1. Son ganancias e perdas patrimoniais as variacións no valor do patrimonio do contribuínte que se poñan de manifesto con ocasión de calquera alteración na composición daquel, salvo que por esta lei se cualifiquen como rendementos.

2. Estimarase que non existe alteración na composición do patrimonio:

- a) Nos supostos de división da cousa común.
- b) Na disolución da sociedade de ganancias ou na extinción do réxime económico matrimonial de participación.
- c) Na disolución de comunidades de bens ou nos casos de separación de comuneiros.

Os supostos a que se refire este punto non poderán dar lugar, en ningún caso, á actualización dos valores dos bens ou dereitos recibidos.

3. Estimarase que non existe ganancia ou perda patrimonial nos seguintes supostos:

a) En reducións do capital. Cando a redución de capital, calquera que sexa a súa finalidade, dea lugar á amortización de valores ou participacións, consideraranse amortizadas as adquiridas en primeiro lugar, e o seu valor de adquisición distribuirase proporcionalmente entre os restantes valores homoxéneos que permanezan no patrimonio do contribuínte. Cando a redución de capital non afecte por igual todos os valores ou participacións propiedade do contribuínte, entenderase referida ás adquiridas en primeiro lugar.

Cando a redución de capital teña por finalidade a devolución de achegas, o importe desta ou o valor normal de mercado dos bens ou dereitos percibidos minorará o valor de adquisición dos valores ou participacións afectados, de acordo coas regras do parágrafo anterior, ata a súa anulación. O exceso que puidese resultar integrárase como rendemento do capital mobiliario procedente da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade, na forma prevista para a distribución da prima de emisión, salvo que a devandita redución de capital proceda de beneficios non distribuídos, en cuxo caso a totalidade das cantidades percibidas por este concepto tributarán de acordo co previsto no punto 1.^o do artigo 23.1.a) desta lei. Para estes efectos, considerarase que as reducións de capital, calquera que sexa a súa finalidade, afectan en primeiro lugar a parte do capital social que non proveña de beneficios non distribuídos, ata a súa anulación.

b) Con ocasión de transmisións lucrativas por causa de morte do contribuínte.

c) Con ocasión das transmisións lucrativas de empresas ou participacións a que se refire o punto 6 do artigo 20 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

Os elementos patrimoniais que o contribuínte afecte á actividade económica con posterioridade á súa adquisición deberán ter estado afectos ininterrompidamente durante, polo menos, os cinco anos anteriores á data da transmisión.

d) Na extinción do réxime económico matrimonial de separación de bens, cando por imposición legal ou resolución xudicial se produzan adxudicacións por causa distinta da pensión compensatoria entre cónxuxes.

O suposto ao que se refire este parágrafo non poderá dar lugar, en ningún caso, ás actualizacións dos valores dos bens ou dereitos adxudicados.

4. Estarán exentas do imposto as ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto:

a) Con ocasión das doazóns que se efectúen ás entidades citadas no artigo 69.3 desta lei.

b) Con ocasión da transmisión por maiores de 65 anos da súa vivenda habitual.

c) Con ocasión do pagamento previsto no artigo 98.3 desta lei e das débedas tributarias a que se refire o artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

5. Non se computarán como perdas patrimoniais as seguintes:

- a) As non xustificadas.
- b) As debidas ao consumo.
- c) As debidas a transmisións lucrativas por actos inter vivos ou a liberalidades.
- d) As debidas a perdas no xogo.
- e) As derivadas das transmisións de elementos patrimoniais, cando o transmitente os volva adquirir dentro do ano seguinte á data da dita transmisión.

Esta perda patrimonial integrárase cando se produza a posterior transmisión do elemento patrimonial.

e f) As derivadas das transmisións de valores ou participacións admitidos a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores definidos na Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, cando o contribuínte tivese adquirido valores homoxéneos dentro dos dous meses anteriores ou posteriores ás devanditas transmisións.

g) As derivadas das transmisións de valores ou participacións non admitidos a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores definidos na Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, cando o contribuínte tivese adquirido valores homoxéneos no ano anterior ou posterior ás devanditas transmisións.

Nos casos previstos nas alíneas f) e g) anteriores, as perdas patrimoniais integraranse a medida que se transmitan os valores ou participacións que permanezan no patrimonio do contribuínte.

O previsto nas alíneas f) e g) non se aplicará nas transmisións realizadas nos prazos a que se refire o artigo 23.1.b) desta lei.

Artigo 32. *Importe das ganancias ou perdas patrimoniais. Norma xeral.*

1. O importe das ganancias ou perdas patrimoniais será:

a) No suposto de transmisión onerosa ou lucrativa, a diferenza entre os valores de adquisición e transmisión dos elementos patrimoniais.

b) Nos demais supostos, o valor de mercado dos elementos patrimoniais ou partes proporcionais, de ser o caso.

2. Se se tivesen efectuado melloras nos elementos patrimoniais transmitidos, distinguirase a parte do valor de alleamento que corresponda a cada compoñente del.

Artigo 33. *Transmisións a título oneroso.*

1. O valor de adquisición estará formado pola suma:

a) Do importe real polo que a dita adquisición se tivese efectuado.

b) Do custo dos investimentos e melloras efectuadas nos bens adquiridos e os gastos e tributos inherentes á adquisición, excluídos os xuros, que tivesen sido satisfeitos polo adquirente.

Nas condicións que regulamentariamente se determinen, este valor minorarase no importe das amortizacións.

2. O valor de adquisición a que se refire o punto anterior actualizarase, exclusivamente no caso de bens inmoables, mediante a aplicación dos coeficientes que se establezan na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado. Os coeficientes aplicaranse da seguinte maneira:

a) Sobre os importes a que se refiren as alíneas a) e b) do punto anterior, atendendo ao ano en que se satisfixesen.

b) Sobre as amortizacións, atendendo ao ano ao que correspondan.

3. O valor de transmisión será o importe real polo que o alleamento se tivese efectuado. Deste valor deduciranse os gastos e tributos a que se refire a alínea b) do punto 1 en canto resulten satisfeitos polo transmitente.

Por importe real do valor de alleamento tomarase o efectivamente satisfeito, sempre que non resulte inferior ao normal de mercado, en cuxo caso prevalecerá este.

Artigo 34. *Transmisións a título lucrativo.*

Cando a adquisición ou a transmisión tivese sido a título lucrativo aplicaranse as regras do artigo anterior, tomando por importe real dos valores respectivos aqueles que resulten da aplicación das normas do imposto sobre sucesións e doazóns.

Nas adquisicións lucrativas a que se refire a alínea c) do punto 3 do artigo 31 desta lei, o donatario subrogarase na posición do doador respecto dos valores e datas de adquisición dos devanditos bens.

Artigo 35. *Normas específicas de valoración.*

1. Cando a alteración no valor do patrimonio proceda:

a) Da transmisión a título oneroso de valores admitidos a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores definidos na Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, e representativos da participación en fondos propios de sociedades ou entidades, a ganancia ou perda computarase pola diferenza entre o seu valor de adquisición e o valor de transmisión, determinado pola súa cotización nos ditos mercados na data en que se produza aquela ou polo prezo pactado cando sexa superior á cotización.

Para a determinación do valor de adquisición deducirase o importe obtido pola transmisión dos dereitos de subscripción.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, de o importe obtido na transmisión dos dereitos de subscripción chegar a ser superior ao valor de adquisición dos valores dos cales procedan tales dereitos, a diferenza terá a consideración de ganancia patrimonial para o transmitente, no período impositivo en que se produza a transmisión.

Cando se trate de accións parcialmente liberadas, o seu valor de adquisición será o importe realmente satisfeito polo contribuínte. Cando se trate de accións totalmente liberadas, o valor de adquisición tanto destas como das que procedan resultará de repartir o custo total entre o número de títulos, tanto os antigos como os liberados que correspondan.

b) Da transmisión a título oneroso de valores non admitidos a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores definidos na Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, e representativos da participación en fondos propios de sociedades ou entidades, a ganancia ou perda computarase pola diferenza entre o seu valor de adquisición e o valor de transmisión.

Salvo proba de que o importe efectivamente satisfeito se corresponde co que terían convido partes independentes en condicións normais de mercado, o valor de transmisión non poderá ser inferior ao maior dos dous seguintes:

O teórico resultante do balance correspondente ao último exercicio pechado con anterioridade á data do devengo do imposto.

O que resulte de capitalizar ao tipo do 20 por cento a media dos resultados dos tres exercicios sociais pechados con anterioridade á data do devengo do imposto. Para este último efecto, computaranse como beneficios os dividendos distribuídos e as asignacións a reservas, excluídas as de regularización ou de actualización de balances.

O valor de transmisión así calculado terase en conta para determinar o valor de adquisición dos valores ou participacións que corresponda ao adquirente.

O importe obtido pola transmisión de dereitos de subscripción procedentes destes valores ou participacións terá a consideración de ganancia patrimonial para o transmitente no período impositivo en que se produza a citada transmisión.

Cando se trate de accións parcialmente liberadas, o seu valor de adquisición será o importe realmente satisfeito polo contribuínte. Cando se trate de accións totalmente liberadas, o valor de adquisición, tanto destas como das que procedan, resultará de repartir o custo total entre o número de títulos, tanto os antigos como os liberados que correspondan.

c) Da transmisión de valores ou participacións no capital de sociedades patrimoniais, a ganancia ou perda computarase pola diferenza entre o valor de adquisición e de titularidade e o valor de transmisión daquelas.

Para tal efecto, o valor de adquisición e de titularidade estimarase integrado:

Primeiro.—Polo prezo ou cantidade desembolsada para a súa adquisición.

Segundo.—Polo importe dos beneficios sociais que, sen efectiva distribución, fosen obtidos pola sociedade durante os períodos impositivos en que tributou no réxime de sociedades patrimoniais no período de tempo comprendido entre a súa adquisición e alleamento.

Terceiro.—Tratándose de socios que adquiran os valores con posterioridade á obtención dos beneficios sociais, diminuírase o valor de adquisición no importe dos dividendos ou participacións en beneficios que procedan de períodos impositivos durante os cales a entidade tivese a consideración de sociedade patrimonial.

O valor de transmisión a computar será, como mínimo, o teórico resultante do último balance pechado, unha vez substituído o valor neto contable dos activos polo valor que terían para efectos do imposto sobre o patrimonio, ou polo seu valor de mercado se fose inferior.

O disposto neste parágrafo entenderase sen prexuízo da aplicación, cando proceda, do previsto en materia de dereitos de subscripción nos dous parágrafos anteriores.

d) Das achegas a sociedades que non sexan en diñeiro, a ganancia ou perda determinarase pola diferenza entre o valor de adquisición dos bens ou dereitos achegados e a cantidade maior das seguintes:

Primeira.—O valor nominal das accións ou participacións sociais recibidas pola achega ou, de ser o caso, a parte correspondente del. A este valor engadiráselle o importe das primas de emisión.

Segunda.—O valor de cotización dos títulos recibidos no día en que se formalice a achega ou o inmediato anterior.

Terceira.—O valor de mercado do ben ou dereito achegado.

O valor de transmisión así calculado terase en conta para determinar o valor de adquisición dos títulos recibidos como consecuencia da achega non pecuniaria.

e) Nos casos de separación dos socios ou disolución de sociedades, considerarase ganancia ou perda patrimonial, sen prexuízo das correspondentes á sociedade, a diferenza entre o valor da cota de liquidación social ou o valor de mercado dos bens recibidos e o valor de adquisición do título ou participación de capital que corresponda.

Nos casos de escisión, fusión ou absorción de sociedades, a ganancia ou perda patrimonial do contribuínte computarase pola diferenza entre o valor de adquisición dos títulos, dereitos ou valores representativos da participación do socio e o valor de mercado dos títulos, numerario ou dereitos recibidos ou o valor do mercado dos entregados.

f) Dun traspaso, a ganancia patrimonial computarase ao cedente no importe que lle corresponda no traspaso.

Cando o dereito de traspaso se adquirise mediante prezo, este terá a consideración de prezo de adquisición.

g) De indemnizacións ou capitais asegurados por perdas ou sinistros en elementos patrimoniais, computarase como ganancia ou perda patrimonial a diferenza entre a cantidade percibida e a parte proporcional do valor de adquisición que corresponda ao dano. Cando a indemnización non fose en metálico, computarase a diferenza entre o valor de mercado dos bens, dereitos ou servizos recibidos e a parte proporcional do valor de adquisición que corresponda ao dano. Soamente se computará ganancia patrimonial cando se derive un aumento no valor do patrimonio do contribuínte.

h) Da permuta de bens ou dereitos, a ganancia ou perda patrimonial determinarase pola diferenza entre o valor de adquisición do ben ou dereito que se cede e o maior dos dous seguintes:

O valor de mercado do ben ou dereito entregado.

O valor de mercado do ben ou dereito que se recibe a cambio.

i) Da extinción de rendas vitalicias ou temporais, a ganancia ou perda patrimonial computarase, para o obrigado ao pagamento daquelas, por diferenza entre o valor de adquisición do capital recibido e a suma das rendas efectivamente satisfeitas.

j) Nas transmisións de elementos patrimoniais a cambio dunha renda temporal ou vitalicia, a ganancia ou perda patrimonial determinarase por diferenza entre o valor actual financeiro actuarial da renda e o valor de adquisición dos elementos patrimoniais transmitidos.

k) Cando o titular dun dereito real de gozo ou disfrute sobre inmobles efectúe a súa transmisión, ou cando se produza a súa extinción, para o cálculo da ganancia ou perda patrimonial o importe real a que se refire o artigo 33.1.a) desta lei minorarase de forma proporcional ao tempo durante o cal o titular non percibiu rendementos do capital inmobiliario.

l) Nas incorporacións de bens ou dereitos que non deriven dunha transmisión, computarase como ganancia patrimonial o valor de mercado daqueles.

m) Nas operacións realizadas nos mercados de futuros e opcións regulados polo Real decreto 1814/1991, do 20 de decembro, considerarase ganancia ou perda patrimonial o rendemento obtido cando a operación non supoña a cobertura dunha operación principal concertada no desenvolvemento das actividades económicas realizadas polo contribuínte, en cuxo caso tributarán de acordo co previsto na sección 3.^a deste capítulo.

n) Nas transmisións de elementos patrimoniais afectos a actividades económicas, considerarase como valor de adquisición o valor contable, sen prexuízo das especialidades que regulamentariamente se poidan establecer respecto ás amortizacións que minoren o dito valor.

2. Para efectos do disposto nas alíneas a), b) e c) do punto anterior cando existan valores homoxéneos considerarase que os transmitidos polo contribuínte son aqueles que adquiriu en primeiro lugar. Así mesmo, cando non se transmita a totalidade dos dereitos de subscripción, entenderase que os transmitidos corresponden aos valores adquiridos en primeiro lugar.

Cando se trate de accións totalmente liberadas, considerarase como antigüidade delas a que corresponda ás accións das cales procedan.

3. O disposto nas alíneas d) e e) do punto 1 deste artigo entenderase sen prexuízo do establecido no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

4. O importe obtido pola transmisión de dereitos de subscrición preferente resultantes de ampliacións de capital realizadas con obxecto de incrementar o grao de difusión das accións dunha sociedade con carácter previo á súa admisión a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores previstos na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, seguirá o réxime previsto na alínea a) do punto 1 deste artigo.

A non-presentación da solicitude de admisión no prazo de dous meses, contados desde que teña lugar a ampliación de capital, a retirada da citada solicitude de admisión, a denegación da admisión ou a exclusión da negociación antes de transcorrerem dous anos do comezo dela, determinarán a tributación do total importe obtido pola transmisión dos dereitos de subscrición, de acordo co réxime previsto na alínea b) do punto 1 deste artigo.

Artigo 36. *Reinvestimento nos supostos de transmisión de vivenda habitual.*

Poderanse excluír de gravame as ganancias patrimoniais obtidas pola transmisión da vivenda habitual do contribuínte, sempre que o importe total obtido pola transmisión se reinvesta na adquisición dunha nova vivenda habitual nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Cando o importe reinvestido sexa inferior ao total do percibido na transmisión, unicamente se excluírá de tributación a parte proporcional da ganancia patrimonial obtida que corresponda á cantidade reinvestida.

Artigo 37. *Ganancias patrimoniais non xustificadas.*

Terán a consideración de ganancias de patrimonio non xustificadas os bens ou dereitos cuxa tenza, declaración ou adquisición non se corresponda coa renda ou patrimonio declarados polo contribuínte, así como a inclusión de débedas inexistentes en calquera declaración por este imposto ou polo imposto sobre o patrimonio, ou o seu rexistro nos libros ou rexistros oficiais.

As ganancias patrimoniais non xustificadas integranse na base liquidable xeral do período impositivo respecto do que se descubran, salvo que o contribuínte probe suficientemente que foi titular dos bens ou dereitos correspondentes desde unha data anterior á do período de prescrición.

CAPÍTULO II

Integración e compensación de rendas

Artigo 38. *Integración e compensación de rendas.*

1. Para o cálculo da renda do período impositivo, as contías positivas ou negativas das rendas do contribuínte integranse e compensanse de acordo co previsto nesta lei.

2. A renda do período impositivo dividirase en dúas partes, a parte xeral e a parte especial.

Artigo 39. *Integración e compensación de rendas na parte xeral da renda do período impositivo.*

A parte xeral da renda do período impositivo estará constituída pola totalidade da renda do contribuínte, excluídas as ganancias e perdas patrimoniais previstas no artigo 40 desta lei, e será o resultado de sumar os seguintes saldos:

a) O saldo resultante de integrar e compensar entre si, sen limitación ningunha, en cada período impositivo,

os rendementos e as imputacións de renda a que se refiren o título VII e o artigo 96 desta lei e o capítulo II do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

b) O saldo positivo resultante de integrar e compensar, exclusivamente entre si, en cada período impositivo, as ganancias e perdas patrimoniais, excluídas as previstas no artigo seguinte.

Se o resultado da integración e compensación a que se refire este parágrafo dese saldo negativo, o seu importe compensarase co saldo positivo das rendas previstas na alínea a) deste artigo, obtido no mesmo período impositivo, co límite do 10 por cento do dito saldo positivo.

Se tras a dita compensación quedase saldo negativo, o seu importe compensarase nos catro anos seguintes na mesma orde establecida nas alíneas anteriores.

A compensación deberase efectuar na contía máxima que permita cada un dos exercicios seguintes e sen que se poida practicar fóra do prazo de catro anos mediante a acumulación a perdas patrimoniais de exercicios posteriores.

Artigo 40. *Integración e compensación de rendas na parte especial da renda do período impositivo.*

1. A parte especial da renda do período impositivo estará constituída polo saldo positivo que resulte de integrar e compensar exclusivamente entre si, en cada período impositivo, as ganancias e perdas patrimoniais que se poñan de manifesto con ocasión de transmisións de elementos patrimoniais adquiridos ou de melloras realizadas neles con máis dun ano de antelación á data de transmisión, ou de dereitos de subscrición que correspondan a valores adquiridos, así mesmo, coa mesma antelación.

2. Se o resultado da integración e compensación a que se refire o punto anterior dese saldo negativo, o seu importe soamente se poderá compensar co positivo que se poña de manifesto durante os catro anos seguintes.

A compensación deberase efectuar na contía máxima que permita cada un dos exercicios seguintes e sen que se poida practicar fóra do prazo a que se refire o parágrafo anterior mediante a acumulación a perdas patrimoniais de exercicios posteriores.

CAPÍTULO III

Mínimo persoal e familiar

Artigo 41. *Mínimo persoal e familiar.*

O mínimo persoal e familiar de cada contribuínte estará formado pola suma das contías que resulten de acordo cos artigos 42 e 43 desta lei, e aplicarase, en primeiro lugar, a reducir a parte xeral da renda do período impositivo, sen que esta poida resultar negativa como consecuencia de tal diminución. O remanente, de o houber, aplicarase a reducir a parte especial da renda do período impositivo, que tampouco poderá resultar negativa.

O resultado destas minoracións dará lugar á parte xeral e especial da base imponible, respectivamente.

Artigo 42. *Mínimo persoal.*

Os contribuíntes poderán reducir en concepto de mínimo persoal, con carácter xeral, a cantidade de 3.400 euros anuais.

Artigo 43. Mínimo por descendentes.

1. Os contribuíntes poderán reducir en concepto de mínimo por descendentes, por cada un deles solteiro menor de vinte e cinco anos ou discapacitado calquera que sexa a súa idade, sempre que conviva co contribuínte e non teña rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros, a cantidade de:

- 1.400 euros anuais polo primeiro.
- 1.500 euros anuais polo segundo.
- 2.200 euros anuais polo terceiro.
- 2.300 euros anuais polo cuarto e seguintes.

Para estes efectos, asimiláranse aos descendentes aquelas persoas vinculadas ao contribuínte por razón de tutela e acollemento, nos termos previstos na lexislación civil aplicable.

Entre outros casos, considerarase que conviven co contribuínte os descendentes que, dependendo del, estean internados en centros especializados.

2. Cando dous ou máis contribuíntes teñan dereito á aplicación do mínimo previsto neste artigo respecto dos mesmos descendentes, o seu importe ratearase entre eles por partes iguais.

Non obstante, cando os contribuíntes teñan distinto grao de parentesco co descendente, a aplicación do mínimo corresponderá aos de grao máis próximo, salvo que estes non teñan rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros, en cuxo caso corresponderá aos do seguinte grao.

3. Non procederá a aplicación dos mínimos por descendentes a que se refire o punto 1 anterior, cando as persoas que xeren o dereito a eles presenten declaración por este imposto ou a comunicación prevista no artigo 100 desta lei.

4. A determinación das circunstancias familiares que se deben ter en conta para efectos do establecido neste artigo realizarase atendendo á situación existente na data de devengo do imposto.

5. Non obstante o disposto no punto anterior, en caso de falecemento dun descendente que xere o dereito a practicar a redución prevista neste artigo, o mínimo por descendentes será de 1.400 euros.

CAPÍTULO IV**Regras especiais de valoración****Artigo 44. Estimación de rendas.**

1. A valoración das rendas estimadas a que se refire o artigo 6.3 desta lei efectuarase polo valor normal no mercado. Entenderase por este a contraprestación que se acordaría entre suxeitos independentes, salvo proba en contrario.

2. Se se trata de préstamos e operacións de captación ou utilización de capitais alleos en xeral, entenderase por valor normal no mercado o tipo de xuro legal do diñeiro que se ache en vigor o último día do período impositivo.

Artigo 45. Operacións vinculadas.

1. Aplicaranse neste imposto as regras de valoración das operacións vinculadas nos termos previstos no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

2. No caso de que a operación vinculada cunha sociedade corresponda ao exercicio de actividades económicas ou á prestación de traballo persoal por persoas físicas, estas deberán efectuar a súa valoración nos termos previstos no artigo 16 do texto refundido da Lei

do imposto sobre sociedades, cando impliquen un aumento dos seus ingresos.

Neste caso, tamén a entidade procederá a realizar a devandita valoración para efectos do imposto sobre sociedades.

En todo caso, entenderase que a contraprestación efectivamente satisfeita coincide co valor normal de mercado nas operacións correspondentes ao exercicio de actividades profesionais ou á prestación de traballo persoal por persoas físicas a sociedades en que máis do 50 por cento dos seus ingresos procedan do exercicio de actividades profesionais, sempre que a entidade conte con medios persoais e materiais para o desenvolvemento das súas actividades.

Artigo 46. Rendas en especie.

1. Constitúen rendas en especie a utilización, consumo ou obtención, para fins particulares, de bens, dereitos ou servizos de forma gratuíta ou por prezo inferior ao normal de mercado, mesmo cando non supoñan un gasto real para quen as conceda.

Cando o pagador das rendas lle entregue ao contribuínte importes en metálico para que este adquira os bens, dereitos ou servizos, a renda terá a consideración de pecuniaria.

2. Non terán a consideración de rendementos do traballo en especie:

a) A entrega aos traballadores en activo, de forma gratuíta ou por prezo inferior ao normal de mercado, de accións ou participacións da propia empresa ou doutras empresas do grupo de sociedades, na parte que non exceda, para o conxunto das entregadas a cada traballador, de 12.000 euros anuais, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

b) As cantidades destinadas á actualización, capacitación ou reciclaxe do persoal empregado, cando veñan exixidos polo desenvolvemento das súas actividades ou as características dos postos de traballo.

c) As entregas a empregados de produtos a prezos rebaixados que se realicen en cantinas ou comedores de empresa ou economatos de carácter social. Terán a consideración de entrega de produtos a prezos rebaixados que se realicen en comedores de empresa as fórmulas indirectas de prestación do servizo cuxa contía non supere a cantidade que regulamentariamente se determine.

d) A utilización dos bens destinados aos servizos sociais e culturais do persoal empregado. Terán esta consideración, entre outros, os espazos e locais, debidamente homologados pola Administración pública competente, destinados polas empresas ou empregadores a prestar o servizo de primeiro ciclo de educación infantil aos fillos dos seus traballadores, así como a contratación deste servizo con terceiros debidamente autorizados.

e) As primas ou cotas satisfeitas pola empresa en virtude de contrato de seguro de accidente laboral ou de responsabilidade civil do traballador.

f) As primas ou cotas satisfeitas a entidades aseguradoras para a cobertura de enfermidade, cando se cumpran os seguintes requisitos e límites:

1.º Que a cobertura de enfermidade alcance o propio traballador, podendo tamén alcanzar o seu cónxuxe e descendentes.

2.º Que as primas ou cotas satisfeitas non excedan de 500 euros anuais por cada unha das persoas sinaladas no parágrafo anterior. O exceso sobre a dita contía constituirá retribución en especie.

g) A prestación do servizo de educación preescolar, infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional por centros educativos autorizados, aos fillos dos seus empregados, con carácter gratuíta ou por prezo inferior ao normal de mercado.

Artigo 47. *Valoración das rendas en especie.*

1. Con carácter xeral, as rendas en especie valoraranse polo seu valor normal no mercado, coas seguintes especialidades:

1.º Os seguintes rendementos do traballo en especie valoraranse de acordo coas seguintes normas de valoración:

a) No caso de utilización de vivenda, o 10 por cento do valor catastral.

No caso de inmobles cuxos valores catastrais fosen revisados ou modificados, de conformidade cos procedementos regulados nos artigos 70 e 71 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e entrasen en vigor a partir do 1 de xaneiro de 1994, o cinco por cento do valor catastral.

Se na data de devengo do imposto os inmobles carecesen de valor catastral ou este non tivese sido notificado ao titular, tomarase como base de imputación deles o 50 por cento daquel polo que se deban computar para efectos do imposto sobre o patrimonio. Nestes casos, a porcentaxe será do 5 por cento.

A valoración resultante non poderá exceder do 10 por cento das restantes contraprestacións do traballo.

b) No caso da utilización ou entrega de vehículos automóviles:

No suposto de entrega, o custo de adquisición para o pagador, incluídos os tributos que graven a operación.

No suposto de uso, o 20 por cento anual do custo a que se refire o parágrafo anterior. En caso de que o vehículo non sexa propiedade do pagador, a dita porcentaxe aplicarase sobre o valor de mercado que correspondería ao vehículo se fose novo.

No suposto de uso e posterior entrega, a valoración desta última efectuarase tendo en conta a valoración resultante do uso anterior.

c) Nos préstamos con tipos de xuro inferiores ao legal do diñeiro, a diferenza entre o xuro pagado e o xuro legal do diñeiro vixente no período.

d) Polo custo para o pagador, incluídos os tributos que graven a operación, as seguintes rendas:

As prestacións en concepto de manutención, hospedaxe, viaxes e similares.

As primas ou cotas satisfeitas en virtude de contrato de seguro ou outro similar, sen prexuízo do previsto nas alíneas e) e f) do punto 2 do artigo anterior.

As cantidades destinadas a satisfacer gastos de estudos e manutención do contribuínte ou doutras persoas ligadas a el por vínculo de parentesco, incluídos os aíns, ata o cuarto grao inclusive, sen prexuízo do previsto no punto 2 do artigo anterior.

e) Polo seu importe, as contribucións satisfeitas polos promotores de plans de pensións, así como as cantidades satisfeitas por empresarios para facer fronte aos compromisos por pensións nos termos previstos pola disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións e a súa normativa de desenvolvemento.

f) Non obstante o previsto nos parágrafos anteriores, cando o rendimento de traballo en especie sexa satisfeito por empresas que teñan como actividade habitual a realización das actividades que dan lugar a el, a valoración non poderá ser inferior ao prezo ofertado ao público do ben, dereito ou servizo de que se trate.

Considerarase prezo ofertado ao público o previsto no artigo 13 da Lei 16/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, deducindo os descontos ordinarios ou comúns. Consideraranse ordinarios ou comúns os descontos que sexan ofertados

a outros colectivos de similares características aos traballadores da empresa, así como os descontos promocionais que teñan carácter xeral e se encontren en vigor no momento de satisfacer a retribución en especie ou que, noutro caso, non excedan do 20 por cento.

2.º As ganancias patrimoniais en especie valoraranse de acordo cos artigos 32 e 35 desta lei.

2. Nos casos de rendas en especie, a súa valoración realizarase segundo as normas contidas nesta lei. Ao dito valor engadirase o ingreso á conta, salvo que o seu importe lle fose repercutido ao perceptor da renda.

Artigo 48. *Plans xerais de entrega de opcións de compra sobre accións ou participacións.*

O límite máximo de redución previsto no terceiro parágrafo do artigo 17.2.a) desta lei duplicarase para os rendementos do traballo en especie, derivados do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores, que cumpran os seguintes requisitos:

1.º As accións ou participacións adquiridas deberán manter, polo menos, durante tres anos, contados desde o exercicio da opción de compra.

2.º A oferta de opcións de compra deberase realizar nas mesmas condicións a todos os traballadores da empresa, grupo ou subgrupos de empresa.

CAPÍTULO V

Métodos de determinación da base imponible

Artigo 49. *Métodos de determinación da base imponible.*

1. A contía dos distintos compoñentes da base imponible determinarase con carácter xeral polo método de estimación directa.

2. A determinación dos rendementos de actividades económicas levarase a cabo a través dos seguintes métodos:

a) Estimación directa, que se aplicará como método xeral, e que admitirá dúas modalidades:

A normal.

A simplificada. Esta modalidade aplicarase para determinadas actividades económicas cuxo importe neto de cifra de negocios, para o conxunto de actividades desenvolvidas polo contribuínte, non supere os 600.000 euros no ano inmediato anterior, salvo que renuncie á súa aplicación, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Nos supostos de renuncia ou exclusión da modalidade simplificada do método de estimación directa, o contribuínte determinará o rendimento neto de todas as súas actividades económicas pola modalidade normal deste método durante os tres anos seguintes, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

b) Estimación obxectiva de rendementos para determinadas actividades económicas, que se regulará regulamentariamente conforme as seguintes normas:

1.^a Os contribuíntes que reúnan as circunstancias previstas nas normas reguladoras deste método determinarán os seus rendementos conforme aquel, salvo que renuncien á súa aplicación, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2.^a O método de estimación obxectiva aplicarase conxuntamente cos réximes especiais establecidos no imposto sobre o valor engadido ou no imposto xeral

indirecto canario, cando así se determine regulamentariamente.

3.^a Este método non o poderán aplicar os contribuíntes cando concorra calquera das seguintes circunstancias, nas condicións que se establezan regulamentariamente:

Que determinen o rendemento neto dalgunha actividade económica polo método de estimación directa.

Que o volume de rendementos íntegros no ano inmediato anterior supere calquera dos seguintes importes:

Para o conxunto das súas actividades económicas, 450.000 euros anuais.

Para o conxunto das súas actividades agrícolas e gandeiras, 300.000 euros anuais.

Para estes efectos, soamente se computarán as operacións que se deban anotar no libro rexistro de vendas ou ingresos previsto no artigo 65.7 do Regulamento deste imposto, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, ou no libro rexistro de ingresos previsto no artigo 40.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, e as operacións polas que estean obrigados a emitir e conservar facturas, de acordo co disposto no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de ingresos elevarase ao ano.

Que o volume das compras en bens e servizos, excluídas as adquisicións de inmovilizado, no exercicio anterior supere a cantidade de 300.000 euros anuais. No suposto de obras ou servizos subcontratados, o seu importe terase en conta para o cálculo deste límite.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de compras elevarase ao ano.

d) Que as actividades económicas sexan desenvolvidas, total ou parcialmente, fóra do ámbito de aplicación do imposto a que se refire o artigo 4 desta lei.

4.^a O ámbito de aplicación do método de estimación obxectiva fixarase, entre outros extremos, ben pola natureza das actividades e cultivos, ben por módulos obxectivos como o volume de operacións, o número de traballadores, o importe das compras, a superficie das explotacións ou os activos fixos utilizados, cos límites que, para o conxunto de actividades desenvolvidas polo contribuínte, se determinen regulamentariamente.

5.^a Nos supostos de renuncia da estimación obxectiva, o contribuínte determinará o rendemento neto de todas as súas actividades económicas polo método de estimación directa durante os tres anos seguintes, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

3. O método de estimación indirecta aplicarase de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Na estimación indirecta dos rendementos procedentes de actividades económicas teranse en conta, preferentemente, os signos, índices ou módulos establecidos para a estimación obxectiva, cando se trate de contribuíntes que renunciaren a este último método de determinación da base imponible.

CAPÍTULO VI

Base liquidable

Artigo 50. *Base liquidable xeral e especial.*

1. A base liquidable xeral estará constituída polo resultado de practicar na parte xeral da base imponible,

exclusivamente e por esta orde, as reducións a que se refiren os artigos 51, 52, 53, 54, 55, 56, 58, 59, 60, 61 e 62 desta lei, sen que poida resultar negativa como consecuencia das ditas diminucións.

A base liquidable especial será o resultado de diminuír a parte especial da base imponible no remanente, de o houber, das reducións previstas no parágrafo anterior, sen que poida resultar negativa como consecuencia de tal diminución.

2. Se a base liquidable xeral resultase negativa, o seu importe poderá ser compensado cos das bases liquidables xerais positivas que se obteñan nos catro anos seguintes.

A compensación deberase efectuar na contía máxima que permita cada un dos exercicios seguintes e sen que se poida practicar fóra do prazo a que se refire o parágrafo anterior mediante a acumulación a bases liquidables xerais negativas de anos posteriores.

Artigo 51. *Redución por rendementos do traballo.*

1. Cando se obteñan rendementos netos do traballo, a base imponible reducirase nos seguintes importes:

a) Contribuíntes con rendementos netos do traballo iguais ou inferiores a 8.200 euros: 3.500 euros anuais.

b) Contribuíntes con rendementos netos do traballo comprendidos entre 8.200,01 e 13.000 euros: 3.500 euros menos o resultado de multiplicar por 0,2291 a diferenza entre o rendemento do traballo e 8.200 euros anuais.

c) Contribuíntes con rendementos netos do traballo superiores a 13.000 euros ou con rendas, excluídas as exentas, distintas das do traballo superiores a 6.500 euros: 2.400 euros anuais.

2. Esta redución, incrementada de ser o caso de acordo co previsto nos artigos 52 e 53 seguintes, terá como límite máximo o importe dos rendementos netos do traballo.

Artigo 52. *Redución por prolongación da actividade laboral.*

Os traballadores activos maiores de 65 anos que continúen ou prolonguen a actividade laboral, incrementarán nun 100 por cento o importe da redución prevista no artigo anterior.

Artigo 53. *Redución por mobilidade xeográfica.*

Os contribuíntes desempregados inscritos na oficina de emprego que acepten un posto de traballo que exixa o traslado da súa residencia habitual a un novo municipio, nas condicións que regulamentariamente se determinen, incrementarán nun 100 por cento o importe da redución prevista no artigo 51 desta lei.

Esta redución aplicarase no período impositivo en que se produza o cambio de residencia e no seguinte.

Artigo 54. *Redución por coidado de fillos.*

En concepto de coidado de fillos a base imponible reducirase en 1.200 euros anuais, por cada descendente menor de tres anos, que xere dereito á aplicación do mínimo por descendentes.

Nos supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, esta redución poderase practicar, con independencia da idade do menor, no período impositivo en que se inscriba no Rexistro Civil e nos dous seguintes. Cando a inscrición non sexa necesaria, a redución poderase practicar no período impositivo en que se produza a resolución xudicial ou administrativa correspondente e nos dous seguintes.

Artigo 55. Redución por idade.

1. Cando o contribuínte teña unha idade superior a 65 anos, a base imponible reducirase en 800 euros anuais.

2. Por cada ascendente maior de 65 anos ou discapacitado calquera que sexa a súa idade que conviva co contribuínte e non teña rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros, a base imponible reducirase en 800 euros anuais.

Artigo 56. Redución por asistencia.

1. En concepto de asistencia a base imponible reducirase en 1.000 euros anuais, cando o contribuínte teña unha idade superior a 75 anos.

2. Polo mesmo concepto e por cada ascendente maior de 75 anos que cumpra os requisitos previstos no punto 2 do artigo anterior, a base imponible reducirase en 1.000 euros anuais.

Artigo 57. Normas comúns para a aplicación das reducións por coidado de fillos, idade e asistencia.

Para a determinación das reducións previstas nos artigos 54, 55 e 56, teranse en conta as seguintes normas:

1.^a Cando dous ou máis contribuíntes teñan dereito á aplicación das reducións respecto dos mesmos ascendentes ou descendentes, o seu importe ratearase entre eles por partes iguais.

Non obstante, cando os contribuíntes teñan distinto grao de parentesco co ascendente ou descendente, a aplicación da redución corresponderalles aos de grao máis próximo, salvo que estes non teñan rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros, en cuxo caso corresponderá aos do seguinte grao.

2.^a Non procederá a aplicación destas reducións cando os ascendentes presenten declaración por este imposto ou a solicitude de devolución prevista no artigo 100 desta lei.

3.^a A determinación das circunstancias persoais e familiares que se deban ter en conta para efectos do establecido nos artigos 54, 55 e 56 desta lei, realizarase atendendo á situación existente na data de devengo do imposto.

4.^a Para a aplicación das reducións por idade e por asistencia correspondentes aos ascendentes, será necesario que estes convivan co contribuínte, polo menos, a metade do período impositivo.

Entre outros casos, considerarase que conviven co contribuínte os ascendentes discapacitados que, dependendo del, sexan internados en centros especializados.

Artigo 58. Reducións por discapacidade.

Adicionalmente ás reducións anteriores minorarase a base imponible nos seguintes supostos:

1. Redución por discapacidade do contribuínte.

Os contribuíntes discapacitados reducirán a base imponible en 2.000 euros anuais. Esta redución será de 5.000 euros anuais, de o grao de minusvalidez ser igual ou superior ao 65 por cento.

2. Redución por discapacidade de ascendentes ou descendentes.

Por cada un dos descendentes que xere dereito á aplicación do mínimo por descendentes a que se refire o artigo 43, ou dos ascendentes que xere dereito á redución por idade a que se refire o punto 2 do artigo 55, ambos desta lei, que sexan discapacitados, calquera que sexa a súa idade, a base imponible reducirase en 2.000

euros anuais. Esta redución será de 5.000 euros anuais, de o grao de minusvalidez ser igual ou superior ao 65 por cento.

3. Redución por discapacidade de traballadores activos.

Os contribuíntes discapacitados que obteñan rendementos do traballo como traballadores activos reducirán a base imponible en 2.800 euros anuais.

Esta redución será de 6.200 euros anuais para os traballadores activos discapacitados que acrediten necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida, ou un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento.

O importe máximo das reducións a practicar na base imponible por este concepto e pola redución por rendementos do traballo prevista no artigo 51 desta lei, incrementada, de ser o, caso de acordo co sinalado nos artigos 52 e 53, non poderá superar a contía dos rendementos netos do traballo.

4. Redución por gastos de asistencia dos discapacitados.

En concepto de gastos de asistencia, os contribuíntes discapacitados que acrediten necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida, ou un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento, reducirán a base imponible en 2.000 euros anuais.

Por cada ascendente ou descendente que xere o dereito á redución prevista no punto 2 anterior, e que acredite necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida, ou un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento, a base imponible reducirase en 2.000 euros anuais.

5. Para a aplicación das reducións previstas nos puntos 1, 2 e 4 deste artigo teranse en conta os requisitos previstos no artigo 57 desta lei.

6. Para os efectos deste imposto, terán a consideración de discapacitados os contribuíntes que acrediten, nas condicións que regulamentariamente se establezan, un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

En particular, considerarase acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento no caso dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e no caso dos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Igualmente, considerarase acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento, cando se trate de minusválidos cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non atinxa o devandito grao.

Artigo 59. Reducións por achegas a patrimonios protexidos das persoas discapacitadas.

1. As achegas ao patrimonio protexido do contribuínte discapacitado efectuadas polas persoas que teñan co discapacitado unha relación de parentesco en liña directa ou colateral ata o terceiro grao inclusive, así como polo cónxuxe do discapacitado ou por aqueles que o tivesen ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento, darán dereito a reducir a base imponible do achegador, co límite máximo de 8.000 euros anuais.

O conxunto das reducións practicadas por todas as persoas que efectúen achegas a favor dun mesmo patrimonio protexido non poderá exceder de 24.250 euros anuais.

Para estes efectos, cando concorran varias achegas a favor dun mesmo patrimonio protexido, as reducións correspondentes ás ditas achegas deberán de ser minoradas de forma proporcional sen que, en ningún caso,

o conxunto das reducións practicadas por todas as persoas físicas que realicen achegas a favor dun mesmo patrimonio protexido poida exceder de 24.250 euros anuais.

2. As achegas que excedan dos límites previstos no punto anterior darán dereito a reducir a base imponible dos catro períodos impositivos seguintes, ata esgotar, de ser o caso, en cada un deles os importes máximos de redución.

O disposto no parágrafo anterior tamén resultará aplicable nos supostos en que non proceda a redución por insuficiencia de base imponible.

Cando concorran nun mesmo período impositivo reducións da base imponible por achegas efectuadas no exercicio con reducións de exercicios anteriores pendentes de aplicar, practicaranse en primeiro lugar as reducións procedentes dos exercicios anteriores, ata esgotar os importes máximos de redución.

3. Tratándose de achegas que non sexan en diñeiro tomarse como importe da achega o que resulte do previsto no artigo 18 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto no achegador con ocasión das achegas aos patrimonios protexidos.

4. Non xerarán o dereito a redución as achegas de elementos afectos á actividade que realicen os contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que realicen actividades económicas.

En ningún caso darán dereito a redución as achegas efectuadas polo propio contribuínte discapacitado titular do patrimonio protexido.

5. A disposición no período impositivo en que se realiza a achega ou nos catro seguintes de calquera ben ou dereito achegado ao patrimonio protexido da persoa con discapacidade determinará as seguintes obrigas fiscais:

a) Se o achegador foi un contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas, o dito achegador deberá integrar na base imponible do período impositivo en que se produza o acto de disposición, as cantidades reducidas da base imponible correspondentes ás disposicións realizadas máis os xuros de demora que proceden.

b) Calquera que fose o achegador, o titular do patrimonio protexido que recibiu a achega deberá integrar na base imponible do período impositivo en que se produza o acto de disposición, a cantidade que deixase de integrar no período impositivo en que recibiu a achega como consecuencia da aplicación do disposto no punto 4 do artigo 16 desta lei, máis os xuros de demora que procedan.

Nos casos en que a achega se tivese realizado ao patrimonio protexido dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos traballadores en réxime de tutela ou acollemento, a que se refire o punto 1 deste artigo, por un suxeito pasivo do imposto sobre sociedades, a obriga descrita no parágrafo anterior deberá ser cumprida polo devandito traballador.

c) Para os efectos do disposto no punto 5 do artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, o traballador titular do patrimonio protexido deberalle comunicar ao empregador que efectuou as achegas, as disposicións que se realizasen no período impositivo.

Nos casos en que a disposición se tivese efectuado no patrimonio protexido dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos traballadores en réxime de tutela ou acollemento, a comunicación a que se refire o parágrafo anterior tamén a deberá efectuar o dito traballador.

A falta de comunicación ou a realización de comunicacións falsas, incorrectas ou inexactas constituirá

infracción tributaria leve. Esta infracción sancionarase con multa pecuniaria fixa de 400 euros.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no punto 3 do artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Para os efectos previstos neste punto, tratándose de bens ou dereitos homoxéneos entenderase que foron dispostos os achegados en primeiro lugar.

Non se aplicará o disposto neste punto en caso de falecemento do titular do patrimonio protexido, do achegador ou dos traballadores aos que se refire o punto 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Artigo 60. *Reducións por achegas e contribucións a sistemas de previsión social.*

Poderanse reducir na base imponible as seguintes achegas e contribucións a sistemas de previsión social:

1. As achegas realizadas polos partícipes a plans de pensións, incluíndo as contribucións do promotor que lle fosen imputadas en concepto de rendemento do traballo.

2. As achegas e contribucións a mutualidades de previsión social que cumpran os seguintes requisitos:

a) Requisitos subxectivos:

1.º As cantidades aboadas en virtude de contratos de seguro concertados con mutualidades de previsión social por profesionais non integrados nalgún dos réximes da Seguridade Social, na parte que teña por obxecto a cobertura das contingencias previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións sempre que non tivesen a consideración de gasto deducible para os rendementos netos de actividades económicas, nos termos que prevé o segundo parágrafo da regra 1.ª do artigo 28 desta lei.

2.º As cantidades aboadas en virtude de contratos de seguro concertados con mutualidades de previsión social por profesionais ou empresarios individuais integrados en calquera dos réximes da Seguridade Social, na parte que teña por obxecto a cobertura das contingencias previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

3.º As cantidades aboadas en virtude de contratos de seguro concertados con mutualidades de previsión social por traballadores por conta allea ou socios traballadores, incluídas as contribucións do promotor que lles tivesen sido imputadas en concepto de rendementos do traballo, cando se efectúen de acordo co previsto na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, con inclusión do desemprego para os citados socios traballadores.

b) Os dereitos consolidados dos mutualistas soamente se poderán facer efectivos nos supostos previstos, para os plans de pensións, polo artigo 8.8 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

De se dispor, total ou parcialmente, de tales dereitos consolidados en supostos distintos, o contribuínte deberá repor as reducións na base imponible indebidamente practicadas, mediante as oportunas declaracións-liquidacións complementarias, con inclusión dos xuros de demora. Pola súa vez, as cantidades percibidas pola disposición anticipada dos dereitos consolidados tributarán como rendementos do capital mobiliario, salvo que proveñan dos contratos de seguro a que se refire o número 3.º da alínea a) deste punto 2, en cuxo caso tributarán como rendementos do traballo.

3. As primas satisfeitas aos plans de previsión asegurados. Os plans de previsión asegurados defínense como contratos de seguro que deben cumprir os seguintes requisitos:

a) O contribuínte deberá ser o tomador, asegurado e beneficiario. Non obstante, no caso de falecemento, poderá xerar dereito a prestacións nos termos previstos no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

b) As contingencias cubertas deberán ser, unicamente, as previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, e deberán ter como cobertura principal a de xubilación. Soamente se permitirá a disposición anticipada, total ou parcial, nestes contratos nos supostos previstos no artigo 8.8 do citado texto refundido. Nestes contratos non será de aplicación o disposto nos artigos 97 e 99 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

c) Este tipo de seguros terá obrigatoriamente que ofrecer unha garantía de xuro e utilizar técnicas actuariais.

d) No condicionado da póliza farase constar de forma expresa e destacada que se trata dun plan de previsión asegurado. A denominación Plan de Previsión Asegurado e as súas siglas quedan reservadas aos contratos de seguro que cumpran os requisitos previstos nesta lei.

e) Regulamentariamente estableceranse os requisitos e as condicións para a mobilización da provisión matemática a outro plan de previsión asegurado.

Nos aspectos non especificamente regulados nas alíneas anteriores e nas súas normas de desenvolvemento, o réxime financeiro e fiscal das achegas, contingencias e prestacións destes contratos rexeráse pola normativa reguladora dos plans de pensións, salvo os aspectos financeiro-actuariais das provisións técnicas correspondentes. En particular, os dereitos nun plan de previsión asegurado non poderán ser obxecto de embargo, traballo xudicial ou administrativa ata o momento en que se cause o dereito á prestación ou en que se fagan efectivos nos supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración.

4. O conxunto das achegas anuais máximas que poidan dar dereito a reducir a base imponible realizadas aos sistemas de previsión social previstos nos puntos 1, 2 e 3 anteriores, incluíndo, de ser o caso, as que fosen imputadas polos promotores, non poderán exceder das cantidades previstas no artigo 5.3 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

As prestacións percibidas tributarán na súa integridade sen que en ningún caso se poidan minorar nas contías correspondentes aos excesos das achegas e contribucións.

5. Os límites destas reducións serán:

a) 8.000 euros anuais para a suma das achegas a plans de pensións, mutualidades de previsión social e os plans de previsión asegurados previstos no punto 3 anterior, realizadas polos partícipes, mutualistas ou asegurados.

Non obstante, no caso de partícipes, mutualistas ou asegurados maiores de cincuenta e dous anos, o límite anterior incrementarase en 1.250 euros adicionais por cada ano de idade do partícipe, mutualista ou asegurado que exceda de cincuenta e dous, e co límite máximo de 24.250 euros para partícipes, mutualistas ou asegurados de 65 anos ou máis.

Para estes efectos, non se computarán as contribucións empresariais a que se refire a alínea b) seguinte.

b) As cantidades previstas na alínea a) anterior, para as contribucións empresariais realizadas polos promotores de plans de pensións de emprego ou mutualidades

de previsión social que actúen como instrumento de previsión social empresarial a favor dos partícipes ou mutualistas e imputadas a eles.

As achegas propias que o empresario individual realice a mutualidades de previsión social ou a plans de pensións de emprego dos cales, pola súa vez, sexa promotor e partícipe o mutualista entenderanse incluídas dentro deste mesmo límite.

6. Os partícipes, mutualistas ou asegurados que tivesen efectuado achegas aos sistemas de previsión social a que se refire este artigo, poderán reducir nos cinco exercicios seguintes as cantidades achegadas incluíndo, de ser o caso, as achegas do promotor que lles tivesen sido imputadas, que non puidesen ser obxecto de redución na base imponible por insuficiencia dela. Esta regra non resultará de aplicación ás achegas e contribucións que excedan dos límites máximos previstos nos puntos 4 e 5 anteriores.

7. Con independencia das reducións realizadas de acordo cos límites anteriores, os contribuíntes cuxo cónxuxe non obteña rendas a integrar na base imponible, ou as obteña en contía inferior a 8.000 euros anuais, poderán reducir na base imponible as achegas realizadas a plans de pensións, a mutualidades de previsión social e a plans de previsión asegurados dos cales sexa partícipe, mutualista ou titular o dito cónxuxe, co límite máximo de 2.000 euros anuais.

Estas achegas non estarán suxeitas ao imposto sobre sucesións e doazóns.

Artigo 61. Reducións por achegas e contribucións a plans de pensións, mutualidades de previsión social e plans de previsión asegurados constituídos a favor de persoas con minusvalidez.

1. As achegas realizadas a plans de pensións a favor de persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento, de acordo co previsto na disposición adicional décima desta lei, poderán ser obxecto de redución na base imponible cos seguintes límites máximos:

a) As achegas anuais realizadas a plans de pensións a favor de persoas con minusvalidez coas que exista relación de parentesco ou titoría, co límite de 8.000 euros anuais.

Iso sen prexuízo das achegas que poidan realizar aos seus propios plans de pensións, de acordo cos límites establecidos no artigo 60 desta lei.

b) As achegas anuais realizadas polas persoas minusválidas partícipes, co límite de 24.250 euros anuais.

O conxunto das reducións practicadas por todas as persoas que realicen achegas a favor dun mesmo minusválido, incluídas as do propio minusválido, non poderá exceder de 24.250 euros anuais. Para estes efectos, cando concorran varias achegas a favor do minusválido, deberán ser obxecto de redución, en primeiro lugar, as achegas realizadas polo propio minusválido, e soamente se estas non atinxisen o límite de 24.250 euros sinalado, poderán ser obxecto de redución as achegas realizadas por outras persoas ao seu favor na base imponible destas, de forma proporcional sen que, en ningún caso, o conxunto das reducións practicadas por todas as persoas que realizan achegas a favor dun mesmo minusválido poida exceder de 24.250 euros.

2. O réxime regulado neste artigo tamén será de aplicación ás achegas a mutualidades de previsión social e ás prestacións dela, a favor de minusválidos que cumpran os requisitos previstos na disposición adicional décima desta lei, e ás primas satisfeitas aos plans de previsión asegurados e ás prestacións deles que cumpran os requi-

sitos previstos no artigo 60 e na disposición adicional décima desta lei. En tal caso, os límites establecidos no punto 1 anterior serán conxuntos para as achegas a plans de pensións, mutualidades de previsión social e plans de previsión asegurados.

A disposición de dereitos consolidados destas mutualidades de previsión social en supostos distintos dos previstos na citada disposición adicional décima terá as consecuencias previstas no artigo 60.2.b), segundo parágrafo, desta lei.

3. As achegas aos plans de pensións, mutualidades de previsión social e aos plans de previsión asegurados constituídos a favor de persoas con minusvalidez, realizadas polas persoas ás que se refire o punto 1 da disposición adicional décima desta lei, non estarán suxeitas ao imposto sobre sucesións e doazóns.

Artigo 62. *Reducións por pensións compensatorias.*

As pensións compensatorias a favor do cónxuxe e as anualidades por alimentos, con excepción das fixadas en favor dos fillos do contribuínte, satisfeitas ambas por decisión xudicial, poderán ser obxecto de redución na base imponible.

TÍTULO III

Cálculo do imposto

CAPÍTULO I

Determinación da cota íntegra estatal

Artigo 63. *Cota íntegra estatal.*

A cota íntegra estatal será a suma das cantidades resultantes de aplicar os tipos de gravame, a que se refiren os artigos 64 e 67 desta lei, ás bases liquidables xeral e especial, respectivamente.

Artigo 64. *Escala xeral do imposto.*

1. A base liquidable xeral será gravada aos tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable ata euros	Cota íntegra Euros	Resto base liquidable ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	4.000	9,06
4.000	362,40	9.800	15,84
13.800	1.914,72	12.000	18,68
25.800	4.156,32	19.200	24,71
45.000	8.900,64	En diante	29,16

2. Entenderase por tipo medio de gravame estatal o derivado de multiplicar por 100 o cociente resultante de dividir a cota obtida pola aplicación da escala prevista no punto anterior pola base liquidable xeral. O tipo medio de gravame estatal expresarase con dous decimais.

Artigo 65. *Especialidades aplicables nos supostos de anualidades por alimentos a favor dos fillos.*

Os contribuíntes que satisfagan anualidades por alimentos aos seus fillos por decisión xudicial, cando o importe daquelas sexa inferior á base liquidable xeral, aplicarán a escala do artigo anterior separadamente ao importe das anualidades por alimentos e ao resto da base liquidable xeral.

Artigo 66. *Escala aplicable aos residentes no estranxeiro.*

No caso dos contribuíntes que tivesen a súa residencia habitual no estranxeiro por concorrer algunha das circunstancias ás que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 9 desta lei, as escalas aplicables serán as establecidas no punto 1 do artigo 64 e no punto 1 do artigo 75, ambos desta lei.

Artigo 67. *Tipos de gravame especiais.*

1. A base liquidable especial gravarase ao tipo do 9,06 por cento.

2. A base liquidable especial dos contribuíntes a que se refire o artigo 9, puntos 2 e 3 desta lei, gravarase ao tipo do 15 por cento.

CAPÍTULO II

Determinación da cota líquida estatal

Artigo 68. *Cota líquida estatal.*

1. A cota líquida estatal do imposto será o resultado de diminuír a cota íntegra estatal na suma de:

a) A dedución por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 69.1 desta lei.

b) O 67 por cento do importe total das deducións previstas nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 do artigo 69 desta lei.

2. O resultado das operacións a que se refire o punto anterior non poderá ser negativo.

Artigo 69. *Deducións.*

1. Dedución por investimento en vivenda habitual.

1.º Os contribuíntes poderán aplicar unha dedución por investimento na súa vivenda habitual conforme os seguintes requisitos e circunstancias:

a) Con carácter xeral, poderanse deducir o 10,05 por cento das cantidades satisfeitas no período de que se trate pola adquisición ou rehabilitación da vivenda que constituía ou vaia constituir a residencia habitual do contribuínte. Para estes efectos, a rehabilitación deberá cumprir as condicións que se establezan regulamentariamente.

A base máxima desta dedución será de 9.015,18 euros anuais e estará constituída polas cantidades satisfeitas para a adquisición ou rehabilitación da vivenda, incluídos os gastos orixinados que fosen por conta do adquirente e, no caso de financiamento alleo, a amortización, os xuros, o custo dos instrumentos de cobertura do risco de tipo de xuro variable dos préstamos hipotecarios regulados no artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, e demais gastos derivados dela. En caso de aplicación dos citados instrumentos de cobertura, os xuros satisfeitos polo contribuínte minoraranse nas cantidades obtidas pola aplicación do citado instrumento.

Tamén poderán aplicar esta dedución polas cantidades que se depositen en entidades de crédito, en contas que cumpran os requisitos de formalización e disposición que se establezan regulamentariamente, e sempre que se destinen á primeira adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual, co límite, conxuntamente co previsto no parágrafo anterior, de 9.015,18 euros anuais.

b) Cando na adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual se utilice financiamento alleo, as porcentaxes de dedución aplicables á base de dedución a que se refire a alínea a) anterior serán nas condicións e requi-

sitos que se establezan regulamentariamente, as seguintes:

Durante os dous anos seguintes á adquisición ou rehabilitación, o 16,75 por cento sobre os primeiros 4.507,59 euros e o 10,05 por cento sobre o exceso ata 9.015,18 euros.

Con posterioridade as porcentaxes anteriores serán do 13,4 por cento e do 10,05 por cento, respectivamente.

2.º Cando se adquira unha vivenda habitual tendo desfrutado da dedución por adquisición doutras vivendas habituais anteriores, non se poderá practicar dedución pola adquisición ou rehabilitación da nova en canto as cantidades investidas nela non superen as investidas nas anteriores, na medida en que tivesen sido obxecto de dedución.

Cando o alleamento dunha vivenda habitual xerese unha ganancia patrimonial exenta por reinvestimento, a base de dedución pola adquisición ou rehabilitación da nova minorarase no importe da ganancia patrimonial á cal se aplique a exención por reinvestimento. Neste caso, non se poderá practicar dedución pola adquisición da nova mentres as cantidades investidas nela non superen tanto o prezo da anterior, na medida en que fose obxecto de dedución, como a ganancia patrimonial exenta por reinvestimento.

3.º Entenderase por vivenda habitual aquela na cal o contribuínte reside durante un prazo continuado de tres anos. Non obstante, entenderase que a vivenda tivo aquel carácter cando, malia non ter transcorrido o dito prazo, se produza o falecemento do contribuínte ou concorran circunstancias que necesariamente exixan o cambio de vivenda, tales como separación matrimonial, traslado laboral, obtención de primeiro emprego ou de emprego máis vantaxoso ou outras análogas.

4.º Tamén poderán aplicar a dedución por investimento en vivenda habitual os contribuíntes que efectúen obras e instalacións de adecuación nela, incluídos os elementos comúns do edificio e os que sirvan de paso necesario entre o predio e a vía pública, coas seguintes especialidades:

a) As obras e instalacións de adecuación deberán ser certificadas pola Administración competente como necesarias para a accesibilidade e comunicación sensorial que facilite o desenvolvemento digno e adecuado das persoas con minusvalidez, nos termos que se establezan regulamentariamente.

b) Darán dereito a dedución as obras e instalacións de adecuación que se deban efectuar na vivenda habitual do contribuínte, por razón da minusvalidez do propio contribuínte, do seu cónxuxe, ascendentes ou descendentes que convivan con el.

c) A vivenda debe estar ocupada por calquera das persoas a que se refire o parágrafo anterior a título de propietario, arrendatario, subarrendatario ou usufrutuário.

d) A base máxima desta dedución, independentemente da fixada na alínea a) do punto 1. anterior, será de 12.020,24 euros anuais.

e) Cando no investimento para a adecuación da vivenda se utilice financiamento alleo, as porcentaxes de dedución aplicables serán, nas condicións e requisitos que se establezan regulamentariamente, as previstas na alínea b) do punto 1 anterior.

f) Entenderase como circunstancia que necesariamente exixe o cambio de vivenda cando a anterior resulte inadecuada en razón á minusvalidez.

2. Deducións en actividades económicas.

Aos contribuíntes por este imposto que exerzan actividades económicas, seranlles de aplicación os incen-

tivos e estímulos ao investimento empresarial establecidos ou que se establezan na normativa do imposto sobre sociedades, con excepción da dedución prevista no artigo 42 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Non obstante, cando se trate de contribuíntes por este imposto que exerzan actividades económicas e determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva:

a) Seranlles de aplicación as deducións para o fomento das tecnoloxías da información e da comunicación previstas no artigo 36 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, na forma e cos límites establecidos no artigo 44 da dita lei, e no artigo 70.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas. A base conxunta destas deducións terá como límite o rendemento neto das actividades económicas, polo método de estimación obxectiva, computado para a determinación da base imponible.

b) Os restantes incentivos a que se refire este punto 2 soamente lles serán de aplicación cando así se estableza regulamentariamente tendo en conta as características e obrigas formais do citado método.

3. Deducións por donativos.

Os contribuíntes poderán aplicar, neste concepto:

a) As deducións previstas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

b) O 10 por cento das cantidades doadas ás fundacións legalmente recoñecidas que lle rendan contas ao órgano do protectorado correspondente, así como ás asociacións declaradas de utilidade pública, non comprendidas no parágrafo anterior.

4. Dedución por rendas obtidas en Ceuta ou Melilla.

1.º Contribuíntes residentes en Ceuta ou Melilla.

a) Os contribuíntes que teñan a súa residencia habitual en Ceuta ou Melilla deducirán o 50 por cento da parte da suma das cotas íntegras estatal e autonómica ou complementaria que proporcionalmente lles corresponda ás rendas computadas para a determinación das bases liquidables obtidas en Ceuta ou Melilla.

b) Tamén aplicarán esta dedución os contribuíntes que manteñan a súa residencia habitual en Ceuta ou Melilla durante un prazo non inferior a tres anos, nos períodos impositivos iniciados con posterioridade ao final dese prazo, polas rendas obtidas fóra das ditas cidades cando, polo menos, unha terceira parte do patrimonio neto do contribuínte, determinado conforme a normativa reguladora do imposto sobre o patrimonio, estea situado nas devanditas cidades.

A contía máxima das rendas, obtidas fóra desas cidades, que se poida acoller a esta dedución será o importe neto dos rendementos e ganancias e perdas patrimoniais obtidos nesas cidades.

2.º Os contribuíntes que non teñan a súa residencia habitual en Ceuta ou Melilla, deducirán o 50 por cento da parte da suma das cotas íntegras estatal e autonómica ou complementaria que proporcionalmente lles corresponda ás rendas computadas para a determinación das bases liquidables positivas que tivesen sido obtidas en Ceuta ou Melilla.

En ningún caso se aplicará esta dedución ás rendas seguintes:

Ás procedentes de institucións de investimento colectivo, salvo cando a totalidade dos seus activos estea investida en Ceuta ou Melilla, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Ás rendas a que se refiren as alíneas a), e) e i) do punto seguinte.

3.º Para os efectos previstos nesta lei, consideráranse rendas obtidas en Ceuta ou Melilla as seguintes:

a) Os rendementos do traballo, cando se deriven de traballos de calquera clase realizados neses territorios.

b) Os rendementos que procedan da titularidade de bens inmobles situados en Ceuta ou Melilla ou de dereitos reais que recaian sobre eles.

c) As que procedan do exercicio de actividades económicas efectivamente realizadas, nas condicións que regulamentariamente se determinen, en Ceuta ou Melilla.

d) As ganancias patrimoniais que procedan de bens inmobles radicados en Ceuta ou Melilla.

e) As ganancias patrimoniais que procedan de bens mobles situados en Ceuta ou Melilla.

f) Os rendementos do capital mobiliario procedentes de obrigas ou préstamos, cando os capitais se encontren investidos nos ditos territorios e alí xeren as rendas correspondentes.

g) Os rendementos do capital mobiliario procedentes do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

h) As rendas procedentes de sociedades que operen efectiva e materialmente en Ceuta ou Melilla e con domicilio e obxecto social exclusivo nos ditos territorios.

i) Os rendementos procedentes de depósitos ou contas en toda clase de institucións financeiras situadas en Ceuta ou Melilla.

5. Dedución por actuacións para a protección e difusión do patrimonio histórico español e das cidades, conxuntos e bens declarados patrimonio mundial.

Os contribuíntes terán dereito a unha dedución na cota do 15 por cento do importe dos investimentos ou gastos que realicen para:

a) A adquisición de bens do patrimonio histórico español, realizada fóra do territorio español para a súa introdución dentro do dito territorio, sempre que os bens sexan declarados bens de interese cultural ou incluídos no Inventario xeral de bens mobles no prazo dun ano desde a súa introdución e permanezan en territorio español e dentro do patrimonio do titular durante polo menos catro anos.

A base desta dedución será a valoración efectuada pola xunta de cualificación, valoración e exportación de bens do patrimonio histórico español.

b) A conservación, reparación, restauración, difusión e exposición dos bens da súa propiedade que estean declarados de interese cultural conforme a normativa do patrimonio histórico do Estado e das comunidades autónomas, sempre e cando se cumpran as exixencias establecidas na dita normativa, en particular respecto dos deberes de visita e exposición pública dos ditos bens.

c) A rehabilitación de edificios, o mantemento e reparación dos seus tellados e fachadas, así como a mellora de infraestruturas da súa propiedade situados no contorno que sexa obxecto de protección das cidades españolas ou dos conxuntos arquitectónicos, arqueolóxicos, naturais ou paisaxísticos e dos bens declarados Patrimonio Mundial pola Unesco situados en España.

6. Dedución por conta aforro-empresa.

Os contribuíntes poderán aplicar unha dedución polas cantidades que se depositen en entidades de crédito, en contas separadas de calquera outro tipo de imposición, destinadas á constitución dunha sociedade nova empresa regulada no capítulo XII da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, conforme os seguintes requisitos e circunstancias:

1.º O saldo da conta aforro-empresa deberase destinar á subscrición como socio fundador das participacións da sociedade nova empresa.

Pola súa parte, a sociedade nova empresa, no prazo máximo dun ano desde a súa válida constitución, deberá destinar os fondos achegados polos socios que se acollesen á dedución:

a) Á adquisición de inmovilizado material e inmaterial exclusivamente afecto á actividade, nos termos previstos no artigo 27 desta lei.

b) Gastos de constitución e de primeiro establecemento.

c) Gastos de persoal empregado con contrato laboral.

En todo caso, a sociedade nova empresa deberá contar, antes da finalización do prazo indicado con, polo menos, un local exclusivamente destinado a levar a xestión da súa actividade e unha persoa empregada con contrato laboral e a xornada completa.

Entenderase que non se cumpriu o previsto neste punto cando a sociedade nova empresa desenvolva as actividades que se exercesen anteriormente baixo outra titularidade.

2.º A base máxima desta dedución será de 9.000 euros anuais e estará constituída polas cantidades depositadas en cada período impositivo ata a data da subscrición das participacións da sociedade nova empresa.

3.º A porcentaxe de dedución aplicable sobre a base de dedución a que se refire o punto 2.º anterior será do 15 por cento.

4.º A sociedade nova empresa deberá manter durante polo menos os dous anos seguintes ao inicio da actividade:

a) A actividade económica en que consista o seu obxecto social, non podendo reunir nese prazo os requisitos para ter a consideración de sociedade patrimonial.

b) Polo menos, un local exclusivamente destinado a levar a xestión da súa actividade e unha persoa empregada con contrato laboral e a xornada completa.

c) Os activos en que se materializase o saldo da conta aforro-empresa, que deberán permanecer en funcionamento no patrimonio afecto da nova empresa.

5.º Perderase o dereito á dedución:

a) Cando o contribuínte dispoña de cantidades depositadas na conta aforro-empresa para fins diferentes da constitución da súa primeira sociedade nova empresa. En caso de disposición parcial entenderase que as cantidades dispostas son as primeiras depositadas.

b) Cando transcorran catro anos, a partir da data en que foi aberta a conta, sen que se inscribise no Rexistro Mercantil a sociedade nova empresa.

c) Cando se transmitan inter vivos as participacións dentro do prazo previsto no punto 4.º anterior.

d) Cando a sociedade nova empresa non cumpra as condicións que determinan o dereito a esta dedución.

6.º Cando, en períodos impositivos posteriores ao da súa aplicación, se perda o dereito, en todo ou en parte, ás deducións practicadas, o contribuínte estará obrigado a lles sumar á cota líquida estatal e á cota líquida autonómica ou complementaria devengadas no exercicio en que se incumprisen os requisitos as cantidades indebidamente deducidas, máis os xuros de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

7.º Cada contribuínte soamente poderá manter unha conta aforro-empresa e unicamente terá dereito á dedución pola primeira sociedade nova empresa que constituía.

8.º As contas aforro-empresa deberanse identificar nos mesmos termos que os establecidos para o caso das contas vivenda.

Artigo 70. Límites de determinadas deducións.

1. A base das deducións a que se refiren os puntos 3 e 5 do artigo 69 desta lei, non poderá exceder do 10 por cento da base liquidable do contribuínte.

2. Os límites da dedución a que se refire o punto 2 do artigo 69 desta lei serán os que estableza a normativa do imposto sobre sociedades para os incentivos e estímulo ao investimento empresarial. Os ditos límites aplicaranse sobre a cota que resulte de minorar a suma das cotas íntegras, estatal e autonómica ou complementaria no importe total das deducións por investimento en vivenda habitual, previstas nos artigos 69.1 e 79, dela, e por investimentos e gastos en bens de interese cultural.

Artigo 71. Comprobación da situación patrimonial.

1. A aplicación da dedución por investimento en vivenda e da dedución por conta aforro-empresa requirirá que o importe comprobado do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período da imposición exceda o valor que presentase a súa comprobación ao comezo del polo menos na contía dos investimentos realizados, sen computar os xuros e demais gastos de financiamento.

2. Para estes efectos, non se computarán os incrementos ou diminucións de valor experimentados durante o período impositivo polos elementos patrimoniais que ao final del sigan formando parte do patrimonio do contribuínte.

TÍTULO IV**Gravame autonómico ou complementario****CAPÍTULO I****Normas comúns****Artigo 72. Normas comúns aplicables para a determinación do gravame autonómico ou complementario.**

Para a determinación do gravame autonómico ou complementario aplicaranse as normas relativas á suxeición ao imposto, e determinación da capacidade económica contidas nos títulos I e II desta lei, así como as relativas á tributación familiar, réximes especiais e institucións de investimento colectivo, contidas nos títulos VI, VII e VIII desta lei.

CAPÍTULO II**Residencia habitual no territorio dunha comunidade autónoma****Artigo 73. Residencia habitual no territorio dunha comunidade autónoma.**

1. Para os efectos desta lei, considerarase que os contribuíntes con residencia habitual en territorio español son residentes no territorio dunha comunidade autónoma:

1.º Cando permanezan no seu territorio un maior número de días do período impositivo.

Para determinar o período de permanencia computaranse as ausencias temporais.

Salvo proba en contrario, considerarase que unha persoa física permanece no territorio dunha comunidade autónoma cando nese territorio radique a súa vivenda habitual.

2.º Cando non fose posible determinar a permanencia a que se refire o ordinal 1.º anterior, consideraranse

residentes no territorio da comunidade autónoma onde teñan o seu principal centro de intereses. Considerarase como tal o territorio onde obteñan a maior parte da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, determinada polos seguintes compoñentes de renda:

a) Rendementos do traballo, que se entenderán obtidos onde radique o centro de traballo respectivo, de existir.

b) Rendementos do capital inmobiliario e ganancias patrimoniais derivados de bens inmobles, que se entenderán obtidos no lugar en que radiquen estes.

c) Rendementos derivados de actividades económicas, xa sexan empresariais ou profesionais, que se entenderán obtidos onde radique o centro de xestión de cada unha delas.

3.º Cando non se poida determinar a residencia conforme os criterios establecidos nos ordinais 1.º e 2.º anteriores, consideraranse residentes no lugar da súa última residencia declarada para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. As persoas físicas residentes no territorio dunha comunidade autónoma, que pasasen a ter a súa residencia habitual no doutra, cumprarán as súas obrigas tributarias de acordo coa nova residencia, cando esta actúe como punto de conexión.

Ademais, cando en virtude do previsto no punto 3 seguinte se deba considerar que non existiu cambio de residencia, as persoas físicas deberán presentar as declaracións complementarias que correspondan, con inclusión dos xuros de demora.

O prazo de presentación das declaracións complementarias terminará o mesmo día que conclúa o prazo de presentación das declaracións polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes ao ano en que concorran as circunstancias que, segundo o previsto no punto 3 seguinte, determinen que se deba considerar que non existiu cambio de residencia.

3. Non producirán efecto os cambios de residencia que teñan por obxecto principal lograr unha menor tributación efectiva neste imposto.

Presumirase, salvo que a nova residencia se prolongue de maneira continuada durante, polo menos, tres anos, que non existiu cambio, en relación ao rendemento cedido do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que no ano no cal se produce o cambio de residencia ou no seguinte, a base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas sexa superior en, polo menos, un 50 por cento á do ano anterior ao cambio.

En caso de tributación conxunta determinarase de acordo coas normas de individualización.

b) Que no ano no cal se produce a situación a que se refire a alínea a) anterior, a súa tributación efectiva polo imposto sobre a renda das persoas físicas sexa inferior á que tería correspondido de acordo coa normativa aplicable na comunidade autónoma en que residía con anterioridade ao cambio.

c) Que no ano seguinte a aquel no cal se produce a situación a que se refire a alínea a) anterior, ou no seguinte, volva ter a súa residencia habitual no territorio da comunidade autónoma na que residiu con anterioridade ao cambio.

4. As persoas físicas residentes en territorio español, que non permanezan no dito territorio máis de 183 días durante o ano natural, consideraranse residentes no territorio da comunidade autónoma en que radique o núcleo principal ou a base das súas actividades ou dos seus intereses económicos.

5. As persoas físicas residentes en territorio español por aplicación da presunción prevista no último parágrafo do punto 1 do artigo 9 desta lei, consideraranse residentes no territorio da comunidade autónoma en que residan habitualmente o cónxuxe non separado legalmente e os fillos menores de idade que dependan delas.

CAPÍTULO III

Cálculo do gravame autonómico ou complementario

SECCIÓN 1.^a DETERMINACIÓN DA COTA ÍNTEGRA AUTONÓMICA OU COMPLEMENTARIA

Artigo 74. *Cota íntegra autonómica ou complementaria.*

A cota íntegra autonómica ou complementaria do imposto será a suma das contías resultantes de lle aplicar os tipos de gravame, aos que se refiren os artigos 75 e 77 desta lei, á base liquidable xeral e especial, respectivamente.

Artigo 75. *Escala autonómica ou complementaria do imposto.*

1. A base liquidable xeral será gravada aos tipos da escala autonómica do imposto que, conforme o previsto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía, fosen aprobadas pola comunidade autónoma.

Se a comunidade autónoma non tivese aprobada a escala a que se refire o parágrafo anterior, será aplicable a seguinte escala complementaria:

Base liquidable — ata euros	Cota íntegra — Euros	Resto base liquidable — ata euros	Tipo aplicable — Porcentaxe
0	0	4.000	5,94
4.000	237,60	9.800	8,16
13.800	1.037,28	12.000	9,32
25.800	2.155,68	19.200	12,29
45.000	4.515,36	En diante	15,84

2. Entenderase por tipo medio de gravame autonómico ou complementario, o derivado de multiplicar por 100 o cociente resultante de dividir a cota obtida pola aplicación da escala prevista no punto anterior pola base liquidable xeral.

O tipo medio de gravame autonómico expresarase con dous decimais.

Artigo 76. *Especialidades aplicables nos supostos de anualidades por alimentos a favor dos fillos.*

Os contribuíntes que satisfagan anualidades por alimentos aos seus fillos por decisión xudicial, cando o importe daquelas sexa inferior á base liquidable xeral, aplicarán a escala do artigo anterior separadamente ao importe das anualidades por alimentos e ao resto da base liquidable xeral.

Artigo 77. *Tipo de gravame especial.*

A base liquidable especial gravarase co tipo do 5,94 por cento.

SECCIÓN 2.^a DETERMINACIÓN DA COTA LÍQUIDA AUTONÓMICA OU COMPLEMENTARIA

Artigo 78. *Cota líquida autonómica ou complementaria.*

1. A cota líquida autonómica ou complementaria será o resultado de diminuír a cota íntegra autonómica ou complementaria na suma:

a) Do tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 79 desta lei, cos límites e requisitos de situación patrimonial establecidos no seu artigo 71.

b) Do 33 por cento do importe total das deducións previstas nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 do artigo 69 desta lei, cos límites e requisitos de situación patrimonial previstos nos seus artigos 70 e 71.

c) Do importe das deducións establecidas pola comunidade autónoma no exercicio das competencias previstas na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.

2. O resultado das operacións a que se refire o punto anterior non poderá ser negativo.

Artigo 79. *Tramo autonómico ou complementario da dedución por investimento en vivenda habitual.*

1. O tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual regulada no artigo 69.1 desta lei será o resultado de lle aplicar á base da dedución, de acordo cos requisitos e circunstancias previstas nel, as porcentaxes que, conforme o disposto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía, fosen aprobadas pola comunidade autónoma.

2. Se a comunidade autónoma non tivese aprobadas as porcentaxes a que se refire o punto anterior, serán de aplicación as seguintes:

- Con carácter xeral o 4,95 por cento.
- Cando se utilice financiamento alleo, as porcentaxes incrementadas a que se refire o artigo 69.1.1.b) desta lei, serán do 8,25 por cento e 6,6 por cento, respectivamente.

TÍTULO V

Cota diferencial

Artigo 80. *Cota diferencial.*

A cota diferencial será o resultado de minorar a cota líquida total do imposto, que será a suma das cotas líquidas, estatal e autonómica, nos seguintes importes:

a) As deducións por dobre imposición de dividendos e por dobre imposición internacional previstas nos artigos 81 e 82 desta lei.

b) As retencións, os ingresos á conta e os pagamentos fraccionados previstos nesta lei e nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

c) As deducións a que se refiren o artigo 92.8 e o artigo 93.4 desta lei.

d) Cando o contribuínte adquira a súa condición por cambio de residencia, as retencións e ingresos á conta a que se refire o punto 8 do artigo 101 desta lei, así

como as cotas satisfeitas do imposto sobre a renda de non-residentes e devengadas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia.

e) As retencións a que se refire o punto 11 do artigo 101 desta lei.

Artigo 81. *Dedución por dobre imposición de dividendos.*

1. Deduciranse os importes que resulten de aplicar as porcentaxes que a continuación se indican, cando se trate dos rendementos a que se refire o punto 1 do artigo 23 desta lei:

40 por cento, con carácter xeral.

25 por cento cando, de acordo co citado precepto, tivese procedido multiplicar o rendimento pola porcentaxe do 125 por cento.

Cero por cento cando, de acordo co citado precepto, tivese procedido multiplicar o rendimento pola porcentaxe do 100 por cento.

Para a dedución por dobre imposición correspondente aos retornos das cooperativas protexidas e especialmente protexidas, reguladas pola Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, atenderase ao disposto no artigo 32 da dita lei.

2. A base desta dedución estará constituída polo importe íntegro percibido.

3. As cantidades non deducidas por insuficiencia de cota líquida poderanse deducir nos catro anos seguintes.

Artigo 82. *Dedución por dobre imposición internacional.*

1. Cando entre as rendas do contribuínte figuren rendementos ou ganancias patrimoniais obtidos e gravados no estranxeiro, deducirase a menor das cantidades seguintes:

a) O importe efectivo do satisfeito no estranxeiro por razón dun imposto de natureza idéntica ou análoga a este imposto ou ao imposto sobre a renda de non-residentes sobre os ditos rendementos ou ganancias patrimoniais.

b) O resultado de lle aplicar o tipo medio efectivo de gravame á parte de base liquidable gravada no estranxeiro.

2. Para estes efectos, o tipo medio efectivo de gravame será o resultado de multiplicar por 100 o cociente obtido de dividir a cota líquida total pola base liquidable. Para tal fin, deberase diferenciar o tipo de gravame que lles corresponda ás rendas que se deban integrar na parte xeral ou especial da base imponible, segundo proceda. O tipo de gravame expresarase con dous decimais.

3. Cando se obteñan rendas no estranxeiro a través dun establecemento permanente practicarase a dedución por dobre imposición internacional prevista neste artigo, e en ningún caso resultará de aplicación o procedemento de eliminación da dobre imposición previsto no artigo 22 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Artigo 83. *Dedución por maternidade.*

1. As mulleres con fillos menores de tres anos con dereito á aplicación do mínimo por descendentes previsto no artigo 43 desta lei, que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dadas de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade, poderán minorar a cota diferencial deste

imposto ata en 1.200 euros anuais por cada fillo menor de tres anos.

Nos supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, a dedución poderase practicar, con independencia da idade do menor, durante os tres anos seguintes á data da inscrición no Rexistro Civil.

Cando a inscrición non sexa necesaria, a dedución poderase practicar durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

En caso de falecemento da nai, ou cando a garda e custodia se atribúa de forma exclusiva ao pai ou, de ser o caso, a un titor, sempre que cumpra os requisitos previstos neste artigo, este terá dereito á práctica da dedución pendente.

2. A dedución calcularase de forma proporcional ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos previstos no punto 1 anterior, e terá como límite para cada fillo as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades devengadas en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento ou adopción.

Para efectos do cálculo deste límite computaranse as cotizacións e cotas polos seus importes íntegros, sen tomar en consideración as bonificacións que puidesen corresponder.

3. Poderase solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria o aboamento da dedución de forma anticipada. Nestes supostos, non se minorará a cota diferencial do imposto.

4. Regulamentariamente regularanse o procedemento e as condicións para ter dereito á práctica desta dedución, así como os supostos en que se poida solicitar de forma anticipada o seu aboamento.

TÍTULO VI

Tributación familiar

Artigo 84. *Tributación conxunta.*

1. Poderán tributar conxuntamente as persoas que formen parte dalgunha das seguintes modalidades de unidade familiar:

1.^a A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, de os houber:

a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentes destes.

b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

2.^a Nos casos de separación legal, ou cando non existise vínculo matrimonial, a formada polo pai ou a nai todos os fillos que convivan con un ou outro e que reúnan os requisitos a que se refire a regra 1.^a deste artigo.

2. Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

3. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente en 31 de decembro de cada ano.

Artigo 85. *Opción pola tributación conxunta.*

1. As persoas físicas integradas nunha unidade familiar poderán optar, en calquera período impositivo, por tributar conxuntamente no imposto sobre a renda das persoas físicas, conforme as normas xerais do impos-

to e as disposicións deste título, sempre que todos os seus membros sexan contribuíntes por este imposto.

A opción pola tributación conxunta non vinculará para períodos sucesivos.

2. A opción pola tributación conxunta deberá abarcar a totalidade dos membros da unidade familiar. Se un deles presenta declaración individual, os restantes deberán utilizar o mesmo réxime.

A opción exercitada para un período impositivo non poderá ser modificada con posterioridade respecto do mesmo unha vez finalizado o prazo regulamentario de declaración.

En caso de falta de declaración os contribuíntes tributarán individualmente, salvo que manifesten expresamente a súa opción no prazo de 10 días a partir do requirimento da Administración tributaria.

Artigo 86. *Normas aplicables na tributación conxunta.*

1. Na tributación conxunta serán aplicables as regras xerais do imposto sobre determinación da renda dos contribuíntes, determinación das bases imponible e liquidable e determinación da débeda tributaria, coas especialidades que se fixan nos puntos seguintes.

2. Os importes e límites cuantitativos establecidos para efectos da tributación individual aplicaranse en idéntica contía na tributación conxunta, sen que proceda a súa elevación ou multiplicación en función do número de membros da unidade familiar.

Non obstante:

1.º Os límites máximos de redución na base imponible previstos no punto 5 do artigo 60 desta lei serán aplicados individualmente por cada partícipe ou mutualista integrado na unidade familiar.

2.º Na primeira das modalidades de unidade familiar do artigo 84 desta lei, o mínimo persoal previsto no artigo 42 desta lei será de 3.400 euros por cada un dos cónxuxes.

Para a aplicación das reducións por idade e asistencia, así como as reducións por discapacidade establecidas nos puntos 1 e 4 do artigo 58 desta lei, teranse en conta as circunstancias persoais de cada un dos cónxuxes integrados na unidade familiar.

3.º Na segunda das modalidades de unidade familiar do artigo 84 desta lei, o mínimo persoal previsto no artigo 42 desta lei será de 5.550 euros. Cando o contribuínte conviva co pai ou a nai dalgún dos fillos que forman parte da súa unidade familiar, o mínimo persoal será o previsto no artigo 42 desta lei.

4.º En ningún caso procederá a aplicación do mínimo persoal polos fillos, sen prexuízo da contía que proceda polo mínimo por descendentes e polas reducións por coidado de fillos ou discapacidade.

3. Na tributación conxunta serán compensables, conforme as normas xerais do imposto, as perdas patrimoniais e as bases liquidables xerais negativas, realizadas e non compensadas polos contribuíntes compoñentes da unidade familiar en períodos impositivos anteriores en que tributasen individualmente.

4. Os mesmos conceptos determinados en tributación conxunta serán compensables exclusivamente, en caso de tributación individual posterior, por aqueles contribuíntes aos que lles correspondan de acordo coas regras sobre individualización de rendas contidas nesta lei.

5. As rendas de calquera tipo obtidas polas persoas físicas integradas nunha unidade familiar que optasen pola tributación conxunta, serán gravadas acumulativamente.

6. Todos os membros da unidade familiar quedarán conxunta e solidariamente sometidos ao imposto, sen

prexuízo do dereito a ratear entre si a débeda tributaria, segundo a parte de renda suxeita que corresponda a cada un deles.

TÍTULO VII

Réximes especiais

SECCIÓN 1.^a IMPUTACIÓN DE RENDAS INMOBILIARIAS

Artigo 87. *Imputación de rendas inmobiliarias.*

1. No suposto dos bens inmobles urbanos, cualificados como tales no artigo 62 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, non afectos a actividades económicas, nin xeradores de rendementos do capital inmobiliario, excluída a vivenda habitual e o solo non edificado, terá a consideración de renda imputada a cantidade que resulte de lle aplicar o 2 por cento ao valor catastral, determinándose proporcionalmente ao número de días que corresponda en cada período impositivo.

No caso de inmobles cuxos valores catastrais fosen revisados ou modificados, de conformidade cos procedementos regulados nos artigos 70 e 71 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e entrasen en vigor a partir do 1 de xaneiro de 1994, a renda imputada será o 1,1 por cento do valor catastral.

Se na data de devengo do imposto os inmobles a que se refire este punto carecesen de valor catastral ou este non tivese sido notificado ao titular, tomarase como base de imputación deles o 50 por cento do polo que se deban computar para efectos do imposto sobre o patrimonio. Nestes casos a porcentaxe será do 1,1 por cento.

Cando se trate de inmobles en construción e nos supostos en que, por razóns urbanísticas, o inmovible non sexa susceptible de uso, non se estimará renda ningunha.

2. Estas rendas imputaranse aos titulares dos bens inmobles de acordo co artigo 7 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

Cando existan dereitos reais de disfrute, a renda computable para estes efectos no titular do dereito será a que lle correspondería ao propietario.

3. Nos supostos de dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles, a imputación efectuarase ao titular do dereito real, rateando a base liquidable do imposto sobre bens inmobles en función da duración anual do período de aproveitamento.

Cando non se poida determinar a base liquidable, tomarase como base de imputación o prezo de adquisición do dereito de aproveitamento.

Non procederá a imputación de renda inmobiliaria aos titulares de dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles cando a súa duración non exceda de dúas semanas por ano.

SECCIÓN 2.^a ENTIDADES EN RÉXIME DE ATRIBUCIÓN DE RENDAS

Artigo 88. *Entidades en réxime de atribución de rendas.*

Terán a consideración de entidades en réxime de atribución de rendas aquelas ás que se refire o artigo 10 desta lei e, en particular, as entidades constituídas no estranxeiro cuxa natureza xurídica sexa idéntica ou análoga á das entidades en atribución de rendas constituídas de acordo coas leis españolas.

As rendas correspondentes ás entidades en réxime de atribución de rendas atribuiranse aos socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes, respectivamente, de acordo co establecido nesta sección 2.^a

Artigo 89. *Cualificación da renda atribuída.*

As rendas das entidades en réxime de atribución de rendas atribuídas aos socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes terán a natureza derivada da actividade ou fonte de onde procedan para cada un deles.

Artigo 90. *Cálculo da renda atribuíble e pagamentos á conta.*

1. Para o cálculo das rendas a atribuír a cada un dos socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a As rendas determinarase conforme as normas deste imposto, e non serán aplicables as reducións previstas nos artigos 21.2, 21.3, 24.2, 30 e 94.2 desta lei, coas seguintes especialidades:

a) A renda atribuíble determinarase de acordo co previsto na normativa do imposto sobre sociedades cando todos os membros da entidade en réxime de atribución de rendas sexan suxeitos pasivos do dito imposto ou contribuíntes polo imposto sobre a renda de non-residentes con establecemento permanente, sempre que no primeiro caso non teñan a consideración de sociedades patrimoniais.

b) A determinación da renda atribuíble aos contribuíntes do imposto sobre a renda de non-residentes sen establecemento permanente efectuarase de acordo co previsto no capítulo IV do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo.

c) Para o cálculo da renda atribuíble aos membros da entidade en réxime de atribución de rendas, que sexan suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades ou contribuíntes polo imposto sobre a renda de non-residentes con establecemento permanente ou sen establecemento permanente que non sexan persoas físicas, procedente de ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de elementos non afectos ao desenvolvemento de actividades económicas, non resultará de aplicación o disposto na disposición transitoria novena desta lei.

2.^a A parte de renda atribuíble aos socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes, contribuíntes por este imposto ou polo imposto sobre sociedades, que formen parte dunha entidade en réxime de atribución de rendas constituída no estranxeiro, determinarase de acordo co sinalado na regra 1.^a anterior.

3.^a Cando a entidade en réxime de atribución de rendas obteña rendas de fonte estranxeira que procedan dun país co que España non teña suscrito un convenio para evitar a dobre imposición con cláusula de intercambio de información, non se computarán as rendas negativas que excedan das positivas obtidas no mesmo país e procedan da mesma fonte. O exceso computarase nos catro anos seguintes de acordo co sinalado nesta regra 3.^a

2. Estarán suxeitas a retención ou ingreso á conta, conforme as normas deste imposto, as rendas que se satisfagan ou aboan ás entidades en réxime de atribución de rendas, con independencia de que todos ou algún dos seus membros sexa contribuínte por este imposto, suxeito pasivo do imposto sobre sociedades ou contribuínte polo imposto sobre a renda de non-residentes. A devandita retención ou ingreso á conta deducirase na imposición persoal do socio, herdeiro, comuneiro ou partícipe, na mesma proporción en que se atribúan as rendas.

3. As rendas atribuíranse aos socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes segundo as normas ou pactos aplicables en cada caso e, se estes non constasen á

Administración tributaria en forma fidedigna, atribuíranse por partes iguais.

4. Os membros da entidade en réxime de atribución de rendas que sexan contribuíntes por este imposto poderán practicar na súa declaración as reducións previstas nos artigos 21.2, 21.3, 24.2, 30 e 94.2 desta lei.

5. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades e os contribuíntes polo imposto sobre a renda de non-residentes con establecemento permanente, que sexan membros dunha entidade en réxime de atribución de rendas que adquira accións ou participacións en institucións de investimento colectivo, integrarán na súa base imponible o importe das rendas contabilizadas ou que se deban contabilizar procedentes das citadas accións ou participacións. Así mesmo, integrarán na súa base imponible o importe dos rendementos do capital mobiliario derivados da cesión a terceiros de capitais propios que se devengasen a favor da entidade en réxime de atribución de rendas.

Artigo 91. *Obrigas de información das entidades en réxime de atribución de rendas.*

1. As entidades en réxime de atribución de rendas deberán presentar unha declaración informativa, co contido que regulamentariamente se estableza, relativa ás rendas a atribuír aos seus socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes, residentes ou non en territorio español.

2. A obriga de información a que se refire o punto anterior deberá ser cumprida por quen teña a consideración de representante da entidade en réxime de atribución de rendas, de acordo co previsto no artigo 45.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou polos seus membros contribuíntes por este imposto ou suxeitos pasivos polo imposto sobre sociedades no caso das entidades constituídas no estranxeiro.

3. As entidades en réxime de atribución de rendas deberánlles notificar aos seus socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes, a renda total da entidade e a renda atribuíble a cada un deles nos termos que regulamentariamente se establezan.

4. O ministro de Facenda establecerá o modelo, así como o prazo, lugar e forma de presentación da declaración informativa a que se refire este artigo.

5. Non estarán obrigadas a presentar a declaración informativa a que se refire o punto 1 deste artigo, as entidades en réxime de atribución de rendas que non exerzan actividades económicas e cuxas rendas non excedan de 3.000 euros anuais.

SECCIÓN 3.^a TRANSPARENCIA FISCAL INTERNACIONAL

Artigo 92. *Imputación de rendas no réxime de transparencia fiscal internacional.*

1. Os contribuíntes imputarán a renda positiva obtida por unha entidade non residente en territorio español, en canto a dita renda pertencese a algunha das clases previstas no punto 2 deste artigo e se cumprisen as circunstancias seguintes:

a) Que por si soas ou conxuntamente con entidades vinculadas segundo o previsto no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades ou con outros contribuíntes unidos por vínculos de parentesco, incluído o cónxuxe, en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade ata o segundo grao inclusive, teñan unha participación igual ou superior ao 50 por cento no capital, os fondos propios, os resultados ou os dereitos de voto da entidade non residente en territorio español, na data do peche do exercicio social desta última.

A participación que teñan as entidades vinculadas non residentes computarase polo importe da participación indirecta que determine nas persoas ou entidades vinculadas residentes en territorio español.

O importe da renda positiva a incluír determinarase en proporción á participación nos resultados e, no seu defecto, á participación no capital, os fondos propios ou os dereitos de voto da entidade.

b) Que o importe satisfeito pola entidade non residente en territorio español, imputable a algunha das clases de rendas previstas no punto 2, por razón de gravame de natureza idéntica ou análoga ao imposto sobre sociedades, sexa inferior ao 75 por cento do que tivese correspondido de acordo coas normas do citado imposto.

2. Unicamente se imputará a renda positiva que proceña de cada unha das seguintes fontes:

a) Titularidade de bens inmobles rústicos e urbanos ou de dereitos reais que recaian sobre eles, salvo que estean afectos a unha actividade empresarial conforme o disposto no artigo 27 desta lei ou cedidos en uso a entidades non residentes, pertencentes ao mesmo grupo de sociedades da titular, no sentido do artigo 42 do Código de Comercio.

b) Participación en fondos propios de calquera tipo de entidade e cesión a terceiros de capitais propios, nos termos previstos nos puntos 1 e 2 do artigo 23 desta lei. Non se entenderá incluída nesta alínea b) a renda positiva que proceda dos seguintes activos financeiros:

1.º Os tidos para dar cumprimento a obrigas legais e regulamentarias orixinadas polo exercicio de actividades empresariais.

2.º Os que incorporen dereitos de crédito nados de relacións contractuais establecidas como consecuencia do desenvolvemento de actividades empresariais.

3.º Os tidos como consecuencia do exercicio de actividades de intermediación en mercados oficiais de valores.

4.º Os tidos por entidades de crédito e aseguradoras como consecuencia do exercicio das súas actividades empresariais, sen prexuízo do establecido na alínea c).

A renda positiva derivada da cesión a terceiros de capitais propios entenderase que procede da realización de actividades crediticias e financeiras a que se refire a alínea c), cando o cedente e o cesionario pertencen a un grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de Comercio e os ingresos do cesionario procedan, polo menos, no 85 por cento, do exercicio de actividades empresariais.

c) Actividades crediticias, financeiras, aseguradoras e de prestación de servizos, excepto os directamente relacionados con actividades de exportación, realizadas, directa ou indirectamente, con persoas ou entidades residentes en territorio español e vinculadas no sentido do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, en canto determinen gastos fiscalmente deducibles nas ditas persoas residentes.

Non se incluírá a renda positiva cando máis do 50 por cento dos ingresos derivados das actividades crediticias, financeiras, aseguradoras ou de prestación de servizos, excepto os directamente relacionados con actividades de exportación, realizadas pola entidade non residente procedan de operacións efectuadas con persoas ou entidades non vinculadas no sentido do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

d) Transmisións dos bens e dereitos referidos nas alíneas a) e b) que xeren ganancias e perdas patrimoniais

Non se incluírán as rendas previstas nas alíneas a), b) e d) anteriores, obtidas pola entidade non residente

en canto procedan ou se deriven de entidades en que participe, directa ou indirectamente, en máis do cinco por cento, cando se cumpran os dous requisitos seguintes:

1.º Que a entidade non residente dirixa e xestione as participacións mediante a correspondente organización de medios materiais e persoais.

2.º Que os ingresos das entidades das cales se obtéñan as rendas procedan, polo menos no 85 por cento, do exercicio de actividades empresariais.

Para estes efectos, entenderase que proceden do exercicio de actividades empresariais as rendas previstas nas alíneas a), b) e d) que tivesen a súa orixe en entidades que cumpran o requisito 2.º anterior e estean participadas, directa ou indirectamente, en máis do cinco por cento pola entidade non residente.

3. Non se imputarán as rendas previstas nas alíneas a), b) e d) do punto anterior cando a suma dos seus importes sexa inferior ao 15 por cento da renda total ou ao 4 por cento dos ingresos totais da entidade non residente.

Os límites establecidos no parágrafo anterior poderanse referir á renda ou aos ingresos obtidos polo conxunto das entidades non residentes en territorio español pertencentes a un grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio.

En ningún caso se imputará unha cantidade superior á renda total da entidade non residente.

Non se imputará na base imponible do contribuínte o imposto ou impostos de natureza idéntica ou similar ao imposto sobre sociedades efectivamente satisfeito pola sociedade non residente pola parte de renda a incluír.

As rendas positivas de cada unha das fontes citadas no punto 2 imputaranse na parte xeral da base imponible, de acordo co previsto no artigo 39 desta lei.

4. Estarán obrigados á correspondente imputación os contribuíntes comprendidos na alínea a) do punto 1, que participen directamente na entidade non residente ou ben indirectamente a través doutra ou outras entidades non residentes. Neste último caso, o importe da renda positiva será o correspondente á participación indirecta.

5. A imputación realizarase no período impositivo que comprenda o día en que a entidade non residente en territorio español concluíse o seu exercicio social que, para estes efectos, non se poderá entender de duración superior a 12 meses, salvo que o contribuínte opte por realizar a dita inclusión no período impositivo que comprenda o día en que se aproben as contas correspondentes ao dito exercicio, sempre que non transcorresen máis de seis meses contados a partir da data da súa conclusión.

A opción manifestarase na primeira declaración do imposto en que se deba producir efecto, e deberase manter durante tres anos.

6. O importe da renda positiva a imputar na base imponible calcularase de acordo cos principios e criterios establecidos no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, e nas restantes disposicións relativas ao imposto sobre sociedades para a determinación da base imponible. Entenderase por renda total o importe da base imponible que resulte de aplicar estes mesmos criterios e principios.

Para estes efectos, utilizarase o tipo de cambio vixente ao peche do exercicio social da entidade non residente en territorio español.

7. Non se imputarán os dividendos ou participacións en beneficios na parte que corresponda á renda positiva que fose imputada. O mesmo tratamento se lles aplicará aos dividendos á conta.

En caso de distribución de reservas atenderase á designación contida no acordo social, entendéndose aplicadas as últimas cantidades aboadas ás ditas reservas.

Unha mesma renda positiva soamente poderá ser obxecto de imputación por unha soa vez, calquera que sexa a forma e a entidade en que se manifeste.

8. Será deducible da cota líquida o imposto ou gravame efectivamente satisfeito no estranxeiro por razón da distribución dos dividendos ou participacións en beneficios, sexa conforme a un convenio para evitar a dobre imposición ou de acordo coa lexislación interna do país o territorio de que se trate, na parte que corresponda á renda positiva incluída na base imponible.

Esta dedución practicarase mesmo cando os impostos correspondan a períodos impositivos distintos a aquel en que se realizou a inclusión.

En ningún caso se deducirán os impostos satisfeitos en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais.

Esta dedución non poderá exceder da cota íntegra que en España correspondería pagar pola renda positiva imputada na base imponible.

9. Para calcular a renda derivada da transmisión da participación, directa ou indirecta, empregaranse as regras contidas na alínea c) do punto 1 do artigo 35 desta lei, en relación á renda positiva imputada na base imponible. Os beneficios sociais a que se refire o citado precepto serán os correspondentes á renda positiva imputada.

10. Os contribuíntes aos que lles sexa de aplicación o previsto neste artigo deberán presentar conxuntamente coa declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas os seguintes datos relativos á entidade non residente en territorio español:

- a) Nome ou razón social e lugar do domicilio social.
- b) Relación de administradores.
- c) Balance e conta de perdas e ganancias.
- d) Importe das rendas positivas que deban ser imputadas.
- e) Xustificación dos impostos satisfeitos respecto da renda positiva que deba ser imputada.

11. Cando a entidade participada sexa residente de países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais presumirase que:

- a) Cúmrese a circunstancia prevista na alínea b) do punto 1.
- b) A renda obtida pola entidade participada procede das fontes de renda a que se refire o punto 2.
- c) A renda obtida pola entidade participada é o 15 por cento do valor de adquisición da participación.

As presuncións contidas nos parágrafos anteriores admitirán proba en contrario.

As presuncións contidas nos parágrafos anteriores non se aplicarán cando a entidade participada consolide as súas contas, de acordo co previsto no artigo 42 do Código de comercio, con algunha ou algunhas das entidades obrigadas á inclusión.

12. O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo do disposto nos tratados e convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno e no artigo 4 desta lei.

13. O previsto neste artigo non será de aplicación cando a entidade non residente en territorio español sexa residente noutro Estado membro da Unión Europea, salvo que resida nun territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

SECCIÓN 4.^a DEREITOS DE IMAXE

Artigo 93. *Imputación de rendas pola cesión de dereitos de imaxe.*

1. Os contribuíntes imputarán na súa base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas a cantidade a que se refire o punto 3 cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que tivesen cedido o dereito á explotación da súa imaxe ou tivesen consentido ou autorizado a súa utilización a outra persoa ou entidade, residente ou non residente. Para efectos do disposto neste parágrafo, será indiferente que a cesión, consentimento ou autorización tivese lugar cando a persoa física non fose contribuínte.

b) Que lles presten os seus servizos a unha persoa ou entidade no ámbito dunha relación laboral.

c) Que a persoa ou entidade coa que o contribuínte manteña a relación laboral, ou calquera outra persoa ou entidade vinculada con elas nos termos do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades obtivese, mediante actos concertados con persoas ou entidades residentes ou non residentes a cesión do dereito á explotación ou o consentimento ou autorización para a utilización da imaxe da persoa física.

2. A imputación a que se refire o punto anterior non procederá cando os rendementos do traballo obtidos no período impositivo pola persoa física a que se refire o parágrafo primeiro do punto anterior en virtude da relación laboral non sexan inferiores ao 85 por cento da suma dos citados rendementos máis a total contraprestación a cargo da persoa ou entidade a que se refire a alínea c) do punto anterior polos actos alí sinalados.

3. A cantidade a imputar será o valor da contraprestación que satisfíxese con anterioridade á contratación dos servizos laborais da persoa física ou que deba satisfacer a persoa ou entidade a que se refire a alínea c) do punto 1 polos actos alí sinalados. A devandita cantidade incrementarase no importe do ingreso á conta a que se refire o punto 8 e minorarase no valor da contraprestación obtida pola persoa física como consecuencia da cesión, consentimento ou autorización a que se refire a alínea a) do punto 1, sempre que aquela se obtivese nun período impositivo en que a persoa física titular da imaxe sexa contribuínte por este imposto.

4.1.º Cando proceda a imputación, será deducible da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente á persoa a que se refire o parágrafo primeiro do punto 1:

a) O imposto ou impostos de natureza idéntica ou similar ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou sobre sociedades que, satisfeito no estranxeiro pola persoa ou entidade non residente primeira cesionaria, corresponda á parte da renda neta derivada da contía que debe incluír na súa base imponible.

b) O imposto sobre a renda das persoas físicas ou sobre sociedades que, satisfeito en España pola persoa ou entidade residente primeira cesionaria, corresponda á parte da renda neta derivada da contía que debe incluír na súa base imponible.

c) O imposto ou gravame efectivamente satisfeito no estranxeiro por razón da distribución dos dividendos ou participacións en beneficios distribuídos pola primeira cesionaria, sexa conforme un convenio para evitar a dobre imposición ou de acordo coa lexislación interna do país ou territorio de que se trate, na parte que corresponda á contía incluída na base imponible.

d) O imposto satisfeito en España, cando a persoa física non sexa residente, que corresponda á contraprestación obtida pola persoa física como consecuencia da primeira cesión do dereito á explotación da súa imaxe

ou do consentimento ou autorización para a súa utilización.

e) O imposto ou impostos de natureza idéntica ou similar ao imposto sobre a renda das persoas físicas satisfeito no estranxeiro, que corresponda á contraprestación obtida pola persoa física como consecuencia da primeira cesión do dereito á explotación da súa imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización.

2.º Estas deducións practícaranse mesmo cando os impostos correspondan a períodos impositivos distintos a aquel en que se realizou a imputación.

En ningún caso se deducirán os impostos satisfeitos en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais.

Estas deducións non poderán exceder, no seu conxunto, da cota íntegra que corresponda satisfacer en España pola renda imputada na base imponible.

5.1.º A imputación será realizada pola persoa física no período impositivo que corresponda á data en que a persoa ou entidade a que se refire a alínea c) do punto 1 efectúe o pagamento ou satisfaga a contraprestación acordada, salvo que por este período impositivo a persoa física non fose contribuínte por este imposto, caso en que a inclusión se deberá efectuar no primeiro ou no último período impositivo polo que deba tributar por este imposto, segundo os casos.

2.º A imputación efectuarase na parte xeral da base imponible, de acordo co previsto no artigo 39 desta lei.

3.º Para estes efectos utilizarase o tipo de cambio vixente ao día de pagamento ou satisfacción da contraprestación acordada por parte da persoa ou entidade a que se refire a alínea c) do punto 1.

6.1.º Non se imputarán no imposto persoal dos socios da primeira cesionaria os dividendos ou participacións en beneficios distribuídos por esta na parte que corresponda á contía que fose imputada pola persoa física a que se refire o primeiro parágrafo do punto 1. O mesmo tratamento se aplicará aos dividendos á conta.

En caso de distribución de reservas atenderase á designación contida no acordo social, entendéndose aplicadas as últimas cantidades aboadas ás ditas reservas.

2.º Os dividendos ou participacións a que se refire o ordinal 1.º anterior non darán dereito á dedución por dobre imposición de dividendos nin á dedución por dobre imposición internacional.

3.º Unha mesma contía soamente poderá ser obxecto de imputación por unha soa vez, calquera que sexa a forma e a persoa ou entidade en que se manifeste.

7. O previsto nos puntos anteriores deste artigo entenderase sen prexuízo do disposto nos tratados e convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno e no artigo 4 desta lei.

8. Cando proceda a imputación a que se refire o punto 1, a persoa ou entidade a que se refire a súa alínea c) deberá efectuar un ingreso á conta das contraprestacións satisfeitas en metálico ou en especie a persoas ou entidades non residentes polos actos alí sinalados.

Se a contraprestación fose en especie, a súa valoración efectuarase de acordo co previsto no artigo 47 desta lei, e practícarase o ingreso á conta sobre o dito valor.

A persoa ou entidade a que se refire a alínea c) do punto 1 deberá presentar declaración do ingreso á conta na forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Facenda. Ao tempo de presentar a declaración deberá determinar o seu importe e efectuar o seu ingreso no Tesouro.

Reglamentariamente regularase o tipo de ingreso á conta.

SECCIÓN 5.ª REDUCIÓNS APLICABLES A DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGURO

Artigo 94. *Porcentaxes de redución aplicables a determinados rendementos procedentes de contratos de seguro.*

1. Ás prestacións percibidas en forma de capital, establecidas no artigo 16.2.a).5.ª desta lei cando as achegas efectuadas polos empresarios non fosen imputadas ás persoas ás que se vinculen as prestacións, resultarálles de aplicación a porcentaxe de redución do 40 por cento:

a) Cando se trate de prestacións por invalidez.

b) Cando correspondan a primas satisfeitas con máis de dous anos de antelación á data en que se perciban.

2. Aos rendementos derivados das prestacións percibidas en forma de capital, establecidas no artigo 16.2.a).5.ª desta lei cando as achegas efectuadas polos empresarios fosen imputadas ás persoas a que se vinculen as prestacións, e aos rendementos derivados de percepcións en forma de capital dos contratos de seguro a que se refire o artigo 23.3 desta lei, resultaranlles de aplicación as seguintes porcentaxes de redución:

a) O 40 por cento, para os rendementos que correspondan a primas satisfeitas con máis de dous anos de antelación á data en que se perciban, e para os rendementos derivados de prestacións por invalidez ás que non resulte de aplicación o previsto na alínea b) seguinte.

b) O 75 por cento para os rendementos que correspondan a primas satisfeitas con máis de cinco anos de antelación á data en que se perciban, e para os rendementos derivados de prestacións por invalidez, nos termos e graos que regulamentariamente se determinen.

Esta mesma porcentaxe resultará de aplicación ao rendimento total derivado de prestacións destes contratos que se perciban en forma de capital, cando transcorresen máis de oito anos desde o pagamento da primeira prima, sempre que as primas satisfeitas ao longo da duración do contrato garden unha periodicidade e regularidade suficientes, nos termos que regulamentariamente se establezan.

c) Regulamentariamente poderán establecerse fórmulas simplificadas para a aplicación das reducións a que se refiren as alíneas a) e b) anteriores.

3. As reducións previstas neste artigo non resultarán de aplicación a estas prestacións cando sexan percibidas en forma de renda, nin aos rendementos derivados de percepcións de contratos de seguros de vida en que o tomador asuma o risco do investimento e resulte de aplicación a regra especial de imputación temporal prevista no artigo 14.2.h) desta lei.

TÍTULO VIII

Institucións de investimento colectivo

Artigo 95. *Tributación dos socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo.*

1. Os contribuíntes que sexan socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo reguladas na Lei de institucións de investimento colectivo, imputarán na parte xeral ou especial da renda do período impositivo, de conformidade co disposto nas normas desta lei, as seguintes rendas:

a) A ganancia ou perda patrimonial obtida como consecuencia da transmisión das accións ou participa-

cións ou do reembolso destas últimas. Cando existan valores homoxéneos, considerarase que os transmitidos ou reembolsados polo contribuínte son aqueles que adquiriu en primeiro lugar.

Cando o importe obtido como consecuencia do reembolso ou transmisión de participacións ou accións en institucións de investimento colectivo se destine, de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza, á adquisición ou subscripción doutras accións ou participacións en institucións de investimento colectivo, non procederá computar a ganancia ou perda patrimonial, e as novas accións ou participacións subscritas conservarán o valor e a data de adquisición das accións ou participacións transmitidas ou reembolsadas, nos seguintes casos:

1.º Nos reembolsos de participacións en institucións de investimento colectivo que teñan a consideración de fondos de investimento.

2.º Nas transmisións de accións de institucións de investimento colectivo con forma societaria, sempre que se cumpran as dúas condicións seguintes:

Que o número de socios da institución de investimento colectivo cuxas accións se transmitan sexa superior a 500.

Que o contribuínte non participase, nalgún momento dentro dos 12 meses anteriores á data da transmisión, en máis do cinco por cento do capital da institución de investimento colectivo.

O réxime de diferimento previsto no segundo parágrafo desta alínea a) non resultará de aplicación cando, por calquera medio, se poña á disposición do contribuínte o importe derivado do reembolso ou transmisión das accións ou participacións de institucións de investimento colectivo.

b) Os resultados distribuídos polas institucións de investimento colectivo, que non darán dereito a dedución por dobre imposición de dividendos a que se refire o artigo 81 desta lei.

Non obstante, procederá a aplicación da citada dedución respecto daqueles dividendos que procedan de sociedades de investimento mobiliario ou inmobiliario a que resulte de aplicación o tipo xeral de gravame establecido no artigo 28 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

2. O réxime previsto no punto 1 deste artigo seralles de aplicación aos socios ou partícipes de institucións de investimento colectivo, reguladas pola Directiva 85/611/CEE do Consello, do 20 de decembro de 1985, distintas das previstas no artigo 96 desta lei, constituídas e domiciliadas nalgún Estado membro da Unión Europea e inscritas no rexistro especial da Comisión Nacional do Mercado de Valores, para efectos da súa comercialización por entidades residentes en España.

Para a aplicación do disposto no segundo parágrafo do punto 1.a) exixíranse os seguintes requisitos:

a) A adquisición, subscripción, transmisión e reembolso de accións e participacións de institucións de investimento colectivo realizaranse a través de entidades comercializadoras inscritas na Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) No caso de que a institución de investimento colectivo se estructure en compartimentos ou subfondos, o número de socios e a porcentaxe máxima de participación previstos no punto 1.a). 2.º anterior entenderase referido a cada compartimento ou subfondo comercializado.

3. A determinación do número de socios e da porcentaxe máxima de participación no capital das insti-

tucións de investimento colectivo realizarase de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza. Para estes efectos, a información relativa ao número de socios, á súa identidade e á súa porcentaxe de participación non terá a consideración de feito relevante.

Artigo 96. Tributación dos socios ou partícipes das institucións de investimento colectivo constituídas en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais.

1. Os contribuíntes que participen en institucións de investimento colectivo constituídas en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais, imputarán na parte xeral da base imponible, de acordo co previsto no artigo 39 desta lei, a diferenza positiva entre o valor liquidativo da participación ao día de peche do período impositivo e o seu valor de adquisición.

A cantidade imputada considerarase maior valor de adquisición.

2. Os beneficios distribuídos pola institución de investimento colectivo non se imputarán e minorarán o valor de adquisición da participación. Estes beneficios non darán dereito a dedución por dobre imposición.

3. Presumirase, salvo proba en contrario, que a diferenza a que se refire o punto 1 é o 15 por cento do valor de adquisición da acción ou participación.

TÍTULO IX

Xestión do imposto

CAPÍTULO I

Declaracións

Artigo 97. Obriga de declarar.

1. Os contribuíntes estarán obrigados a presentar e subscribir declaración por este imposto, cos límites e condicións que regulamentariamente se establezan.

2. Non obstante, non terán que declarar os contribuíntes que obteñan rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes, en tributación individual ou conxunta:

a) Rendementos íntegros do traballo, co límite de 22.000 euros anuais.

b) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso á conta, co límite conxunto de 1.600 euros anuais.

c) Rendas inmobiliarias imputadas en virtude do artigo 87 desta lei que correspondan a un único inmovible, rendementos íntegros do capital mobiliario non suxeitos a retención derivados de letras do Tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado, co límite conxunto de 1.000 euros anuais.

En ningún caso terán que declarar os contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos íntegros do traballo, de capital ou de actividades profesionais, así como ganancias patrimoniais, co límite conxunto de 1.000 euros anuais.

3. O límite a que se refire a alínea a) do punto 2 anterior será de 8.000 euros para os contribuíntes que perciban rendementos íntegros do traballo nos seguintes supostos:

a) Cando procedan de máis dun pagador. Non obstante, o límite será de 22.000 euros anuais nos seguintes supostos:

1.º Cando a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supere no seu conxunto a cantidade de 1.000 euros anuais.

2.º Cando se trate de contribuíntes cuxos únicos rendementos do traballo consistan nas prestacións pasivas a que se refire o artigo 16.2.a) desta lei e a determinación do tipo de retención aplicable se tivese realizado de acordo co procedemento especial que regulamentariamente se estableza.

b) Cando se perciban pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos diferentes das previstas no artigo 7 desta lei.

c) Cando o pagador dos rendementos do traballo non estea obrigado a reter de acordo co previsto regulamentariamente.

4. Estarán obrigados a declarar en todo caso os contribuíntes que teñan dereito a dedución por investimento en vivenda, por conta aforro-empresa, por dobre imposición internacional ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade, plans de pensións, plans de previsión asegurados ou mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible, nas condicións que se establezan regulamentariamente.

5. Os modelos de declaración serán aprobados polo ministro de Facenda, que establecerá a forma e os prazos da súa presentación, así como os supostos e as condicións de presentación das declaracións por medios telemáticos.

6. O ministro de Facenda poderá aprobar a utilización de modalidades simplificadas ou especiais de declaración.

A declaración efectuarase na forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Facenda.

Os contribuíntes deberán cubrir a totalidade dos datos que lles afecten contidos nas declaracións, xuntar os documentos e xustificantes que se establezan e presentalos nos lugares que determine o ministro de Facenda.

7. Os sucesores do causante quedarán obrigados a cumprir as obrigas tributarias pendentes por este imposto, con exclusión das sancións, de conformidade co artigo 39.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

8. Cando os contribuíntes non tivesen obriga de declarar, as administracións públicas non poderán exixir a achega de declaracións por este imposto co obxecto de obter subvencións ou calquera prestación pública, ou de ningún xeito condicionar estas á presentación das devanditas declaracións.

9. A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá modificar o previsto nos puntos anteriores.

Artigo 98. *Autoliquidación.*

1. Os contribuíntes que estean obrigados a declarar por este imposto, ao tempo de presentaren a súa declaración deberán determinar a débeda tributaria correspondente e ingresala no lugar, forma e prazos determinados polo ministro de Facenda.

2. O ingreso do importe resultante da autoliquidación poderase fraccionar na forma que regulamentariamente se determine.

3. O pagamento da débeda tributaria poderase realizar mediante entrega de bens integrantes do patrimonio histórico español que estean inscritos no Inventario Xeral de Bens Móbiles ou no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural, de acordo co disposto no artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

4. Os sucesores do causante quedarán obrigados a cumprir as obrigas tributarias pendentes por este

imposto, con exclusión das sancións, de conformidade co artigo 39.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

5. No suposto previsto no artigo 14.4 desta lei, os sucesores do causante poderanlle solicitar á Administración tributaria o fraccionamento da parte de débeda tributaria correspondente ás rendas a que se refire o dito precepto, calculada aplicando o tipo regulado no artigo 82.2 desta lei.

A solicitude formularase dentro do prazo regulamentario de declaración relativo ao período impositivo do falecemento e concederase en función dos períodos impositivos a que correspondería imputar as ditas rendas en caso de que aquel non se tivese producido co límite máximo de catro anos nas condicións que se determinen regulamentariamente.

6. O contribuínte casado e non separado legalmente que estea obrigado a presentar declaración por este imposto e cuxa autoliquidación resulte a ingresar poderá, ao tempo de presentar a súa declaración, solicitar a suspensión do ingreso da débeda tributaria, sen xuros de demora, nunha contía igual ou inferior á devolución a que teña dereito o seu cónxuxe por este mesmo imposto.

A solicitude de suspensión do ingreso da débeda tributaria que cumpra todos os requisitos enumerados neste punto determinará a suspensión provisional do ingreso ata que sexa recoñecido pola Administración tributaria o dereito á devolución a favor do outro cónxuxe. O resto da débeda tributaria poderase fraccionar de acordo co establecido no punto 2 deste artigo.

Os requisitos para obter a suspensión provisional serán os seguintes:

a) O cónxuxe cuxa autoliquidación resulte a devolver deberá renunciar ao cobramento da devolución ata o importe da débeda cuxa suspensión fose solicitada. Así mesmo, deberá aceptar que a cantidade á que renuncia se aplique ao pagamento da dita débeda.

b) A débeda cuxa suspensión se solicita e a devolución pretendida deberán corresponder ao mesmo período impositivo.

c) Ambas as autoliquidacións deberanse presentar de forma simultánea dentro do prazo que estableza o ministro de Facenda.

d) Os cónxuxes non poderán estar acollidos ao sistema de conta corrente tributaria regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño.

e) Os cónxuxes deberán estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias nos termos previstos na Orde do 28 de abril de 1986, sobre xustificación do cumprimento de obrigas tributarias.

A Administración notificaralles a ambos os cónxuxes dentro do prazo previsto no punto 1 do artigo 105 desta lei, o acordo que se adopte con expresión, de ser o caso, da débeda extinguida e das devolucións ou ingresos adicionais que procedan.

Cando non proceda a suspensión por non se reuniren os requisitos anteriormente sinalados, a Administración practicará liquidación provisional ao contribuínte que solicitou a suspensión por importe da débeda obxecto da solicitude xunto co xuro de demora calculado desde a data de vencemento do prazo establecido para presentar a autoliquidación ata a data da liquidación.

Os efectos do recoñecemento do dereito á devolución respecto á débeda cuxa suspensión se solicitou son os seguintes:

a) Se a devolución recoñecida fose igual á débeda, esta quedará extinguida, ao igual que o dereito á devolución.

b) Se a devolución recoñecida fose superior á débeda, esta declararase extinguida e a Administración pro-

cederá a devolver a diferenza entre ambos os importes de acordo co previsto no artigo 105 desta lei.

c) Se a devolución recoñecida fose inferior á débeda, esta declarárase extinguida na parte concorrente, practicando a Administración tributaria liquidación provisional ao contribuínte que solicitou a suspensión por importe da diferenza, exixíndolle igualmente o xuro de demora calculado desde a data de vencemento do prazo establecido para presentar a autoliquidación ata a data da liquidación.

Considerarase que non existe transmisión lucrativa para efectos fiscais entre os cónxuxes pola renuncia á devolución dun deles para a súa aplicación ao pagamento da débeda do outro.

Regulamentariamente poderá regularse o procedemento a que se refire este punto

Artigo 99. Borrador de declaración.

1. Os contribuíntes obrigados a presentar declaración de acordo co previsto no artigo 97 desta lei poderán solicitar que a Administración tributaria lles remita, para efectos meramente informativos, un borrador de declaración, sen prexuízo do cumprimento do disposto no punto 1 do artigo 98 desta lei, sempre que obteñan rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes:

- a) Rendementos do traballo.
- b) Rendementos do capital mobiliario suxeitos a retención ou ingreso á conta, así como os derivados de letras do Tesouro.
- c) Imputación de rendas inmobiliarias sempre que procedan, como máximo, de dous inmobles.
- d) Ganancias patrimoniais sometidas a retención ou ingreso á conta, así como as subvencións para a adquisición de vivenda habitual.

2. Cando a Administración tributaria careza da información necesaria para a elaboración do borrador de declaración, porá á disposición do contribuínte os datos que lle poidan facilitar a confección da declaración do imposto.

Non poderán subscribir nin confirmar o borrador de declaración os contribuíntes que se encontren nalgunha das situacións seguintes:

- a) Os contribuíntes que obtivesen rendas exentas con progresividade en virtude de convenios para evitar a dobre imposición subscritos por España.
- b) Os contribuíntes que compensen partidas negativas de exercicios anteriores.
- c) Os contribuíntes que pretendan regularizar situacións tributarias procedentes de declaracións anteriormente presentadas.
- d) Os contribuíntes que teñan dereito á dedución por dobre imposición internacional e exerciten tal dereito.

3. A Administración tributaria remitirá o borrador de declaración, de acordo co procedemento que estableza o ministro de Facenda.

A falta de recepción del non exonerará o contribuínte do cumprimento da súa obriga de presentar declaración.

4. Cando o contribuínte considere que o borrador de declaración reflicte a súa situación tributaria para efectos deste imposto, poderao subscribir ou confirmar, nas condicións que estableza o ministro de Facenda. Neste suposto, terá a consideración de declaración por este imposto para os efectos previstos no punto 1 do artigo 98 desta lei.

A presentación e o ingreso que, de ser o caso, resulte deberase realizar, de acordo co establecido no citado

artigo 98, no lugar, forma e prazos que determine o ministro de Facenda.

5. Cando o contribuínte considere que o borrador de declaración non reflicte a súa situación tributaria para efectos deste imposto, deberá presentar a correspondente declaración, de acordo co disposto no artigo 98 desta lei.

6. O modelo de solicitude de borrador de declaración será aprobado polo ministro de Facenda, quen establecerá o prazo e o lugar de presentación, así como os supostos e as condicións en que sexa posible presentar a solicitude por medios telemáticos ou telefónicos.

Artigo 100. Comunicación de datos polo contribuínte e solicitude de devolución.

1. Os contribuíntes que non teñan que presentar declaración por este imposto, conforme o artigo 97 desta lei, poderán dirixir unha comunicación á Administración tributaria solicitando a devolución da cantidade que resulte procedente, cando a suma das retencións e ingresos á conta soportados, dos pagamentos fraccionados efectuados e, de ser o caso, da dedución prevista no artigo 83 desta lei, sexa superior á cota líquida total minorada no importe das deducións por dobre imposición de dividendos e internacional.

Para tales efectos, a Administración tributaria poderá requirir dos contribuíntes a presentación dunha comunicación e a información e documentos que resulten necesarios para a práctica da devolución.

2. Os modelos de comunicación serán aprobados polo ministro de Facenda quen establecerá o prazo e o lugar da súa presentación. Os supostos e as condicións de presentación das comunicacións por medios telemáticos e os casos en que os datos comunicados se entenderán subsistentes para anos sucesivos, de o contribuínte non comunicar variación neles.

3. A Administración tributaria á vista, de ser o caso, da comunicación recibida e dos datos e antecedentes que constan no seu poder, efectuará, se procede, a devolución que resulte ao contribuínte. Para efectos meramente informativos, comunicaráselles aos contribuíntes o resultado dos cálculos efectuados, polos medios que regulamentariamente se establezan.

Recibida a devolución ou, de ser o caso, transcorrido o prazo para realizala, os contribuíntes poderán solicitar, dentro do prazo dos tres meses seguintes, que a Administración practique unha liquidación provisional, de acordo co previsto no punto 2 do artigo 104 desta lei e a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A notificación non poderá implicar ningunha obriga a cargo do contribuínte distinta á restitución do previamente devolto máis o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A este mesmo réxime quedarán igualmente suxeitos os contribuíntes que obtivesen devolucións superiores ás que lles correspondan.

4. O procedemento, así como o prazo e a forma de pagamento da devolución a que se refire este artigo, determinarase regulamentariamente.

Transcorrido o prazo para a devolución sen que se ordenase o pagamento por causa imputable á Administración tributaria, aplicaráselle á cantidade pendente de devolución o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, desde o día seguinte ao do termo do dito prazo e ata a data en que se ordene o seu pagamento, sen necesidade de que o contribuínte así o reclame.

5. Non obstante o anterior, a Administración tributaria procederá á determinación das cotas a que se refire o artigo 78 desta lei, para os únicos efectos de lle dar cumprimento ao establecido no artigo 18.2.a).4.º da Lei

21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía.

CAPÍTULO II

Pagamentos á conta

Artigo 101. *Obriga de practicar pagamentos á conta.*

1. No imposto sobre a renda das persoas físicas, os pagamentos á conta que, en todo caso, terán a consideración de débeda tributaria, poderán consistir en:

- a) Retencións.
- b) Ingresos á conta.
- c) Pagamentos fraccionados.

2. As entidades e as persoas xurídicas, incluídas as entidades en atribución de rendas, que satisfagan ou aboem rendas suxeitas a este imposto, estarán obrigadas a practicar retención e ingreso á conta, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao perceptor, na cantidade que se determine regulamentariamente e a ingresar o seu importe no Tesouro nos casos e na forma que se establezan. Estarán suxeitos ás mesmas obrigas os contribuíntes por este imposto que exerzan actividades económicas respecto ás rendas que satisfagan ou aboem no exercicio das ditas actividades, así como as persoas físicas, xurídicas e demais entidades non residentes en territorio español, que operen nel mediante establecemento permanente, ou sen establecemento permanente respecto aos rendementos do traballo que satisfagan, así como respecto doutros rendementos sometidos a retención ou ingreso á conta que constitúan gasto deducible para a obtención das rendas a que se refire o punto 2 do artigo 24 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes.

Cando unha entidade, residente ou non residente, satisfaga ou aboe rendementos do traballo a contribuíntes que presten os seus servizos a unha entidade residente vinculada con aquela nos termos previstos no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades ou a un establecemento permanente radicado en territorio español, a entidade ou o establecemento permanente en que preste os seus servizos o contribuínte, deberá efectuar a retención ou o ingreso á conta.

O representante designado de acordo co disposto no artigo 86.1 e a disposición adicional décimo sétima da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, que actúe en nome da entidade aseguradora que opere en réxime de libre prestación de servizos, deberá practicar retención e ingreso á conta en relación coas operacións que se realicen en España.

En ningún caso estarán obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta as misións diplomáticas ou oficinas consulares en España de estados estranxeiros.

3. Non se someterán a retención os rendementos derivados das letras do Tesouro e da transmisión, troco ou amortización dos valores de débeda pública que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999 non estivesen suxeitas a retención. Regulamentariamente poderanse exceptuar da retención ou do ingreso á conta determinadas rendas.

Tampouco estará suxeito a retención ou ingreso á conta o rendemento derivado da distribución da prima de emisión de accións ou participacións, ou da redución de capital. Regulamentariamente poderá establecerse a obriga de practicar retención ou ingreso á conta nestes supostos.

4. En todo caso, os suxeitos obrigados a reter ou a ingresar á conta asumirán a obriga de efectuar o ingreso no Tesouro, sen que o incumprimento daquela obriga os poida escusar desta.

5. O perceptor de rendas sobre as cales se deba reter á conta deste imposto computará aquelas pola contraprestación íntegra devengada.

De a retención non se ter practicado ou o ter sido por un importe inferior ao debido, por causa imputable ao retedor ou obrigado a ingresar á conta, o perceptor deducirá da cota a cantidade que debeu ser retida.

No caso de retribucións legalmente establecidas que fosen satisfeitas polo sector público, o perceptor soamente poderá deducir as cantidades efectivamente retidas.

Cando non se puidese probar a contraprestación íntegra devengada, a Administración tributaria poderá computar como importe íntegro unha cantidade que, unha vez restada dela a retención procedente, reflita a efectivamente percibida. Neste caso deducirase da cota como retención á conta a diferenza entre o realmente percibido e o importe íntegro.

6. Cando exista obriga de ingresar á conta, presumirase que o dito ingreso foi efectuado. O contribuínte incluírá na base imponible a valoración da retribución en especie, conforme as normas previstas nesta lei e o ingreso á conta, salvo que lle tivese sido repercutido.

7. Os contribuíntes que exerzan actividades económicas estarán obrigados a efectuar pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, autoliquidando e ingresando o seu importe nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Regulamentariamente poderanse exceptuar desta obriga aqueles contribuíntes cuxos ingresos estivesen suxeitos a retención ou ingreso á conta na porcentaxe que se fixe para o efecto.

O pagamento fraccionado correspondente ás entidades en réxime de atribución de rendas, que exerzan actividades económicas, efectuarase por cada un dos socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes, aos que proceda atribuír rendas desta natureza, en proporción á súa participación no beneficio da entidade.

8.1.º Cando o contribuínte adquira a súa condición por cambio de residencia, terán a consideración de pagamentos á conta deste imposto as retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda de non-residentes, practicadas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia.

2.º Os traballadores por conta allea que non sexan contribuíntes por este imposto, pero que vaian adquirir esta condición como consecuencia do seu desprazamento a territorio español, poderanlle comunicar á Administración tributaria esta circunstancia, deixando constancia da data de entrada no dito territorio, para os exclusivos efectos de que o pagador dos rendementos do traballo os considere como contribuíntes por este imposto.

De acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza, a Administración tributaria expediralles un documento acreditativo aos traballadores por conta allea que o soliciten, que lle comunicarán ao pagador dos seus rendementos do traballo, residentes ou con establecemento permanente en España, e no cal conste a data a partir da cal as retencións e ingresos á conta se practicarán por este imposto, tendo en conta para o cálculo do tipo de retención o sinalado no punto 1.º anterior.

9. Cando, en virtude de resolución xudicial ou administrativa, se deba satisfacer unha renda suxeita a retención ou ingreso á conta deste imposto, o pagador deberá practicar aquela sobre a cantidade íntegra que veña obrigado a satisfacer e deberá ingresar o seu importe no Tesouro, de acordo co previsto neste artigo.

10. Os contribuíntes deberán comunicar, ao pagador de rendementos sometidos a retención ou ingreso á conta dos cales sexan perceptores, as circunstancias determinantes para o cálculo da retención ou ingreso á conta procedente, nos termos que se establezan regulamentariamente.

11. Terán a consideración de pagamentos á conta deste imposto as retencións á conta efectivamente practicadas en virtude do disposto no artigo 11 da Directiva 2003/48/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003, en materia de fiscalidade dos rendementos do aforro en forma de pagamento de xuros.

Artigo 102. Normas sobre pagamentos á conta, transmisión e obrigas formais relativas a activos financeiros e outros valores mobiliarios.

1. Nas transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio das institucións de investimento colectivo estarán obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta por este imposto, nos casos e na forma que regulamentariamente se estableza, as entidades xestoras, administradoras, depositarias, comercializadoras ou calquera outra encargada das operacións mencionadas, así como o representante designado de acordo co disposto no artigo 55.7 e a disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, que actúe en nome da xestora que opere en réxime de libre prestación de servizos.

Reglamentariamente poderá establecerse a obriga de efectuar pagamentos á conta a cargo do transmitente de accións e participacións de institucións de investimento colectivo, co límite do 20 por cento da renda obtida nas citadas transmisións.

2. Para os efectos da obriga de reter sobre os rendementos implícitos do capital mobiliario, á conta deste imposto, esta retención será efectuada polas seguintes persoas ou entidades:

a) Nos rendementos obtidos na transmisión ou reembolso dos activos financeiros sobre os que regulamentariamente se establecese a obriga de reter, o retedor será a entidade emisora ou as institucións financeiras encargadas da operación.

b) Nos rendementos obtidos en transmisións relativas a operacións que non se documenten en títulos, así como nas transmisións encargadas a unha institución financeira, o retedor será o banco, caixa ou entidade que actúe por conta do transmitente.

c) Nos casos non recollidos nos parágrafos anteriores, será obrigatoria a intervención de fedatario público que practicará a correspondente retención.

3. Para proceder ao alleamento ou obtención do reembolso dos títulos ou activos con rendementos implícitos que deban ser obxecto de retención, deberase acreditar a previa adquisición deles con intervención dos fedatarios ou institucións financeiras mencionadas no punto anterior, así como o prezo ao que se realizou a operación.

O emisor ou as institucións financeiras encargadas da operación que, de acordo co parágrafo anterior, non deban efectuar o reembolso ao redor do título ou activo, deberán constituír pola dita cantidade depósito á disposición da autoridade xudicial.

4. Os fedatarios públicos que interveñan ou medien na emisión, subscripción, transmisión, troco, conversión, cancelación e reembolso de efectos públicos, valores ou calquera outro título e activo financeiro, así como en operacións relativas a dereitos reais sobre eles, virán obrigados a lle comunicar tales operacións á Administración tributaria presentando relación nominal de suxei-

tos intervinientes con indicación do seu domicilio e número de identificación fiscal, clase e número dos efectos públicos, valores, títulos e activos, así como do prezo e data da operación, nos prazos e de acordo co modelo que determine o ministro de Facenda.

A mesma obriga recaerá sobre as entidades e establecementos financeiros de crédito, as sociedades e axencias de valores, os demais intermediarios financeiros e calquera persoa física ou xurídica que se dedique con habitualidade á intermediación e colocación de efectos públicos, valores ou calquera outro título de activos financeiros, índices, futuros e opcións sobre eles; incluso os documentos mediante anotacións en conta, respecto das operacións que impliquen, directa ou indirectamente, a captación ou colocación de recursos a través de calquera clase de valores ou efectos.

Así mesmo, estarán suxeitas a esta obriga de información as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo respecto das accións e participacións nas ditas institucións.

As obrigas de información que establece este punto entenderanse cumpridas respecto ás operacións sometidas a retención que nel se mencionan, coa presentación da relación de perceptores, axustada ao modelo oficial do resumo anual de retencións correspondente.

5. Deberáselle comunicar á Administración tributaria a emisión de certificados, xustificantes ou documentos representativos da adquisición de metais ou obxectos preciosos, timbres de valor filatélico ou pezas de valor numismático, polas persoas físicas ou xurídicas que se dediquen con habitualidade á promoción do investimento nos devanditos valores.

6. O disposto nos puntos 2 e 3 anteriores resultará aplicable en relación coa obriga de reter ou de ingresar á conta que se estableza regulamentariamente respecto ás transmisións de activos financeiros de rendemento explícito.

Artigo 103. Importe dos pagamentos á conta.

1. As retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo derivados de relacións laborais ou estatutarias e de pensións e haberes pasivos fixaranse regulamentariamente, tomando como referencia o importe que resultaría de lle aplicar as tarifas á base da retención ou ingreso á conta.

Para determinar a porcentaxe de retención ou ingreso á conta poderanse ter en consideración as circunstancias persoais e familiares e, de ser o caso, as rendas do cónxuxe e as reducións e deducións, así como as retribucións variables previsibles, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Para estes efectos, presumiranse retribucións variables previsibles, como mínimo, as obtidas no ano anterior, salvo que concorran circunstancias que permitan acreditar de maneira obxectiva un importe inferior.

A porcentaxe de retención ou ingreso á conta expresase en números enteiros, con redondeo ao máis próximo.

2. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces, e demais membros doutros órganos representativos, será do 35 por cento. Esta porcentaxe de retención e ingreso á conta reducirase á metade cando se trate de rendementos obtidos en Ceuta ou Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 69.4 desta lei.

3. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares,

ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación, será do 15 por cento. Esta porcentaxe reducirase á metade cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 69.4 desta lei.

4. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do capital mobiliario será do 15 por cento.

Esta porcentaxe reducirase á metade cando se trate de rendementos que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 69.4 desta lei, procedentes de sociedades que operen efectiva e materialmente en Ceuta ou Melilla e con domicilio e obxecto social exclusivo nas ditas cidades.

5. As porcentaxes das retencións e ingresos á conta sobre os rendementos derivados de actividades económicas serán:

a) O 15 por cento, no caso dos rendementos de actividades profesionais establecidos en vía regulamentaria.

Non obstante, aplicarase a porcentaxe do sete por cento, sobre os rendementos de actividades profesionais que se establezan regulamentariamente.

Estas porcentaxes reduciranse á metade cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 69.4 desta lei.

b) O 2 por cento no caso de rendementos procedentes de actividades agrícolas ou gandeiras, salvo no caso das actividades gandeiras de engorda de porcino e avicultura, en que se aplicará o 1 por cento.

c) O 2 por cento no caso de rendementos procedentes de actividades forestais.

6. A porcentaxe de pagamentos á conta sobre as ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo será do 15 por cento. Non se aplicará retención cando non proceda computar a ganancia patrimonial, de acordo co previsto no artigo 95.1.a) desta lei.

7. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os premios que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculadas á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos, será do 15 por cento.

8. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de bens inmobles urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será do 15 por cento.

Esta porcentaxe reducirase á metade cando o inmovible estea situado en Ceuta ou Melilla nos termos previstos no artigo 69.4 desta lei.

9. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes da propiedade intelectual, industrial, da prestación de asistencia técnica, do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas e do subarrendamento sobre os bens anteriores, calquera que sexa a súa cualificación, será do 15 por cento.

10. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe, calquera que sexa a súa cualificación, será o 20 por cento. A porcentaxe de ingreso á conta no suposto previsto no artigo 93.8 desta lei, será do 15 por cento.

11. As porcentaxes dos pagamentos fraccionados que deban practicar os contribuíntes que exerzan actividades económicas serán as seguintes:

a) O 20 por cento, cando se trate de actividades que determinen o rendemento neto polo método de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

b) O catro por cento, cando se trate de actividades que determinen o rendemento neto polo método de estimación obxectiva. A porcentaxe será o tres por cento cando se trate de actividades que teñan soamente unha persoa asalariada, e o dous por cento cando non se dispoña de persoal asalariado.

c) O dous por cento, cando se trate de actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que fose o método de determinación do rendemento neto.

Estas porcentaxes reduciranse á metade, para as actividades económicas que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 69.4 desta lei.

CAPÍTULO III

Liquidacións provisionais

Artigo 104. *Liquidación provisional.*

1. Os órganos de xestión tributaria poderán xirar a liquidación provisional que proceda de conformidade co disposto nos artigos 133 e 139 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Non obstante o previsto no artigo 100.3 desta lei, aos contribuíntes que non teñan que presentar declaración, conforme o artigo 97.2 desta lei, soamente se lles practicará a liquidación provisional de oficio a que se refire o punto anterior, nos seguintes casos:

a) Cando os datos facilitados polo contribuínte ao pagador de rendementos do traballo sexan falsos, incorrectos ou inexactos, téndoselles practicado, como consecuencia, unhas retencións inferiores ás que terían sido procedentes.

Para a práctica desta liquidación provisional soamente se computarán as retencións que se deriven dos datos facilitados polo contribuínte ao pagador.

b) Cando, sen que teña lugar o previsto na alínea a) anterior, a comunicación prevista no artigo 100 desta lei conteña datos falsos, incorrectos ou inexactos ou se omitise algún dos datos que deban figurar naquela.

3. No procedemento de liquidación provisional a que se refire o parágrafo segundo do artigo 100.3 desta lei, non será necesaria a posta de manifesto do expediente para a presentación de alegacións.

4. O disposto nos puntos anteriores entenderase sen prexuízo da posterior comprobación e investigación que poida realizar a Administración tributaria.

Artigo 105. *Devolución de oficio a contribuíntes obrigados a declarar.*

1. Cando a suma das retencións, ingresos á conta e pagamentos fraccionados deste imposto, así como das cotas do imposto sobre a renda de non residentes a que se refire a alínea d) do artigo 80 desta lei e, de ser o caso, da dedución prevista no artigo 83 desta lei, sexa superior ao importe da cota resultante da autoliquidación, a Administración tributaria practicará, se procede, liquidación provisional dentro dos seis meses seguintes ao termo do prazo establecido para a presentación da declaración.

Cando a declaración fose presentada fóra de prazo, os seis meses a que se refire o parágrafo anterior computaranse desde a data da súa presentación.

2. Cando a cota resultante da autoliquidación ou, de ser o caso, da liquidación provisional, sexa inferior á suma das cantidades efectivamente retidas e dos pagamentos á conta deste imposto realizados, así como das cotas do imposto sobre a renda de non residentes a

que se refire a alínea d) do artigo 80 desta lei e, de ser o caso, da dedución prevista no artigo 83 desta lei, a Administración tributaria procederá a devolver de oficio o exceso sobre a citada cota, sen prexuízo da práctica das posteriores liquidacións, provisionais ou definitivas, que procedan.

3. Se a liquidación provisional non se practicou no prazo establecido no punto 1 anterior, a Administración tributaria procederá a devolver de oficio o exceso sobre a cota autoliquidada, sen prexuízo da práctica das liquidacións provisionais ou definitivas posteriores que puidesen resultar procedentes.

4. Transcorrido o prazo establecido no punto 1 deste artigo sen que se ordenase o pagamento da devolución por causa non imputable ao contribuínte, aplicaráselle á cantidade pendente de devolución o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, desde o día seguinte ao do termo do devandito prazo e ata a data en que se ordene o seu pagamento, sen necesidade de que o contribuínte así o reclame.

5. Regulamentariamente determinarase o procedemento e a forma de pagamento da devolución de oficio a que se refire este artigo.

CAPÍTULO IV Obrigas formais

Artigo 106. *Obrigas formais dos contribuíntes.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas estarán obrigados a conservar, durante o prazo de prescrición, os xustificantes e documentos acreditativos das operacións, rendas, gastos, ingresos, reducións e deducións de calquera tipo que deban constar nas súas declaracións.

2. Para efectos desta lei, os contribuíntes que desenvolvan actividades empresariais cuxo rendemento se determine polo método de estimación directa, estarán obrigados a levar contabilidade axustada ao disposto no Código de comercio.

Non obstante, regulamentariamente poderanse exceptuar desta obriga os contribuíntes cuxa actividade empresarial non teña carácter mercantil de acordo co Código de comercio, e aqueles contribuíntes que determinen o seu rendemento neto pola modalidade simplificada do método de estimación directa.

3. Así mesmo, os contribuíntes deste imposto estarán obrigados a levar, na forma en que determine o ministro de Facenda, os libros ou rexistros que regulamentariamente se establezan.

4. Regulamentariamente poderanse establecer obrigas específicas de información de carácter patrimonial, simultáneas á presentación da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre o patrimonio, destinadas ao control das rendas ou da utilización de determinados bens e dereitos dos contribuíntes.

5. Os contribuíntes deste imposto que sexan titulares do patrimonio protexido regulado na Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, deberán presentar unha declaración en que se indique a composición do patrimonio, as achegas recibidas e as disposicións realizadas durante o período impositivo, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Artigo 107. *Obrigas formais do retedor, do obrigado a practicar ingresos á conta e outras obrigas formais.*

1. O suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta deberá presentar, nos prazos, forma e lugares

que se establezan regulamentariamente, declaración das cantidades retidas ou dos pagamentos á conta realizados, ou declaración negativa cando non procedese a súa práctica. Así mesmo, presentará un resumo anual de retencións e ingresos á conta co contido que se determine regulamentariamente.

O suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta estará obrigado a conservar a documentación correspondente e a expedir, nas condicións que regulamentariamente se determinen, certificación acreditativa das retencións ou ingresos á conta efectuados.

Os modelos de declaración correspondentes serán aprobados polo ministro de Facenda.

2. Regulamentariamente poderanse establecer obrigas de subministración de información para as persoas e entidades que desenvolvan ou se encontren nas seguintes operacións ou situacións:

a) Para as entidades prestamistas, en relación aos préstamos hipotecarios concedidos para a adquisición de vivendas.

b) Para as entidades que aboan rendementos do traballo ou do capital non sometidos a retención.

c) Para as entidades e persoas xurídicas que satisfagan premios, mesmo cando teñan a consideración de rendas exentas para efectos do imposto.

d) Para as entidades receptoras de donativos que dean dereito a dedución por este imposto, en relación coa identidade dos doadores, así como os importes recibidos, cando estes solicitasen certificación acreditativa da doazón para efectos da declaración por este imposto.

e) Para a entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, as comunidades autónomas, a Cruz Vermella e a Organización Nacional de Cegos Españóis, respecto aos premios que satisfagan exentos do imposto sobre a renda das persoas físicas.

f) Para as entidades de crédito, en relación ás cantidades depositadas nelas en concepto de contas vivanda e contas aforro-empresa. Para estes efectos, os contribuíntes deberán identificar ante a entidade de crédito as contas destinadas a eses fins.

g) Para o representante designado de acordo co disposto no artigo 86.1 e a disposición adicional décima sétima da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, que actúe en nome da entidade aseguradora que opere en réxime de libre prestación de servizos, en relación coas operacións que se realicen en España.

TÍTULO X

Responsabilidade patrimonial e réxime sancionador

Artigo 108. *Responsabilidade patrimonial do contribuínte.*

As débedas tributarias polo imposto sobre a renda das persoas físicas terán a mesma consideración que as referidas no artigo 1365 do Código civil e, en consecuencia, os bens gananciais responderán directamente fronte á Facenda pública por estas débedas, contraídas por un dos cónxuxes, sen prexuízo do previsto no punto 6 do artigo 86 desta lei para o caso de tributación conxunta.

Artigo 109. *Infraccións e sancións.*

1. As infraccións tributarias neste imposto cualifícanse e sancionaranse conforme o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo das especialidades previstas nesta lei.

2. Constitúe infracción tributaria leve a presentación incorrecta das comunicacións previstas no artigo 100 desta lei. Esta infracción sancionárase con multa pecuniaria fixa de 150 euros.

A sanción imposta de acordo co previsto neste punto reducirase conforme o disposto no punto 3 do artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

TÍTULO XI Orde xurisdiccional

Artigo 110. *Orde xurisdiccional.*

A xurisdición contencioso-administrativa, logo de esgotamento da vía económico-administrativa, será a única competente para dirimir as controversias de feito e de dereito que se susciten entre a Administración tributaria e os contribuíntes, retedores e demais obrigados tributarios en relación con calquera das cuestións a que se refire esta lei.

Disposición adicional primeira. *Dereito de rescate nos contratos de seguro colectivo que instrumentan os compromisos por pensións asumidos polas empresas, nos termos previstos na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.*

A renda que se poña de manifesto como consecuencia do exercicio do dereito de rescate dos contratos de seguro colectivo que instrumenten compromisos por pensións, nos termos previstos na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, non estará suxeita ao imposto sobre a renda das persoas físicas do titular dos recursos económicos que en cada caso corresponda, nos seguintes supostos:

a) Para a integración total ou parcial dos compromisos instrumentados na póliza noutro contrato de seguro que cumpra os requisitos da citada disposición adicional primeira.

b) Para a integración noutro contrato de seguro colectivo, dos dereitos que lle correspondan ao traballador segundo o contrato de seguro orixinal no caso de cesamento da relación laboral.

Os supostos establecidos nas alíneas a) e b) anteriores non alterarán a natureza das primas respecto da súa imputación fiscal por parte da empresa, nin o cómputo da antigüidade das primas satisfeitas no contrato de seguro orixinal. Non obstante, no suposto establecido na alínea b) anterior, se as primas non foron imputadas, a empresa poderaas deducir con ocasión desta mobilización.

Tampouco quedará suxeita ao imposto sobre a renda das persoas físicas a renda que se poña de manifesto como consecuencia da participación en beneficios dos contratos de seguro que instrumenten compromisos por pensións de acordo co previsto na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións cando a dita participación en beneficios se destine ao aumento das prestacións aseguradas neses contratos.

Disposición adicional segunda. *Retribucións en especie.*

Non terán a consideración de retribucións en especie os préstamos con tipo de xuro inferior ao legal do diñeiro concertados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1992 e cuxo principal fose posto á disposición do prestameiro tamén con anterioridade á dita data.

Disposición adicional terceira. *Integración dos impostos sobre sociedades e sobre a renda das persoas físicas.*

Os dividendos ou participacións en beneficios correspondentes a rendementos bonificados de acordo co previsto no artigo 2 da Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, ou no artigo 19 da Lei foral 12/1993, do 15 de novembro, ou na disposición adicional quinta da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, ou procedan de entidades ás cales lles sexa aplicable a exención prevista na normas forais 5/1993, do 24 de xuño, de Bizkaia; 11/1993, do 26 de xuño, de Gipuzkoa, e 18/1993, do 5 de xullo, de Araba, non darán dereito á dedución prevista no artigo 81 desta lei. Na base imponible do citado imposto integrarase o 100 por cento dos ditos dividendos e participacións en beneficios.

En caso de distribución de reservas polas entidades a que se refire o parágrafo anterior, atenderase á designación contida no acordo social, entendéndose aplicadas as primeiras cantidades aboadas ás ditas reservas.

Disposición adicional cuarta. *Rendas forestais.*

Non se integrarán na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas as subvencións concedidas aos que exploten predios forestais xestionados de acordo con plans técnicos de xestión forestal, ordenación de montes, plans dasocráticos ou plans de repoboación forestal aprobadas pola Administración forestal competente, sempre que o período de produción medio, segundo a especie de que se trate, determinado en cada caso pola Administración forestal competente, sexa igual ou superior a 20 anos.

O Goberno desenvolverá un método de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas para a determinación do rendemento neto derivado das explotacións forestais que cumpran os requisitos sinalados no parágrafo anterior.

Disposición adicional quinta. *Subvencións da política agraria comunitaria e axudas públicas.*

1. Non se integrarán na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas as rendas positivas que se poñan de manifesto como consecuencia:

a) Da percepción das seguintes axudas da política agraria comunitaria:

- 1.º Abandono definitivo do cultivo do viñedo.
- 2.º Prima á arrinca de plantacións de maceiras.
- 3.º Prima á arrinca de bananeiras.
- 4.º Abandono definitivo da produción leiteira.
- 5.º Abandono definitivo do cultivo de peras, pexegos e nectarinas.
- 6.º Arrinca de plantacións de peras, pexegos e nectarinas.

b) Da percepción das seguintes axudas da política pesqueira comunitaria: abandono definitivo da actividade pesqueira.

c) Da percepción de axudas públicas que teñan por obxecto reparar a destrución, por incendio, inundación ou afundimento de elementos patrimoniais afectos ao exercicio de actividades económicas.

d) Da percepción das axudas ao abandono da actividade de transporte por estrada satisfeitas polo Ministerio de Fomento a transportistas que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora da concesión das ditas axudas.

e) Da percepción de indemnizacións públicas, por mor do sacrificio obrigatorio do gando, no marco de actuacións destinadas á erradicación de epidemias ou enfermidades.

Esta disposición soamente afectará os animais destinados á reprodución.

2. Para calcular a renda que non se integrará na base imponible terase en conta tanto o importe das axudas percibidas como as perdas patrimoniais que, de ser o caso, se produzan nos elementos afectos ás actividades. Cando o importe destas axudas sexa inferior ao das perdas producidas nos citados elementos, poderase integrar na base imponible a diferenza negativa. Cando non existan perdas, soamente se excluírá de gravame o importe das axudas.

Disposición adicional sexta. *Beneficios fiscais especiais aplicables en actividades agrarias.*

Os agricultores mozos ou asalariados agrarios que determinen o rendemento neto da súa actividade mediante o réxime de estimación obxectiva, poderán reducir o correspondente á súa actividade agraria nun 25 por cento durante os períodos impositivos pechados durante os cinco anos seguintes á súa primeira instalación como titulares dunha explotación prioritaria, realizada ao abeiro do previsto no capítulo IV do título I da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, sempre que acrediten a realización dun plan de mellora da explotación.

O rendemento neto a que se refire o parágrafo anterior será o resultante exclusivamente da aplicación das normas que regulan o réxime de estimación obxectiva.

Esta redución terase en conta para efectos de determinar a contía dos pagamentos fraccionados que se deban efectuar.

Disposición adicional sétima. *Tributación de determinadas rendas obtidas por contribuíntes que desenvolvan a actividade de transporte por autotaxi.*

O rendemento obtido polos suxeitos pasivos de alta no epígrafe 721.2 da sección 1.^a das tarifas do imposto sobre actividades económicas, pola transmisión de activos fixos inmateriais nos casos de falecemento, incapacidade permanente, xubilación, cesamento de actividade por reestruturación do sector e transmisión a familiares ata o segundo grao, quedará incluído no rendemento neto resultante da aplicación da modalidade de signos, índices ou módulos do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas. Regulamentariamente desenvolverase a aplicación deste precepto.

Disposición adicional oitava. *Transmisións de valores ou participacións non admitidas a negociación con posterioridade a unha redución de capital.*

1. Cando, con anterioridade á transmisión de valores ou participacións non admitidos a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores españois, se producese unha redución do capital instrumentada mediante unha diminución do valor nominal que non afecte por igual todos os valores ou participacións en circulación do contribuínte, aplicaranse as regras previstas na sección 4.^a do capítulo I do título II desta lei, coas seguintes especialidades:

1.º Considerarase como valor de transmisión o que correspondería en función do valor nominal que resulte da aplicación do previsto no artigo 31.3. a) desta lei.

2.º No caso de que o contribuínte non tivese transmitido a totalidade dos seus valores ou participacións, a diferenza positiva entre o valor de transmisión correspondente ao valor nominal dos valores ou participacións efectivamente transmitidos e o valor de transmisión, a que se refire o parágrafo anterior, minorarase do valor de adquisición dos restantes valores ou participacións homoxéneos, ata a súa anulación. O exceso que puidese resultar tributará como ganancia patrimonial.

2. As normas previstas no punto anterior serán de aplicación no suposto de transmisións de valores ou participacións no capital de sociedades patrimoniais.

Disposición adicional novena. *Mutualidades de traballadores por conta allea.*

Poderán reducir a base imponible, nos termos previstos no artigo 60 desta lei, as cantidades aboadas en virtude de contratos de seguro, concertados por mutualidades de previsión social por traballadores por conta allea como sistema complementario de pensións, cando previamente, durante polo menos un ano nos termos que se fixen regulamentariamente, estes mesmos mutualistas realizasen achegas a estas mesmas mutualidades, de acordo co previsto na disposición transitoria quinta e a disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión de seguros privados, e sempre e cando exista un acordo dos órganos correspondentes da mutualidade que soamente permita cobrar as prestacións cando concorran as mesmas contingencias previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Disposición adicional décima. *Plans de pensións, mutualidades de previsión social e plans de previsión asegurados constituídos a favor de persoas con minusvalidez.*

Cando se realicen achegas a plans de pensións a favor de persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento, a estes resultaralles aplicable o réxime financeiro dos plans de pensións, regulado no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións coas seguintes especialidades:

1. Poderán efectuar achegas ao plan de pensións tanto o propio minusválido partícipe como as persoas que teñan con el unha relación de parentesco en liña directa ou colateral ata o terceiro grao inclusive, así como o cónxuxe ou aqueles que os tivesen ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento.

Nestes últimos supostos, as persoas con minusvalidez deberán ser designadas beneficiarias de maneira única e irrevogable para calquera contingencia.

Non obstante, a contingencia de morte do minusválido poderá xerar dereito a prestacións de viuvez, orfandade ou a favor dos que realizasen achegas ao plan de pensións do minusválido en proporción á achega destes.

2. Como límite máximo das achegas, para efectos do previsto no artigo 5.3 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aplicaranse as seguintes contías:

a) As achegas anuais máximas realizadas polas persoas minusválidas partícipes non poderán exceder a cantidade de 24.250 euros.

b) As achegas anuais máximas realizadas por cada partícipe a favor de persoas con minusvalidez ligadas por relación de parentesco non poderán exceder a cantidade de 8.000 euros. Iso sen prexuízo das achegas que poida realizar ao seu propio plan de pensións, de

acordo co límite previsto no artigo 5.3 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

c) As achegas anuais máximas a plans de pensións realizadas a favor dunha persoa con minusvalidez, incluíndo as súas propias achegas, non poderán exceder a cantidade de 24.250 euros.

A inobservancia destes límites de achega será obxecto da sanción prevista no artigo 36.4 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. Para estes efectos, cando concorran varias achegas a favor do minusválido, entenderase que o límite de 24.250 euros se cobre, primeiro, coas achegas do propio minusválido, e cando estas non superen o dito límite, coas restantes achegas en proporción á súa contía.

A aceptación de achegas a un plan de pensións, a nome dun mesmo beneficiario minusválido, por riba do límite de 24.250 euros anuais, terá a consideración de infracción moi grave, nos termos previstos no artigo 35.3.n) do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

3. As prestacións do plan de pensións deberán ser en forma de renda, salvo que, por circunstancias excepcionais, e nos termos e condicións que regulamentariamente se establezan, se poidan percibir en forma de capital.

4. Regulamentariamente poderanse establecer especificacións en relación coas continxencias polas que se poden satisfacer as prestacións, ás que se refire o artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

5. Regulamentariamente determinaranse os supostos nos cales se poderán facer efectivos os dereitos consolidados no plan de pensións por parte das persoas con minusvalidez, de acordo co previsto no artigo 8.8 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

6. O réxime regulado nesta disposición adicional será de aplicación ás achegas e prestacións realizadas ou percibidas de mutualidades de previsión social e de plans de previsión asegurados a favor de minusválidos que cumpran os requisitos previstos nos anteriores puntos e os que se establezan regulamentariamente. En tal caso, os límites establecidos serán conxuntos para as achegas a plans de pensións, a plans de previsión asegurados e a mutualidades de previsión social.

Disposición adicional décimo primeira. *Mutualidade de previsión social de deportistas profesionais.*

Un. Os deportistas profesionais e de alto nivel poderán realizar achegas á mutualidade de previsión social a prima fixa de deportistas profesionais, coas seguintes especialidades:

1. **Ámbito subxectivo.** Consideraranse deportistas profesionais os incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 1006/1985, do 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral especial dos deportistas profesionais. Consideraranse deportistas de alto nivel os incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 1467/1997, do 19 de setembro, sobre deportistas de alto nivel.

A condición de mutualista e asegurado recaerá, en todo caso, no deportista profesional ou de alto nivel.

2. **Achegas.** Non poderán exceder as achegas anuais a cantidade que se estableza para partícipes de 65 anos ou máis nos artigos 5.3.a) do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións e 60.5.a) desta lei, incluíndo as que fosen imputadas polos promotores en concepto de rendementos do traballo cando se efectúen estas últimas de acordo co previsto na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Non se admitirán achegas unha vez que finalice a vida laboral como deportista profesional ou se produza a perda da condición de deportista de alto nivel nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente.

3. **Continxencias.** As continxencias que poden ser obxecto de cobertura son as previstas para os plans de pensións no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

4. **Disposición de dereitos consolidados.** Os dereitos consolidados dos mutualistas soamente se poderán facer efectivos nos supostos previstos no artigo 8.8 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións e, adicionalmente, unha vez transcorrido un ano desde que finalice a vida laboral dos deportistas profesionais ou desde que se perda a condición de deportistas de alto nivel.

5. **Réxime fiscal:**

a) As achegas, directas ou imputadas, que cumpran os requisitos anteriores poderán ser obxecto de redución na parte xeral da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, co límite da suma dos rendementos netos do traballo e de actividades económicas percibidos individualmente no exercicio e ata un importe máximo de 24.250 euros.

b) A disposición dos dereitos consolidados en supostos distintos aos mencionados no punto 4 anterior determinará a obriga para o contribuínte de repor na base imponible as reducións indebidamente realizadas, coa práctica das declaracións-liquidacións complementarias, que incluírán os xuros de demora. Pola súa vez, as cantidades percibidas pola disposición anticipada dos dereitos consolidados tributarán como rendementos do capital mobiliario, salvo que proveñan de contratos de seguro a que se refire a disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, en cuxo caso tributarán como rendementos do traballo.

c) As prestacións percibidas, así como a percepción dos dereitos consolidados nos supostos previstos no punto 4 anterior, tributarán na súa integridade como rendementos do traballo.

Dous. Con independencia do réxime previsto no punto anterior, os deportistas profesionais e de alto nivel, aínda que finalizasen a súa vida laboral como tales ou perdesen esta condición, poderán realizar achegas á mutualidade de previsión social de deportistas profesionais.

Tales achegas poderán ser obxecto de redución na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas na parte que teña por obxecto a cobertura das continxencias previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, sempre que cumpran os requisitos subxectivos previstos no punto 2 do artigo 60 desta lei.

Como límite máximo conxunto de redución destas achegas aplicarase o que establece o punto 4 do artigo 60 desta lei, para as achegas a plans de pensións, ás mutualidades de previsión social e aos plans de previsión asegurados.

Disposición adicional décimo segunda. *Recurso cameral permanente.*

A exacción do recurso cameral permanente a que se refire a alínea b) do punto 1 do artigo 12 da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, xirase sobre os rendementos comprendidos na sección 3.^a do capítulo I do título II desta lei, cando deriven de actividades incluídas no artigo 6 da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.

Disposición adicional décimo terceira. *Obrigas de información.*

1. Regulamentariamente poderanse establecer obrigas de subministración de información ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, ás entidades comercializadoras en territorio español de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, e ao representante designado de acordo co disposto no artigo 55.7 e a disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, que actúe en nome da xestora que opere en réxime de libre prestación de servizos, en relación coas operacións sobre accións ou participacións das ditas institucións, incluída a información de que dispoñan relativa ao resultado das operacións de compra e venda daquelas.

2. Os contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas ou polo imposto sobre sociedades deberán subministrar información, nos termos que regulamentariamente se establezan, en relación coas operacións, situacións, cobramentos e pagamentos que efectúen ou se deriven da tenza de valores ou bens relacionados, directa ou indirectamente, con países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais.

3. Regulamentariamente poderanse establecer obrigas de subministración de información nos seguintes supostos:

a) Ás entidades aseguradoras, respecto dos plans de previsión asegurados que comercialicen, a que se refire o artigo 60 desta lei.

b) Á Seguridade Social e ás mutualidades, respecto das cotizacións e cotas devengadas en relación cos seus afiliados ou mutualistas.

c) Ao Rexistro Civil, respecto dos datos de nacementos, adopcións e falecementos.

4. Os bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito e cantas persoas físicas ou xurídicas se dediquen ao tráfico bancario ou crediticio, estarán obrigados, nas condicións que regulamentariamente se establezan, a lle subministrar á Administración tributaria a identificación da totalidade das contas abertas nas ditas entidades ou postas por elas á disposición de terceiros, con independencia da modalidade ou denominación que adopten, mesmo cando non se tivese procedido á práctica de retencións ou ingresos á conta. Esta subministración comprenderá a identificación dos titulares, autorizados ou calquera beneficiario das devanditas contas.

5. As persoas que, de acordo co disposto nos artigos 3 e 4 da Lei de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, interveñan na formalización das achegas aos patrimonios protexidos, deberán presentar unha declaración sobre as citadas achegas nos termos que regulamentariamente se establezan. A declaración efectuarase no lugar, forma e prazo que estableza o ministro de Facenda.

Disposición adicional décimo cuarta. *Captación de datos.*

O ministro de Facenda, logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos no que resulte procedente, proporalle ao Goberno as medidas precisas para asegurar a captación de datos existentes en calquera clase de rexistro público ou rexistro das administracións públicas, que sexan precisos para a xestión e o control do imposto.

Disposición adicional décimo quinta. *Rendas pendentes de imputación.*

Esta lei será tamén de aplicación ás rendas que correspondese imputar a partir da entrada en vigor dela conforme os criterios de imputación temporal da Lei 18/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre a renda das persoas físicas e as súas normas de desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Prestacións recibidas de expedientes de regulación de emprego.*

Ás cantidades percibidas a partir do 1 de xaneiro de 2001 por beneficiarios de contratos de seguro concertados para lle dar cumprimento ao disposto na disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións que instrumenten as prestacións derivadas de expedientes de regulación de emprego, que con anterioridade á celebración do contrato se fixesen efectivas con cargo a fondos internos, e ás cales lles resultase de aplicación a redución establecida no artigo 17.2.a) da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, aplicarán a redución establecida no artigo 17.2.a) desta lei, sen que para estes efectos a celebración de tales contratos altere o cálculo do período de xeración de tales prestacións.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio aplicable ás mutualidades de previsión social.*

1. As prestacións por xubilación e invalidez derivadas de contratos de seguro concertados con mutualidades de previsión social cuxas achegas, realizadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, fosen obxecto de minoración polo menos en parte na base imponible, deberanse integrar na base imponible do imposto en concepto de rendementos do traballo.

2. A integración farase na medida en que a contía percibida exceda das achegas realizadas á mutualidade que non puidesen ser obxecto de redución ou minoración na base imponible do imposto de acordo coa lexislación vixente en cada momento e, por tanto, tributasen previamente.

3. Se non se puidese acreditar a contía das achegas que non puidesen ser obxecto de redución ou minoración na base imponible, integrarase o 75 por cento das prestacións por xubilación ou invalidez percibidas.

Disposición transitoria terceira. *Contratos de arrendamento anteriores ao 9 de maio de 1985.*

Na determinación dos rendementos do capital inmobiliario derivados de contratos de arrendamento celebrados con anterioridade ao 9 de maio de 1985, que non desfruten do dereito á revisión da renda do contrato en virtude da aplicación da regra 7.^a do punto 11 da disposición transitoria segunda da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, incluírase adicionalmente, como gasto deducible, mentres subsista esta situación e en concepto de compensación, a cantidade que corresponda á amortización do inmovible.



BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIV



XOVES 1 DE ABRIL DE 2004



SUPLEMENTO NÚM. 5 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

Disposición transitoria cuarta. *Tributación de determinados valores de débeda pública.*

Os rendementos derivados da transmisión, amortización ou reembolso de valores da débeda pública, adquiridos con anterioridade ao 31 de decembro de 1996 e que segundo o previsto na Lei 18/1991, do 6 de xuño, xerases incrementos de patrimonio, integraranse na parte especial da base imponible, sen que sexan de aplicación as reducións previstas no artigo 24.2 desta lei.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio dos contratos de seguro de vida xeradores de incrementos ou diminucións de patrimonio con anterioridade á entrada en vigor da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.*

Cando se perciba un capital diferido, á parte de prestación correspondente a primas satisfeitas con anterioridade ao 31 de decembro de 1994, resultaralle aplicable as porcentaxes de redución establecida na disposición transitoria oitava da Lei 18/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre a renda das persoas físicas, unha vez calculado o rendimento de acordo co establecido nos



MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA

artigos 23, 24 e 94 desta lei, excluído o previsto no último parágrafo do punto 2.b) deste artigo 94.

Disposición transitoria sexta. *Réxime fiscal de determinados contratos de seguros novos.*

A redución do 75 por cento prevista no último parágrafo do artigo 94.2.b) desta lei soamente será de aplicación aos contratos de seguros concertados desde o 31 de decembro de 1994.

Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio aplicable ás rendas vitalicias e temporais.*

1. Para determinar a parte das rendas vitalicias e temporais, inmediatas ou diferidas, que se considera rendemento do capital mobiliario, resultarán aplicables exclusivamente as porcentaxes establecidas polo artigo 23.3.b) e c) desta lei, ás prestacións en forma de renda que se perciban a partir da entrada en vigor desta lei, se a constitución das rendas se produciu con anterioridade á entrada en vigor da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

As ditas porcentaxes resultarán aplicables en función da idade que tivese o perceptor no momento da constitución da renda no caso de rendas vitalicias ou en función da total duración da renda de se tratar de rendas temporais.

2. De se acudir ao rescate de rendas vitalicias ou temporais cuxa constitución se tivese producido con anterioridade á entrada en vigor da citada lei, para o cálculo do rendemento do capital mobiliario producido con motivo do rescate restarase a rendibilidade obtida ata a data de constitución da renda.

Disposición transitoria oitava. *Exención por reinvestimento no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

As rendas acollidas á exención por reinvestimento prevista no artigo 127 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, na redacción vixente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999, regularanse polo establecido nel, mesmo cando o reinvestimento se produza en períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 1999.

Disposición transitoria novena. *Ganancias patrimoniais derivadas de elementos adquiridos con anterioridade ao 31 de decembro de 1994.*

As ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de elementos patrimoniais non afectos a actividades económicas, adquiridos antes do 31 de decembro de 1994, reduciranse de acordo co establecido nas regras 2.^a e 4.^a do punto 2 da disposición transitoria oitava da Lei 18/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para estes efectos, consideraranse elementos patrimoniais non afectos a actividades económicas aqueles en que a desafectación destas actividades se producise con máis de tres anos de antelación á data de transmisión.

Disposición transitoria décima. *Partidas pendentes de compensación.*

1. Os rendementos irregulares negativos procedentes do período impositivo 1998 que se encontren pendentes de compensación na data de entrada en vigor da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre

a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, compensaranse unicamente co saldo positivo dos rendementos e as imputacións de renda a que se refire o artigo 39.a) desta lei.

2. As diminucións patrimoniais netas procedentes do período impositivo 1998 que se encontren pendentes de compensación na data de entrada en vigor da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, compensaranse unicamente co saldo das ganancias e perdas patrimoniais a que se refire o artigo 40 desta lei.

3. A base liquidable regular negativa do período impositivo 1998 que se encontre pendente de compensación na data de entrada en vigor da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, compensarase unicamente co saldo positivo da base liquidable xeral prevista no artigo 50 desta lei.

Disposición transitoria décimo primeira. *Réxime aplicable ás perdas patrimoniais pendentes de compensar no imposto sobre a renda das persoas físicas, xeradas entre un e dous anos.*

As perdas patrimoniais a que se refire o artigo 38.b) da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, na redacción vixente ata o 31 de decembro de 2002, correspondentes ao período impositivo 1999 que se encontren pendentes de compensación en 1 de xaneiro de 2000 e que se tivesen posto de manifesto con ocasión da transmisión de elementos patrimoniais adquiridos ou de melloras realizadas neles, con máis dun ano e ata dous anos de antelación á data de transmisión, compensaranse de acordo co previsto no artigo 39.b) desta lei.

Disposición transitoria décimo segunda. *Valor fiscal das institucións de investimento colectivo constituídas en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais.*

1. Para os efectos de calcular o exceso do valor liquidativo a que fai referencia o artigo 96 desta lei, tomarase como valor de adquisición o valor liquidativo o primeiro día do primeiro período impositivo ao que lle sexa de aplicación a Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, respecto das participacións e accións que nel posúa o contribuínte. A diferenza entre este valor e o valor efectivo de adquisición non se tomará como valor de adquisición para os efectos da determinación das rendas derivadas da transmisión ou reembolso das accións ou participacións.

2. Os dividendos e participacións en beneficios distribuídos polas institucións de investimento colectivo, que procedan de beneficios obtidos con anterioridade á entrada en vigor da Lei 40/1998, integraranse na base imponible dos socios ou partícipes deles. Para estes efectos, entenderase que as primeiras reservas distribuídas foron dotadas cos primeiros beneficios gañados.

Disposición transitoria décimo terceira. *Compensacións por deducións en adquisición e arrendamento de vivenda.*

1. A Lei de orzamentos xerais do Estado determinará o procedemento e as condicións para a percepción de compensacións económicas nos seguintes supostos:

a) Os contribuíntes que adquirisen a súa vivenda habitual con anterioridade ao 4 de maio de 1998 e tive-

sen dereito á dedución por adquisición de vivenda, no suposto de que a aplicación do réxime establecido nesta lei para a dita dedución lle resulte menos favorable que o regulado na Lei 18/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Os contribuíntes con dereito á dedución por aluguer de vivenda por razón de contrato de antigüidade anterior ao 24 de abril de 1998, no caso de que esta lei lles resulte menos favorable que a Lei 18/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre a renda das persoas físicas, como consecuencia da non aplicación da mencionada dedución por aluguer, sempre que manteña o sistema de arrendamento para a súa vivenda habitual.

2. As compensacións económicas satisfaranse logo de solicitude do contribuínte, dentro dos seis meses seguintes a aquel en que finalice o prazo para presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

Disposición transitoria décimo cuarta. *Sociedades transparentes.*

No que afecte os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas será de aplicación o establecido nas disposicións transitorias décimo quinta e décimo sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para a Lei de orzamentos xerais do Estado.*

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá modificar, de conformidade co previsto no punto 7 do artigo 134 da Constitución española:

- a) A escala e os tipos do imposto e as deducións na cota.
- b) Os demais límites cuantitativos e porcentaxes fixas establecidos nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

O Goberno ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

(Este real decreto lexislativo inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 61, do 11 de marzo de 2004.)

4456 REAL DECRETO LEXISLATIVO 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades. («BOE» 61, do 11-3-2004, e «BOE» 73, do 25-3-2004.)

I

A disposición adicional cuarta da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as Leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non-residentes, na redacción dada pola disposición derradeira décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece que o Goberno elaborará e aprobará no prazo de 15 meses a partir da entrada en vigor desta lei os textos refundidos do imposto sobre a renda das

persoas físicas, do imposto sobre a renda de non-residentes e do imposto sobre sociedades.

Esta delegación lexislativa ten o alcance máis limitado dos previstos no número 5 do artigo 82 da Constitución, xa que se circunscribe á mera formulación dun texto único e non inclúe unha autorización para regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que teñen que ser refundidos.

Esta habilitación ten por finalidade incrementar a claridade do sistema tributario mediante a integración nun único corpo normativo das disposicións que afectan estes tributos, contribuíndo con isto a mellorar a seguridade xurídica da Administración tributaria e dos contribuíntes.

En exercicio de tal autorización, elabórase este real decreto lexislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

II

A Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, publicada no «Boletín Oficial del Estado» o 28 de decembro de 1995, tivo como causas principais as reformas da lexislación mercantil e do imposto sobre a renda das persoas físicas levadas a cabo en anos anteriores, así como a apertura da nosa economía aos fluxos transfronteirizos de capitais e a evolución dos sistemas tributarios nos países do noso contorno.

A Lei 43/1995, do 27 de decembro, desde a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 1996, experimentou importantes modificacións, entre as que cabe destacar as introducidas polas seguintes normas:

a) A Lei 10/1996, do 18 de decembro, de medidas fiscais urxentes sobre corrección da dobre imposición interna intersocietaria e sobre incentivos á internacionalización das empresas, que estableceu o novo réxime de dedución por dobre imposición interna regulado no artigo 28 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, así como o réxime xurídico do tributo que gravou as revalorizacións realizadas ao abeiro do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

b) As Leis 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e 41/1998, do 9 de decembro, de imposto sobre a renda de non-residentes e normas tributarias. Estas normas supuxeron a regulación separada da tributación dos non-residentes respecto das persoas físicas e xurídicas residentes en España.

c) A Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, que estableceu a non-integración na base impositiva das rendas correspondentes ao prestamista en determinadas operacións de préstamo de valores, ampliou o prazo para o cómputo das deducións para evitar a dobre imposición internacional e estableceu a non-retención dos rendementos derivados da distribución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capital.

d) A Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que modificou, entre outros aspectos do imposto, o tratamento da tributación dos beneficios extraordinarios e do réxime de consolidación fiscal.

e) A mencionada Lei 46/2002, do 18 de decembro, que suprimiu o réxime de transparencia fiscal interna e creou o réxime das sociedades patrimoniais.

f) A Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, que estableceu o réxime fiscal de entidades dedicadas ao arrendamento de vivendas.

g) E, finalmente, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social,